

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

No salón de sesións do Pazo Provincial da Deputación de Ourense, ás dez horas do día vinte e seis de outubro de dous mil dezaoto, reúnese o Pleno da Corporación Provincial, baixo a presidencia de don José Manuel Baltar Blanco, presidente da Deputación, co fin de realizar a sesión ordinaria da Deputación Provincial en primeira convocatoria, constituíndose a Corporación cos deputados don Rosendo Luís Fernández Fernández, don Jorge Pumar Tesouro, don Plácido Álvarez Dobaño, don Pablo Pérez Pérez, dona Montserrat Lama Nóvoa, don Manuel Doval Soto, don Antonio Montero Fernández, dona Ana M.<sup>a</sup> Villarino Pardo, dona Consuelo Vispo Seara, don Juan Anta Rodríguez, don José Antonio Feijóo Alonso, don Miguel Antonio Cid Álvarez e dona M.<sup>a</sup> Teresa Cerdeira Valiñas, do Grupo Popular; don Francisco José Fraga Civeira, don Miguel Bautista Carballo, don José Ignacio Gómez Pérez, dona Elvira Lama Fernández, dona Isabel Gil Álvarez, dona Susana Rodríguez Rodríguez, don Vicente Gómez García e don Adolfo González Nóvoa, do Grupo do PSdeG - PSOE; don Gonzalo Pérez Jácome e don Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana; e don Ramiro Rodríguez Suárez, do Grupo do BNG.

Actúa como interventora dona Mónica Legaspi Díaz. Dá fe do acto o secretario xeral da Corporación, don Francisco Cacharro Gosende.

O deputado de Democracia Ourensana, don Gonzalo Pérez Jácome, estivo ausente na votación do punto sexto da orde do día.

O deputado do Grupo Socialista, don Miguel Bautista Carballo, estivo ausente na votación do punto sexto da orde do día.

O deputado do Grupo Socialista, don José Ignacio Gómez Pérez, estivo ausente na votación do punto oitavo da orde do día.

O deputado do Grupo Popular, don Plácido Álvarez Dobaño, ausentouse do salón de sesións despois da votación do punto oitavo e non regresou.

Seguidamente, iniciouse o tratamento dos asuntos incluídos na orde do día, do xeito que se reflicte a continuación e que está dispoñible integramente no portal de vídeo acta da Deputación Provincial de Ourense, no seguinte enlace: [videoacta.depourense.es](http://videoacta.depourense.es)

**1º.- ACTA DA SESIÓN ANTERIOR, CORRESPONDENTE Á ORDINARIA DO DÍA 28 DE SETEMBRO DE 2018.-**

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

A Presidencia preguntalles aos membros asistentes se existe algunha observación que formular ao borrador da acta da sesión anterior, correspondente á ordinaria do día 28 de setembro de 2018, que foi distribuído coa convocatoria da sesión.

Non se formulan observacións e a acta do 28 de setembro de 2018 é aprobada por unanimidade.

**2º.- EXPEDIENTE DE MODIFICACIÓN ORZAMENTARIA POR CRÉDITO EXTRAORDINARIO E DAS BASES DE EXECUCIÓN N.º 5/2018.-**

A Sra. interventora expón o contido do ditame favorable da comisión informativa Especial de Contas e de Facenda e Economía.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** moitas grazas señor presidente. bo día a todas e a todos. Nós vamos a votar en contra, porque isto é unha concreción de algo que xa estaba previsto no orzamento que é un paso máis nesa subvención nominativa que se lle vai a dar a Abanca, ao que xa votamos en contra. Entón, en función disto e para manter o criterio que xa tiñamos, vamos a votar en contra. Moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** sí, buenos días. Democracia Orensana votará también en contra porque nos parece que es una tomadura de pelo que, habiéndose perpetrado - nosotros creemos que lo es - una de las mayores estafas, al pueblo gallego como es con el tema de Abanca, una banca que, de 8.000 millones, se vendió en 1.000 millones y nosotros aquí teníamos unos activos (ya se arrastraba de Caixa Ourense) donde la familia Baltar liquidó todo el patrimonio que teníamos en Caixa Ourense, cediéndolo para que se formara, primero la fusión de la banca del sur, después se unió a la otra banca y, entonces, ya perdimos todo el patrimonio que teníamos en Caixa Ourense (había costado años y años y años, de fondos de cantidad personas que tenían ahí sus ahorros) y que al final acabó pagando el Estado; pero también Caixa Ourense tenía un patrimonio que era de los orensanos, cantidad de locales, cantidad de propiedades... Al final eso se lo acabó llevando una persona de Venezuela por cuatro duros, en la crisis del 2008. Primero ya la sumisión que hubo con el patrimonio orensano, ya con Fraga, cuando se fusionaron las cajas con el padre, aquí, del actual heredero de la Diputación, el señor Baltar, fue un auténtico robo. Al final decimos que es una auténtica estafa porque, de 8.000 millones de euros que valía Abanca, al final se acabó vendiendo por

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

1.000 millones de euros. Hablamos de 7.000 millones de beneficio. Ese desfase lo pagó el pueblo español, el Estado español, pero el patrimonio que teníamos los gallegos, que era de titularidad pública, pues obviamente todo eso desapareció. Ahora no nos vengan aquí, que aún encima le tengamos que dar 200.000€ para supuestas ayudas a cursos y *trapalladas* de empresarios que, al final, nunca cuajan y sigue siendo seguir chupando del bote. Tenemos, por ejemplo, aquí que el otro día Democracia Orensana ya dijo que le hemos pagado a *La Región* 110.000 o 105.000 euros por hacer los foros, que son una serie de conferencias, y ¿para qué son los foros de *La Región*? Son para estas historias que vienen aquí (*o señor Pérez Jácome exhibe un exemplar do diario La Región*), como sale aquí en *La Región*, con todos los comensales (ahí vemos todos los comensales, en el periódico de ayer, jueves 25), aquí tienen todas las páginas de *La Región* de toda la gente que fue a papar. Aquí sale, además, un recopilatorio con todas las mesas de todas las personas. Para esto vale el Foro de *La Región*, para que vayan unas personas a cenar, a pasarlo pipa, a darle de comer solomillo con buenas salsas, buenos postres, buenos vinos... y en esto se gasta el dinero público, en que unos jetas, que están aquí, que organizan esto (muchos de los que van no tienen culpa porque son invitados, obviamente muchos de los que van son invitados y qué van a hacer) sirve para que estas personas que están aquí se lo pasen pipa con el dinero público y es para lo que vale el tema de Abanca. Este dinero que hoy queremos dar aquí se disfraza como ayudas empresariales y no sé qué y, al final, la realidad es que el trabajo en Ourense no hay y la gente tiene que emigrar. Todas las iniciativas públicas para generar empleo, lo único que hacen es consumir recursos; pero aquí empleo no se genera.

**D. Francisco Javier Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista:** moi bos días, moitas grazas señor presidente. Non me vou estender moito porque para reproducir o que xa dixeron os voceiros que me antecederon no uso da palabra, aínda que non sexa o mesmo que ía dicir, si algo semellante e como tamén se trata dunha modificación orzamentaria, votamos en contra do orzamento no seu momento. Non se trata dunha modificación substancial que faga que o orzamento fose como nós quixéramos; entón o normal, o obvio e o acaído é que votemos en contra, por iso anuncio o noso voto en contra

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** grazas señor presidente. Bos días señoras deputadas, señores deputados e demais persoas que nos están a seguir neste Pleno. Sen entrar nas consideracións, máis ou menos simpáticas, ás que nos ten

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

acostumados o señor Pérez Jácome, eu centrareime no punto da orde do día que é como debe ser. Debo recordarlles que este acordo é, nin máis nin menos, que a consecuencia inmediata do protocolo asinado polo presidente desta Deputación e o presidente de Afundación e de Abanca, don Miguel Ángel Escotet Álvarez, o día 2 de xullo pasado. Entre outras cousas, o protocolo di o seguinte, e vou a ler textualmente porque, non sei a día de hoxe, pero na pasada comisión informativa previa a este Pleno deume a impresión de que había bastante descoñecemento do contido desta iniciativa – unha máis, unha máis - promovida polo noso presidente nesa teima que el ten, e nós con el, de modernizar a nosa provincia. Di o protocolo, e como digo vou a ler textualmente, por iso lerei en castelán: *la Diputación de Orense y Afundación establecen este protocolo de colaboración con el objeto de crear y poner en marcha el Centro ABANCA Innova Ourense Provincia inteligente. Acciones concretas -en resumo, en resumo, son as seguintes-: la Diputación de Orense colaborará realizando una aportación de 200.000 € en el año 2018 para sufragar las inversiones y gastos necesarios para la puesta en marcha del Centro y así como el coste de gestión y mantenimiento del mismo. La cantidad sobrante, de existir, se considerará remanente a aplicar en ejercicios posteriores. E continúa: realizando una aportación de 200.000 € en el 2019 para sufragar las inversiones y gastos necesarios para la gestión y mantenimiento del Centro (durante ese ano e se hai remanente incorporárase ao remanente do exercicio seguinte); también realizando proyectos conjuntos en los diferentes ámbitos del objeto de este protocolo y, en especial, a través del Instituto de Educación Superior Intercontinental de la Empresa en la formación superior para la innovación y desarrollo digital. Por parte de Afundación - ¿que fai? - pone a disposición de esta iniciativa y de su plan estratégico 2015-2019 el inmueble localizado en la finca Sevilla – como vostedes saben - y con una superficie construída de 8.217 metros – dato importante - y colaborará también renovando y adecuando el inmueble a las finalidades del presente protocolo y, en particular, para la instalación en el mismo de empresas del ámbito de la innovación; destinando las aportaciones de la Diputación Provincial de Orense –isto deben telo en conta- para sufragar las inversiones y gastos necesarios para la puesta en marcha del centro; así como el coste de gestión y mantenimiento del mismo –ademais, como non podería ser doutro xeito-, difundiendo la colaboración de ambas entidades. En resumo, estamos dando cumprimento ao asinado polo presidente no mes de xullo pasado, como*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

dixen anteriormente, e a única razón deste expediente está en que a cantidade de 200.000 € antes prevista no Capítulo 4 de transferencias correntes agora pasa, como ben dixo a señora interventora, ao Capítulo 7, nin máis, nin menos. É unha cuestión meramente técnica, dado que, escoitados os técnicos provinciais, e vista a finalidade desta achega económica, o procedente é que figure no Capítulo 7 e non no Capítulo 4. Isto non ten máis nin menos. O seu voto en contra terán que razoalo porque, polo que dixeron, non o razoaron moi ben. Moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** hola. Yo, realmente, me quedo alucinado con el señor Plácido; dice que el señor Jácome viene aquí de simpático y tal. O sea, acabo de enseñar dos páginas en las que aparecen aquí ciento y pico personas invitadas, con dinero público, a pagar a unas conferencias que las puedes subir por Youtube gratis y que cuestan 100.000 € al año, cuando si tú quieres información vas por Youtube gratis y punto. No hay que utilizar dinero público para conferencias que, al cabo de una hora, desaparecen; o sea, que la gente se queda con dos frases. Mira, te ves Youtube y lo que a ti te dé la gana, que aquí están todas. O sea, el dinero público no está para eso. En cualquier caso, haz conferencias, cobras una entrada y el que quiera ir que pague. El dinero público no está para tirarlo a la basura. Encima, se hace con estas cenas de gala y todo eso. Entonces, eso no es ninguna broma, ¿Por qué dice que intento hacer reír? En tal caso, se estará usted riendo de los orensanos al robar dinero público; porque, para mí, es una forma de robar dinero público, aunque a lo mejor no se puede constatar que haya un delito, pero para mí es robar dinero público. Igual que lo de Abanca, para mí es la mayor estafa que se ha hecho en Galicia en dinero público. En Orense es la primera estafa, la segunda fue la de la finca Diputación. Pero la primera es lo que nos pasó con Caixa Ourense y después con Abanca. Entonces yo no entiendo eso. Luego, comentarle también que me hace gracia, porque en los decretos que ustedes sacan aquí, que tenemos aquí, en los decretos que hacen mensualmente, pues mire, por ejemplo, me hace gracia porque le pagan ustedes los pufos al periódico *El Correo Gallego*. Tienen que ustedes pagarle a la Seguridad Social 61.000€ - viene aquí el Decreto n.º 88 - le tienen que pagar ustedes 61.120,77€ a la Seguridad Social por un pufio del *Correo Gallego* y se lo paga la Diputación. Para eso le da el dinero, para que él salga de vez en cuando en portada y, a cambio de eso, le da un dinero para pagar los pufos que tiene este periódico, por ejemplo,

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

con la Seguridad Social. 61.000 € aquí viene en el decreto. Esto, realmente, lo que me parece es que quien se ríe es realmente usted. Luego, ponen aquí, con todos los coches que hay, compran aquí otro coche a proveedores que, cuando entremos nosotros, se le va a acabar la bicoca, a ciertos proveedores de aquí de Orense, ya saben muy bien a quién me refiero; después, como no soy una persona parca en palabras, me refiero a Pérez Rumbao, S.A. Nosotros, cuando entremos aquí, a lo mejor, a alguno se le va acabar la bicoca. Después, tenemos aquí también todos estos gastos que se hacen, que realmente son injustificados, como, por ejemplo, para ayudar aquí el tema de los parados, promociones que hace y cada promoción que le sale a 1.600 € É mellor que lle dean os cuartos aos parados directamente que, polo menos, dálle para vivir dous meses que andar facendo trapalladas.

**D. Francisco Javier Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista:** con brevidade para lle razoar ao señor Álvarez o noso voto. Se nós votamos en contra dos orzamentos é razoable que, nunha modificación dunha partida que cambia de capítulo, votemos en contra tamén. É unha razón, eu creo, máis que suficiente. Segundo, se Abanca, que tantos aforros manexa desta provincia, que tanto tivo que ver, polo menos unha das súas partes con esta provincia, se quere facer ourensanía, se quere facer provincia, ¡home! que asuma ela todos os gastos e ¡que mellor! Moitas grazas.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** grazas presidente. Empezando, señor Fraga Civeira, o orzamento sabe vostede que é un conxunto de partidas e individualmente se pode estar de acordo; ademais vostedes dino con frecuencia que se fose votar independentemente que, nalgunhas, estaban de acordo e noutras non. Evidentemente, nin están de acordo nin no conxunto nin nesta, iso é o que queda claro. Vale. Respecto ao señor Pérez Jácome, pois si, señor Pérez Jácome, eu respecto sempre as súas opinións, como vostede sabe, non me río de ningunha – iso díxoo vostede, non eu – e como vostede discrepa de nós, iso é a democracia e o lexítimo de estar aquí. Se foramos todos os mesmos, vostede non estaría agora discutindo con nós, nin nós con vostede. Logo, iso que di vostede da cultura, mire, eu a cultura non a vexo dende o punto de vista economicista como a ve vostede; pero *bueno*, podemos discrepar, vostede enténdeo así, nós non. O certo é que falou vostede de todo, pero do que menos falou foi do punto que nos ocupa na orde do día. Eu entendo que vostede ten que vir actuar; pero, tamén do punto da orde do día....non, eu non

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

actúo para ningunha canle de televisión, asegúrolle que non, e na súa nómina non estou porque tampouco mo ofreceu; nin creo que eu llo acepte. Dito isto, para rematar, quixera dicir o que dixó, precisamente, o señor presidente desta Deputación o día da sinatura deste protocolo e que eu particularmente e os meus compañeiros facemos nosas na súa totalidade as palabras que el dixó e, como son breves, tratarei de lelas textualmente. ¿Que é esta iniciativa e o protocolo e o desenvolvemento que estamos a facer? Pois *non é, nin máis nin menos*, - dicía o presidente - *que a concreción do noso proxecto Provincia Intelixente, unha das actuacións máis importantes do Plan Ourense 15-19 que basea a súa importancia na innovación e, neste caso, en dispoñer dunhas instalacións que poidan albergar emprego tecnolóxico*. Dicía tamén *que ese mesmo día se asinaba cunha empresa do grupo IBM outro convenio*, máis ben outro protocolo, *por medio do cal 300 empregos tecnolóxicos ubicaríanse neste centro de innovación no que se desenvolverán aplicacións e iniciativas relacionadas coas tecnoloxías e os servizos municipais*; nesa estratexia que nós sempre temos presente no sentido de que pivote dende a Deputación a atención aos 92 concellos da nosa provincia. Polo tanto, este proxecto – hai que dicilo alto e claro, outra cousa é que vostedes tomen a posición que vexo que toman– é froito dunha alianza estratéxica, así de claro, alianza estratéxica que converte a Ourense nunha punta de lanza en materia de innovación. Deberían recoñecelo e, a verdade, non entendo moi ben por que algún Grupo non apoia esta iniciativa. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto 2º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 2º](#).

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e o voto en contra do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º) Aprobar inicialmente a modificación de créditos do expediente por crédito extraordinario que se financia coa baixa de outra aplicación orzamentaria dentro da mesma área de gasto, co seguinte detalle:

CREDITO EXTRAORDINARIO

Aplicación orzamentaria	Expresión	IMPORTE €
-------------------------	-----------	-----------

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

<b>que INCREMENTA o crédito</b>		
433.00/789.00	“Outras transferencias apoio empresarial. Desenvolvemento empresarial	200.000,00 €

RECURSO UTILIZADO

Aplicación orzamentaria que se da DE BAIXA o seu crédito.	Expresión	IMPORTE
433.00/489.18	“Outras transferencias apoio empresarial. Desenvolvemento empresarial	200.000,00 €

2º) Aprobar a modificación das Bases de execución do orzamento, que afectan a Base 87<sup>a</sup>, no que se refire a subvencións que teñen carácter nominativo, engadindo a seguinte ás que figuraban inicialmente:

Con cargo á aplicación orzamentaria 433.00/789.00 “ “Outras transferencias apoio empresarial. Desenvolvemento empresarial ,

Beneficiario	Finalidade	Importe
Fundación Galicia Obra Social (AFUNDACION)	Inversións e gastos necesarios para a posta en funcionamento do Centro de innovación empresarial de Ourense e para o custe da xestión e mantemento do Centro.	200.000,00 €

Os recursos financeiros utilizados para esta modificación serán baixas doutras aplicacións orzamentarias e non afectan cuantitativamente ao Orzamento Xeral da Deputación.

3º) De acordo co artigo 169 da Lei Reguladora das Facendas Locais, por remisión do artigo 177.2 do mesmo texto legal, o expediente será exposto ao público, tras o anuncio no boletín oficial da Provincia, por 15 días, durante os cales os interesados poderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se presentasen reclamacións.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

### **3º.- APROBACIÓN DO CATÁLOGO DE ESTRADAS DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE.-**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcese as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG:** Grazas señor presidente. nós vamos a manter o voto da abstención que xa foi a postura que tivemos na propia comisión. De todos os xeitos gustaríame aproveitar para facer unha pequena reflexión porque, historicamente, moitas das rúas do noso país que pertenceron ben ao Estado, ben á Xunta, ben ás deputacións, froito da propia morfoloxía dos concellos, das vilas e das cidades que foron aumentando e expandíndose e moitas delas pasaron a mans dos concellos; pero non na súa totalidade. Resulta especialmente significativo o caso do concello de Ourense porque, segundo o inventario de bens, ten a potestade sobre a meirande parte das rúas da cidade; mais moitas delas seguen sendo propiedades doutras administracións: Fomento, da Xunta, da propia Deputación. E no caso de rúas que pertencen á Deputación, que discorren polo termo municipal de Ourense pero son de titularidade provincial, pois hai varias: Alejandro Brañas, Alejandro Pedrosa, a Rúa dos Chaos, Cabeza de Vaca, etc... Pensamos que debería establecerse unha negociación cos concellos e, de xeito especial, co Concello de Ourense para transferirlle estas estradas que pasan polo seu termo municipal; sobre todo para evitar problemas coa titularidade e tamén cos usos permitidos, aplicación de fiscalidade en moitos casos, etc... Moitas grazas.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista:** moitas grazas. Nós votaremos a favor deste catálogo, tendo en conta que unha da *carreteras* que se inclúen agora, que se incorporan neste catálogo (nas dúas votamos a favor, na de Muíños tamén) pero unha delas foi proposta a incorporar aquí na Deputación a través dunha moción do Grupo Socialista. Votaremos a favor por ese motivo, pero tamén na introdución do catálogo hai unha breve nota que di que *esta é unha mera relación de estradas das que é titular a Deputación de Ourense, só existe unha clasificación xerárquica das estradas*. Non sigo lendo. Nós entendemos isto como unha relación, non como un auténtico catálogo; de feito, teño aquí un recorte dunha nota de prensa no que sae tamén un informe do que nós, por certo, non dispoñemos e pedimos copia, que non están xeolocalizadas as estradas, incluso

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

se alude a que non temos planos da provincia a escala para debuxalas. Entón, aínda salvando estas obviedades e tendo en conta isto, nós votaremos a favor do mesmo catálogo, relación ou como lle queiran chamar. Moitas grazas.

**D. Pablo Pérez Pérez, portavoz do Grupo Popular:** moitas grazas presidente. Moitos días. Hoxe traemos a pleno a actualización do catálogo de estradas da Deputación de Ourense. Aínda que con modificacións anteriores, e logo da aprobación da citada lei, a Deputación de Ourense realizou unha actualización do seu catálogo de estradas en marzo do ano de 2015, sendo aprobada por este pleno na sesión ordinaria dese mesmo mes. Daquela describíanse 262 vías cunha lonxitude total de 1.842 km. Agora, a data 1 de maio de 2018, actualízase o catálogo de estradas de vías provinciais dada a incorporación de dúas vías á titularidade da Deputación; unha delas, a xa nomeada polo portavoz do Partido Socialista, a famosa Xinzo - Vilar de Barrio (a estrada chamada co nome OU-1117) e outra a do concello de Muíños preto do embalse das Conchas. Con esta modificación a Deputación de Ourense pasa a ter 264 vías, cunha lonxitude de 1.855 km. Isto é un mero trámite que a pesar dos comentarios que escoite aí por un informe ou por unha nota de prensa que se sacou, non quero facer ningunha polémica; pero, por moito que aí poña o que vostedes dixeron nesa nota de prensa no informe do técnico, podo cualificar esta afirmación, cando menos, como unha afirmación non axustada á realidade desta Administración, por dicilo suavemente. E dígollo así, con toda a tranquilidade. Voullo a explicar. A día de hoxe os sistemas de información xeográfica, os coñecidos como SIG ou GIS (Susana seguramente diso controla), si que existen bases de datos cartográficas publicados polo Instituto Xeográfico Nacional en España ou o Instituto de Estudos do Territorio. Teñen licenza de datos abertos, ¿que quero dicir con isto? Que calquera institución, calquera persoa que queira acceder a eles pode acceder dende calquera punto da xeografía española. Con isto quero dicir que a Deputación, en si, a pesar de que a Lei aprobada pola Xunta cando un fai un inventario non esixe que se lle mande a situación xeográfica, só esixe un simple, aquí pon croque, por iso debe poñer, só esixe iso, é dicir, un debuxo, a Deputación Provincial ten ferramentas de sobra para poder situar esas *carreteras* dixitalmente. O que lle dicía é isto, que teñen licenza de datos abertos, isto quere dicir que están feitos coa intención dun uso público e forman parte das bases de datos xeográficos de referencia que inclúen coordenadas xeográficas de latitude e de lonxitude; entre eles, as

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

bases de datos das redes de transporte que inclúen os eixes da rede de transporte viario, tanto provincial, como autonómico e estatal. Aí xa están eses datos. Dubido moito que algunha deputación teña feito un levantamento topográfico de toda a súa rede viaria - podería ser de tramos concretos; pero, aínda sen poder afirmalo sen total certeza, entendo que na totalidade dunha rede sería complicado atopalos. Entre outras cuestións, pola inutilidade de telos, porque estes traballos topográficos estarían suxeitos a continuas actualizacións pola apertura de novos accesos a vías, novas sinalizacións, elementos de contención, etc... A tecnoloxía facilita en moito todo este traballo e as administracións, conscientes das ferramentas que hoxe teñen ao seu alcance, están a utilizar os xa mencionados sistemas de información xeográfica, actualizando os catálogos de estradas cos seus propios datos. Como lles comentamos, os sistemas de información xeográfica proporcionan planos a escala (do que aquí se fala que non se posúen), pois mire, eses sistemas de información xeográfica proporcionan planos a escala dos eixes da rede provincial; é dicir, podemos coñecer as dimensións reais medindo sobre o plano co nivel de exactitude que determinan as escalas. Dende logo, hai moito máis que un croque e iso pese a que o Decreto 66/2016, o regulamento que desenvolve a Lei 8/2013, especifica no seu artigo 19.2 a documentación que debe incluír o catálogo e só fala dunha representación gráfica (de aí que ese informe poña iso, non creo que teña outra intención) sen especificar escala, formato de arquivo dixital, nin nada de nada. Fálase, por outra banda, do axeitado que sería completar o inventario da rede provincial para facilitar a pronta atención dos servizos de emerxencia en caso de accidente; mire, iso para min sería outra inutilidade. Hoxe, no mundo en que vivimos, calquera de vostedes ten un móbil na man e hoxe xa hai sistemas universais e globalizados de ubicación xeográfica; sería, polo tanto, un *sinsentido* que a Deputación dispuxera dun sistema propio cando xa hai sistemas universais e globalizados. Quero dicir que a tecnoloxía hoxe vai por diante e os servizos de emerxencia prefiren, claramente, outro opción como a ubicación precisa que ofrece unha aplicación como WhatsApp, que usa diferentes aplicacións xa universais como Google Maps ou Maps que xa ten demostrado, en máis dunha ocasión, a súa valía para este tipo de situacións. Ninguén recorrería a un sistema propio da Deputación xa que hoxe, todo, grazas a Steve Wozniak tende a ser universal e globalizado. Sen máis, moitas grazas.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana:** sí, yo sólo resaltar esas últimas palabras. Acaba de decir que hoy con las nuevas tecnologías (acaba de citar ahí a un gurú) ya no hace falta utilizar temas obsoletos, ¡carallo! Y lo va a decir el Partido que le da un millón y pico de euros a un periódico que sigue imprimiendo en papel que ya casi nadie lee, como es *La Región*. O sea, que *utiliza as novas tecnoloxías para o que lle convén*. Si tanto quieres hacer nuevas imágenes, haz ya las imágenes que hay en los aeropuertos de Estados Unidos que llegas a los bares y son todo *tablets*; allí ya no hay periódicos de papel, son todo *tablets* en los aeropuertos de Estados Unidos, que llamaría la atención como la ciudad del futuro. Y ahora *ven aquí dicindo*: no, no, es que con las nuevas tecnologías ya no hace falta. ¡Pues aplícalo para el papel! Deja de estafar a los ourensanos con el periódico *La Región*.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista:** moitas grazas señor presidente. Señor Pérez, eu non sei se non se está dando conta; non me está rebatendo a min, está rebatendo un informe dos seus propios servizos técnicos do que eu me fago eco. Eu técnico non son, eu o que quero é o mellor e canto máis completo sexa o catálogo mellor. Agora, eu entendo e atendo, pero ese debate que vostede fixo ten que facerllo aos propios informes técnicos e servizos técnicos. Eu agradézollo porque me serve para enterarme, pero non a min. Son os propios seus servizos os que din iso, non eu. Por certo, queríamos copia do informe que non a temos.

**D. Pablo Pérez Pérez, portavoz do Grupo Popular:** o informe creo que está na documentación que se lle remitiu da comisión; si, si, está aquí, telo aquí neste...estache aquí, despois ensínocho. Non, non, teno aquí, mira, na *página* tal pon: *non temos planos da provincia a escala para debuxalas, utilizamos un croque elaborado polo Servizo de Vías de Obras co que representamos as vías*. Teñen que ler a documentación do Pleno. Pono aí. Simplemente dicir que isto, voulle responder ao grupo da oposición que fixo unha intervención intelixente, simplemente que isto é un mero trámite e volvo a repetir que a afirmación que pon aí non é axustada á realidade da Deputación. Así de simple e o sosteño. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 3º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 3º](#).

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8) e a abstención de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar o catálogo de estradas da Deputación Provincial de Ourense, actualizado ao 1 de maio de 2018, conforme co documento técnico elaborado polo servizo de Vías e Obras, que consta no expediente.

O dito documento está a disposición pública na sede electrónica da Deputación Provincial mediante o código seguro de verificación 11777074162165033406.

2º.- Comunicarlle este acordo á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade para os efectos previstos no artigo 21.4 do Regulamento da Lei de estradas de Galicia.

3º.- Ordenar a publicación do presente acordo no BOP e no Portal de Transparencia da Deputación Provincial.

**4º.- ACEPTACIÓN DA DELEGACIÓN DE COMPETENCIA FORMULADA POLO CONCELLO DE LEIRO PRAA A TRAMITACIÓN DO EXPEDIENTE EXPROPIATORIO PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE ACONDICIONAMENTO DA RÚA CASANOVA, NO MUNICIPIO DE LEIRO.-**

O Sr. secretario dá lectura ao ditame favorable da comisión informativa de Cooperación, Infraestruturas e Medio Rural.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana:** sí, solo responderle aquí al señor Pablo que antes dijo que se dirigía a la persona que hizo una intervención inteligente; es una especie de insulto hacia mí que también hablé. Decirle que a mí los juicios de valor me importan muy poco, porque lo que me importa de los juicios de valor es lo que diga el pueblo en las elecciones. En principio aquí, señor Pablo, usted es una persona que está enchufada a dedo por ese hombre, porque usted no vale absolutamente nada; si se presenta de alcalde en su pueblo, no le vota ni la familia, mientras Democracia Ourensana, un partido independiente, consiguió ser el segundo partido de Orense. Entonces, hay una gran diferencia entre tú, Pablo, y nosotros. Si tú te sales del PP, no te vota ni tu familia; mientras que a Democracia Ourensana le votan los ourensanos.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 4º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 4º](#).

Non se producen máis intervencións e co voto favorable do Grupo Popular (14) e do Grupo Socialista (8) e a abstención de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1), o Pleno adopta o seguinte acordo:

- Aceptar a delegación de competencia formulada polo concello de Leiro para a tramitación do expediente expropiatorio para a execución da obra “acondicionamento da rúa Casanova”.

**5º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA Á RETIRADA DOS PREMIOS OURENSANÍA.-**

O Sr. presidente anuncia que o Grupo Socialista presentou unha emenda de substitución a esta moción e cédelle a palabra a Democracia Ourensana para que expoña o contido da moción.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana:** hola. Bueno, hoy, como estamos siempre con debates cruzados, siempre nos quedan cosas por decir porque antes el señor Plácido dijo que él no tiene un tema economicista con la cultura. ¡*Carallo!* Entonces, ¿por qué hay presupuestos? Hay presupuestos y a la cultura le tienes que asignar una partida. O sea, ¿cómo puedes decir?...esto me recuerda una vez a Araújo, del Partido Popular, en el Concello de Ourense que dice que con la banda de música no se puede ser mezquino hablando de dinero. O sea, que se utiliza el dinero para hablar de medicinas y para la banda de música no, ¡*manda carallo!* Entonces, ¿dónde lo encajas en los presupuestos? Si no se puede hablar de dinero, ¿dónde lo encajas en los presupuestos? Luego, me dice que él que no aceptaría la oferta de Democracia Ourensana. No sé si conoces el chiste de aquel que era incorrupto y lo mandaron a Hispanoamérica, a un país de Sudamérica, y entonces era incorruptible y lo mandaron para allí de Estados Unidos. Y al cabo de un mes llama a Estados Unidos y dice: oye, sacadme de aquí. Entonces: ¿cómo, sacarte de aquí?, pero, ¿te han sobornado? Y dice: todavía no, pero están llegando a mi precio. Bueno, vamos ya con el tema éste. El tema éste, del premio de Ourensanía que este año se ha tenido la feliz idea de hacerlo en Argentina, de desplazarse a Argentina para dar allí el premio, es un elemento más de José Manuel Baltar en ya el cúmulo de despropósitos

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

que tiene en este mandato. Es una persona que va a ser recordado como el heredero, el breve heredero, porque en mayo tendrá ya que pasar a mejor vida porque el Partido Popular, de los 14 que son ustedes, no va a poder llegar a 13....no, ¿ustedes cuántos son ahora mismo 14 o 15? Son 15 ¿o 14? 14, perdón. 14 más 11, 25. Los de aquí son 11. Pues bueno, con que pierdan 2 ya perdieron la mayoría absoluta; o sea que está a ganar el Partido Socialista. El Partido Popular tiene una tendencia a perder el 40% de los votos y ustedes con que pierdan 2 de 14 ya han perdido. En Orense van a bajar a la mitad fijo, y sino tiempo al tiempo. Plácido, cuando quieras apostamos; pero como es ilegal hacerlo en España hay que ir a Chaves. Lo hacemos en Chaves, allí en un bar de Chaves, ¿vale? Hacemos la apuesta en Chaves. Bueno, total, que a mí me gusta ir al extranjero. El premio este de la Ourensanía es una historia más del señor Baltar, el que organizó aquí los encuentros en la tercera fase entre Orense y Estados Unidos empresariales; el primer año que lo hizo subieron todas las exportaciones de Galicia menos las de Orense, nos primeiros exercicios que fixo, xa deixou de facelo porque era, obviamente, unha *fricada*. Tiene unas ideas que son, realmente de Perogrullo, nos viene con fotos de traer aquí al Kennedy, gasta dinero público para sacarse selfies y estamos detrás – atención a este dato porque es un dato importante que lo vamos a revelar ahora aquí – de cuánto nos costó a los orensanos el selfie que este tío se hizo con Obama. Tuvo la desfachatez de hacerse un selfie con Obama y decir: Obama escuchando a Baltar sobre la provincia termal y sobre Orense....como quien que estaba charlando con él. Como el otro día que se cruzó en el pasillo con el dirigente europeo este, dice: charlando con él. O sea, el atopa un tío no pasillo, abórdao, sácalle un selfie e di que ten unha reunión. Pero ahora vamos a ver cuánto costó el selfie de Obama, cuidado, eh, que podemos estar hablando de 20.000 € Para que este señor se haga un selfie con Obama, los orensanos tenemos que pagar 20.000 € Cuidado al dato que está Democracia Orensana detrás de ese tema, como siempre hemos aquí desvelado; como hemos desvelado hace poco que el premio de transparencia era una estafa. Pues ahora se le ocurre hacer este tema del Premio Ourensanía, llevarlo a Argentina y entregarlo allí *in situ* y entregarlo a los gallegos que están allí en Argentina. Primero decir varias cosas. Uno, el tema de ourensanía es ya de estas paranoias que te sacas de debajo de la manga, es como si estuvieras en Sevilla: Premio Sevillería, en Valencia, Premio Valencianería, como si fuera un medicamento; o sea unas *trapalladas* de esas que sacas. Ya ni eres original con los

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

nombres. Hablando de original, me recuerda al alcalde de Orense que saca ahora un campamento en la Molinera y le llama: *Yes, I Camp* y lo plagiaron de una iniciativa francesa que también hubo. No saben ni plagiar bien estos tíos, ni disimular. Bueno, pues con el tema este, lo primero que hacen es el primer premio itinerante de la historia. O sea que, cuando se da un premio en Orense, este lo convierte en itinerante, itinerante gastando dinero. Es ya el no va más. Y voy a explicar lo que es esto, lo que son los premios *trapallada*. Mire, los grandes eventos que dan grandes premios, la gente se vuelve loca, loquita, por conseguir esos premios. Entonces, cuando se celebran los Oscar, el hecho ya de que te nominen ya es la leche, entonces te vas a Los Ángeles, te gastas lo que haga falta y te vas allí *in situ*. Eso en los Oscar. Lo mismo ocurre cuando son los Premio Nobel, la gente se va a Estocolmo (que son casi todos allí menos el de la Paz, creo que es en otro sitio el de la Paz, el premio Nobel de la Paz lo dan en otra ciudad, en Estocolmo y Oslo creo que son) y, entonces, la gente se vuelve loca – obviamente además te dan un dineral - y la gente va obviamente a los países escandinavos, tiene que ir allí porque no se le ocurre a los Premios Nobel ir por el mundo y entregarlo en Sudamérica, ir a Shanghái,... Pero luego, cuando llegamos a los premios de menos cuantía, la cosa ya empieza a ser un poco rara. Entonces llegamos ya al Festival de Cine de San Sebastián, que es el más importante de España (si el Festival de Cine de San Sebastián es el más importante de España, imaginemos como es el de Orense), bueno, pues en el Festival de Cine de San Sebastián a veces le han dado premios a norteamericanos que les tienen que rogar que vayan y algunos no han ido, y lo hacen por delegación; o sea, para ellos es totalmente bochornoso, le das un premio a un tío que al final no te va porque te está diciendo el tío: *o premio impórtame un carallo*. ¿Por qué dice el tío *impórtame un carallo*? Porque muchos de estos premios se hacen con picaresca. Es como se hace después en otros sitios, como es por ejemplo ya en el Festival de Orense que le tenías que pagar a la gente para que viniera hasta aquí y premios que he visto, por ejemplo, yo en Madrid que invitan a un locutor famoso y el premio es para premiar al que lo da. Es decir, si nosotros somos una asociación de mierda e invitas a José María García a que te venga a recoger el premio, quien realmente ahí se está beneficiando es el que lo da, no José María García que recibió un premio de mierda. Tú te vas, por ejemplo a un pueblo, y te dice el del pueblo: *caray, me vino aquí este tío*. O sea que realmente es una perversión al revés. Bueno, pues Baltar no ha hecho eso, que es ya el no va más. No, no, no es que

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

venga aquí un tío y quien se beneficie sea la Diputación diciendo: *mira a quién hemos premiado que salimos nosotros beneficiados*; no, no, es que va él a dónde haga falta y coge un avión, con unas plazas de avión, cruza el charco y se va a gastar 70.000 € a Buenos Aires. O sea, que es ya una vuelta de tuerca a lo que es el ridículo de ciertos premios. Y esto es la nueva vuelta de tuerca, cogerte la comitiva y te vas a Argentina de paparota, a hacer lo mismo que he enseñado antes con la gente que estaba comiendo en el Foro de *La Región*, pero esto ya es en plan turismo allí. Es realmente un insulto. Además, alguna gente dice: *lo hace porque allí da votos*: ¡pero si en las municipales cambió la ley y ahora no pueden, tampoco es por eso! Lo hace porque es un megalómano que está obsesionado con la vanidad y que juega a ser ministro de exteriores. Por eso hace esa *trapallada*. Le gusta jugar a ser ministro de exteriores. Porque él no se da cuenta que su función es ir a Esgos; es ir a ver qué hay que hacer en Esgos o donde está aquí Plácido, ¿qué es, dónde era, Muñíos o Lobios? *Como non quere facer as historias*, o tipo cree que é ministro de exteriores y anda haciéndose fotos con líderes mundiales. Eres un frustrado porque dime de qué presumes y te diré de qué careces. Un presidente de la última diputación de España, que somos el culo del mundo, porque hay que reconocer lo que somos, la última en todos los datos según el Instituto Nacional de Estadística, y este tipo haciéndose fotos con líderes mundiales. Pues ahí lo tienes. Respecto a lo de la Banda de Gaitas, dice también que el motivo por el que van es por pagarle un viaje porque como no cobran es una forma de agasajarlos. Oye, perdona, si es por eso, me parece también una auténtica perversión porque entonces estarías vulnerando la ley porque en Orense se está viendo cómo se encaja la Banda Municipal y, al final, hay que dictaminar que hay que pagarle un dinero; entonces lo que no puedes hacer es ir por la puerta de atrás: *no, me tocas gratis y luego te pago viajes*. No, mira, déjate de rollos, el pueblo orensano tiene derecho a conocer en qué se gasta el dinero público y no andar con rollos. Decir, nada más, que yo recuerdo cuando, por ejemplo, venía el rey Fahd a Marbella. Venía el rey Fahd a Marbella y venía con una comitiva de 40 personas y dejaban aquí millones y millones y millones de euros, de aquellas creo que eran de pesetas, pero bueno, de euros. Y este es al revés; coge la comitiva y se va a dársela a un país extranjero porque allí también se va a gastar dinero. O sea, este hace como el rey Fahd, pero al revés. El rey Fadh venía aquí y nos beneficiábamos de él y este es el rey Fahd siniestro que se va a dar fuera. Es como cuando le dio una subvención a un acordeonista

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

que vivía en Nueva York. Perdona, si eres un acordeonista que vive en Nueva York, lo normal es que el emigrante, que está en Nueva York triunfando, mande dinero para Galicia. No, lo hace al revés, desde aquí le manda 18.000 € a Nueva York. ¿Desde cuándo la zona pobre le paga al que vive en la zona rica? Hay que ser, hay que ser... ¿no? Bueno, pues lo que nosotros pedimos realmente, en este absurdo, es que se suprima este viaje institucional a Buenos Aires que está programado para la zona de la San Martiño – creo que es en la época del 9 o 10 de noviembre, de forma ya inminente - y, por supuesto, que no se celebren ya más Premios Ourensanía, poniendo fin a su existencia, porque solo valen para potenciar las *fricadas* y las vanidades de una persona que es un frustrado y que es simplemente un megalómano, el heredero.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz del BNG:** moitas grazas señor presidente. Neste debate hai que separar varias cousas. Por unha banda está o feito de que a Deputación poida establecer un premio, un galardón – ten varios dende hai anos - que resalte a figura de persoas e entidades vencelladas con Ourense, que foran senlleiras ao longo da historia e que tiveran un papel sobranceiro exercendo como tales; nesta categoría pois si entran, sen ningunha dúbida, as entidades galardoadas. Doutra parte, o significado do concepto ourensanía e de cal é realmente a finalidade deste premio. Ao respecto do primeiro, a Deputación nós pensamos que está no seu pleno dereito de instaurar cantos premios considere e de recoñecer cantos méritos estime oportunos; xa o fai a través dos Premios Pura e Dora Vázquez, do Carracedo, etc... e nós non temos nada que dicir e témonos sumado sempre. No segundo xa temos máis dúbidas. Partimos dun concepto, o concepto da *ourensanía*, que está absolutamente baleiro de contido. É un deses conceptos dos que tanto lle gusta presumir ao señor presidente. Din vostedes na web que *a ourensanía é unha forma de vivir e de facer dun pobo. A ourensanía identifica un territorio cunha imaxe que é propia e que recoñece os seus valores. O obxectivo da marca ourensanía é promover un sentimento de orgullo e pertenza. Darlle visibilidade aos seus principios e converterse nunha ferramenta ao servizo de institucións, entidades, empresas e cidadáns.* E mesmo nesta especie de esquizofrenia paranoide na que vostedes están instalados chegaron a dicir que Ourense equiparábase, por exemplo, con Nova York. A vostede, xa o dixo o portavoz

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018**

de Democracia Ourensana, quedáselle moi pequeno isto. A verdade é que o seu reino non é deste mundo - moito menos da provincia de Ourense; por iso ten a necesidade de construír a súa propia Ínsula Barataria e, no fondo, o que subxace detrás de todos estes conceptos son eses complexos. Pensan que cambiándolle o nome as cousas van rachar co que representan. Esta, que é unha institución clientelar por antonomasia, é o paradigma do caciquismo; aínda que sexa o 3.0. Por iso vostedes inventan un premio, dándolle un rango e unha dimensión que excede de canto se viña facendo historicamente e dilapidando cantidades importantes en cada cerimonia, e a vostede, que lle faltaba algo que lle dea ese caché preciso... ver como outros pisaban a alfombra vermella, por exemplo na inauguración do Ourense Film Festival, nunca o dixeriu moi ben. Vostede precisaba da súa propia parafernalia, do seu propio xoguete e esa foi a razón pola que se inventaron a ourensanía e estes premios. Eventos, xa se dixo, na que se gastan cantidades inxentes de diñeiro de todos para a súa maior gloria. Escúdanse agora mesmo, neste caso concreto deste ano, nunha entidade, ou nunha petición das entidades galardoadas para xustificar unha viaxe que resulta grotesca, 41 persoas que van ir, entre elas os 30 integrantes da Banda de Gaitas, porque das 11 autoridades aínda non sabemos nada. E claro, unha cousa é ir xuntos na viaxe, no avión, e outra é hospedarse en hoteis do mesmo estatus e da mesma categoría. Por iso deixan ben claro no prego de condicións técnicas que hai dúas categorías; a tropa e a mariñería por un lado e a dirixencia por outro. E agora xa non lles vale, como digo, facelo no Principal rodeados de todo o séquito de adláteres, senón que queren ir de viaxe a costa do erario público. Unha viaxe por certo, nós si pensamos, que queren aproveitar, aínda que non o digan, para facer campaña. Remato, este ano vai ser un ano inesquecible para vostede, señor presidente, porque ademais do xoguete que xa tiña, os reis tráenlle outro por adiantado, precisamente a celebración do Festival de Cine tras a cesión da marca por parte do Concello. A dimensión da ourensanía abrangue todos os ámbitos coñecidos e imaxinables. Nós vamos a votar a favor desta moción de Democracia Ourensana. Aínda que non dixeron nada da emenda que presenta o PSOE, voume a adiantar porque supoño que a rexeitarán e nós tamén a vamos a rexeitar porque, logo da exposición que acabo de facer e do concepto que temos nós destes premios, dende logo non nos fai especialmente ilusión – díggollo - participar en ningún xurado e dende logo no resto tampouco porque pensamos que se deberían eliminar tal e como se formula na moción orixinal. Nada máis. Moitas grazas.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

**D. Francisco Javier Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista:** moitas grazas señor presidente. Antes de entrar nesta cuestión, quería entoar o *mea culpa* e desculparme polo dito na intervención anterior con respecto ao informe. Si tiñamos o informe na información que se nos achegou por correo electrónico. O erro vén - cabe dicilo - de que na documentación en papel non vén e guiámonos pola documentación que recibimos en papel; pensamos que era a mesma que viña por correo electrónico e non era. Culpa nosa, entón rectificado está, o informe témolo. En todo caso, non cambia a cuestión de fondo pero creo que é obrigado dicilo cando un se equivoca, pois dicilo tamén. Vamos xa con respecto ao que estamos debatendo, á moción sobre o Premio Ourensanía. Nós entendemos que unha institución pública - así están instaurados os premios e determinados galardóns - é quen e debe significar, recoñecerlle a aquelas persoas, institucións que aportan algo, neste caso, á provincia; de aí a razón de ser dos premios. Se son moitos ou poucos, xa é outra cuestión. É certo que existe un premio, como é este o de Ourensanía, nos entendemos que está ben dado; é dicir, é unha data redonda, 100 anos os que se cumpren de dúas institucións que fixeron moito por esta provincia e polas súas xentes en anos de miseria. Eu estiven alá cando se fixeron, na de Bos Aires, na do Centro Partido do Carballiño, cando se cumpriron os 90 anos e teño que dicir que, a parte da familia que teño alá, para min foi moi emocionante estar alí; ver como a tantos quilómetros de distancia se mantén ese vínculo, se manteñen os costumes e se ten un sentimento de identidade e de provincia que eu entendo que é, xa digo, de xustiza recoñecer e valorar. Polo tanto, é dicir, nós contra a premio ou contra os destinatarios do premio non temos nada. Nese sentido, nós o que non queremos é, de ningún xeito, enturbar a entrega dun premio que, como xa digo, nos parece acaído, necesario e ben dado a uns destinatarios que, sen dúbida, son dignos acredores deste premio. Dito isto, é outra cuestión xa sobre o custe da entrega do premio en si que a nós parécenos excesivo, parécenos innecesario e si poderíamos compartir o que di a moción do Grupo de Democracia Ourensana. Pero como queira que é, e sendo prácticos, que é un pouco o que nos leva aquí, como cremos que mentres siga mandando o señor presidente nesta institución - e para o ano que vén vai haber eleccións - o premio vai seguir existindo, nós a intención e a razón das emendas o que propoñemos, xa digo, mirando a practicidade e sendo pragmáticos é unha serie de propostas que entendemos que deberían de contribuír a mellorar este premio. Se vai existir o premio, nós o que propoñemos é que, en adiante, no

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

xurado deste premio formen parte del representantes dos diferentes grupos como igual formamos parte doutros premios; sen ir máis lonxe do Pura e Dora Vázquez. ¿Por que? Porque nós entendemos que o premio e a Ourense, se o queremos entender así, non debe ser só un concepto do señor presidente senón de toda a institución e nós somos representantes da cidadanía, de parte desta Ourense nesta institución. Polo tanto, se queremos que ese premio abranga a todos, nós entendemos que deberíamos, ben nós ou quen cada grupo designe, unha persoa coas características que se lle queiran poñer parte dese xurado; se o premio vai seguir. Tamén para evitar este tema, entendemos tamén que o premio se pode entregar porque o premio non ten unha cuantificación económica en si, entón para o ano que vén, nos orzamentos do ano que vén creo que hai unha partida de 30.000 € senón me engano; entón nós entendemos que os gastos protocolarios que se poidan derivar da entrega deste premio – que si os hai - poden ser metidos perfectamente dentro da partida de protocolo sen necesidade de que haxa unha partida específica para este premio. Despois, para evitar esas dúbidas de desprazamento na viaxe ou neses motivos hai un lugar onde se teñen entregado os anteriores que é o Teatro Principal que é o lugar acaído, nós puxemos ese, se non é ese que sexa outro de titularidade pública desta administración. Ese é o motivo das emendas, ser pragmáticos. E xa digo, podemos compartir a crítica en canto á contía, á excesividade do gasto; pero o que si non compartimos e o que si, dende logo non queremos – xa o dixen ao principio e con isto remato a intervención - é enturbar un premio que entendemos está moi ben dado e moi ben acaído para os destinatarios. Moitas grazas.

**D. Manuel Doval Soto, portavoz do Grupo do Partido Popular:** bos días. Grazas presidente por darme a oportunidade de intervir nesta moción que presenta o Grupo de Democracia Ourense e, dende logo, fágoo, como non pode ser doutro xeito, de forma moi contento por facelo. En primeiro lugar, xa llo dixen moitas veces, eu agradeceríalle que – eu xa sei que se ri vostede da miña forma de falar-, perdoe, que llo agradezo moitísimo, non se preocupe, eu xa llo dixen a vostede, señor portavoz de Democracia Ourense ao mellor é que igual non me entende porque eu falo galego aquí e fáloo sempre, vostede máis ben utiliza a lingua castelá, á cal teño teño moitísimo respecto, pois dende logo non pasa nada. Vostede sabe que eu son atento ata niso. Cústame un pouco, pero non teño ningún problema. O que si xa lle dixen noutras intervencións miñas que eu era tremendamente

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

respectuoso, sempre, con vostede, con todos os compañeiros e compañeiras que aquí se atopan, coa presidencia e tamén coas persoas que nos escoitan e aquelas que van a saber o contido desta... Por iso, expresións que vostede utiliza aquí, *o tío, o non sei que, non sei canto....*esas, polo menos a min non mas escoitará nunca. As persoas son persoas, con independencia de onde estean, a súa nacionalidade a súa cor da pel, homes, mulleres e demais. Polo tanto, eu lle...por iso lle digo que estou moi tal; porque, posiblemente, ao mellor algo do que eu digo aínda que ao mellor non lle gusta, algo se lle apega. E non estaría mal, seguro que me dará as grazas. Proposta da moción de Democracia Ourensana respecto dos premios Ourensanía. Na miña primeira intervención vou intentar, porque ao mellor cando finalice incluso os señores autores da moción igual hasta cámbialle o sentido do seu pensamento sobre o que é a ourensanía, o que somos os ourensáns, os de aquí e sobre todo, voulle dicir, moito máis os de acolá. Os de acolá teña a seguridade que son, como mínimo, tan galegos como os que estamos aquí, que traballaron moito e que merecen, polo menos, ter unha consideración con eles. Antes de nada, déixeme preguntarlle a que se debe tanta prudencia no tratamento limiar que fai respecto dos dous colectivos galardoados coa actual edición do premio ourensanía: ¿non será que pretende evitar calquera malentendido con eles por se, por algún casual, lle pode chegar unha bolsiña de votos para as próximas eleccións municipais? Feita esta excepción, xa que certamente contradise moito o ton que utiliza ao facer referencia ao Centro do Partido Xudicial do Carballiño e ao Centro Social de Montevideo co que logo desenvolve no resto da moción, permítame debullar detidamente o seu argumentario de forma que, ao ilo desgranando, ireille explicando como xurdiu e como se está a desenvolver o premio Ourensanía; cousa que queda, máis que claro, que vostedes descoñece de raíz ou de plano, como mellor prefira. Para empezar, afirma que o seu grupo político considera que este premio é totalmente innecesario. Está ben, é unha opción como calquera outra, en canto vaia sostida por uns argumentos coherentes e perfectamente explicativos; cousa que, para a súa desgraza, non acontece na súa moción. De todos os xeitos, se este premio é innecesario, canta como as rodas do carro do país que vostede faga en primeiro lugar esta *salvedad: en primer lugar vaya por delante el reconocimiento* –digo ben- *reconocimiento más profundo del Grupo provincial de Democracia Ourensana a la labor de estas instituciones*. Señor Jácome, ¿en que quedamos? ¿os recoñecementos serven ou non serven para algo? Logo, asegura que o

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

premio naceu no 2013. Iso é rotundamente falso e, a nada que se queira documentar, diría que a proposta de recoñecemento da ourensanía xurdiu en Celanova no ano 2005 na Casa dos Poetas. Concretamente o día 12 de novembro dese mesmo ano na Casa dos Poetas no transcurso dun acto que foi convocado polo centro PEN de Galicia e a Fundación Curros Enríquez e no que participaron preto de medio cento de xentes da cultura de Ourense (iso, da cultura de Ourense), xornalistas, poetas e artistas en xeral que asinaron un documento fundacional – agora chamado Manifesto da Ourensanía - e no que tamén asistiron, incluso, representantes institucionais de distintas formacións políticas. Acto no que, ademais de comprometerse co manifesto fundacional, se lle outorgou unha homenaxe ás poetas irmáns Pura e Dora Vázquez. O obxectivo daquela encontro fundacional non foi outro que o de tratar de promover a organización da festividade de San Martiño como un día da ourensanía, celebrando a conmemoración festiva dende unha perspectiva máis comprometida social e culturalmente e tratando de fuxir do folclorismo da gastronomía popular coas castañas e o viño novo. Hai abondosa documentación gráfica na rede para que poda comprobar que todo o que estou dicindo é tan verdade como que vostede este proxecto o ten collido co paso un tanto cambiado. Tamén di que, segundo algún medio de comunicación, *es un concepto postmoderno*. Eu dígolle que, máis que un concepto postmoderno, é un neoloxismo identificativo que para elas quixeran as outras provincias galegas; é dicir, pódese recoñecer en ser identificados por un concepto só. Busque se na Coruña, Lugo ou Pontevedra poden facer uso dun concepto semellante e despois pense niso. Un concepto que significa, ou pode significar, a nada que todos o pronunciemos con voz positivista bastante máis que calquera localismo implícito no sufixo –ismo; poñamos por caso *coruñesimo, luguismo, pontevedrismo ou viguismo*, que está moi de moda. Un concepto, en fin, que pretende voar máis alá do noso propio territorio e, tal como recolle o seu manifesto, estar en calquera lugar do mundo alá onde estea un ourensán. Queda claro entón que nin foi un invento deste presidente, que nin tan sequera estivo en Celanova aquel día de novembro de 2005, nin tampouco de ninguén dende a política. Deseguido, fai unha locución en contra dos premios afirmando que a Deputación xa pode conceder medallas de ouro e outras distincións como fillos predilectos e fillos adoptivos, sen darse conta que eses son recoñecementos institucionais que nada teñen que ver, nin colisionan en ningún momento, co recoñecemento anual que ten lugar ligado ao día do patrón da demarcación

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

provincial que é o que esta institución representa. En consecuencia con isto, gustaríame explicar con palabras, que probablemente lle soen familiares, que ourensanía non é nin de esquerdas, nin de dereitas; é de Ourense e como tal debe ser contemplada sen unha mira, cunha ollada e complementada e, sobre todo, sen prexuízos como vostede a mira. A ourensanía pretende ser, e xa está sendo, un compromiso social e cultural cun tempo e cunha terra; o noso tempo e a nosa terra, Ourense. Posteriormente volve sobre a innecesaria presenza dos premios e recoñecementos, tal e como indicou ao principio, e di literalmente o que segue: *pese a lo innecesario de los premios y de toda la parafernalia que conllevan*. Visto isto, gustaríame preguntarlle a que foi vostede o día 2 de marzo do 2016 á cidade de Leganés a recoller - con cinismo é hipocrisía, xa que non cre neles - un premio concedido á súa traxectoria política pola formación política daquela cidade madrileña, Unión por Leganés. Un premio que lle foi entregado e no que ofreceu un discurso de agradecemento no Centro Cultural Saramago e que en anteriores edicións recibiran nomes tan coñecidos como Albert Rivera, Miguel Ángel Revilla ou Pedro J. Ramírez. Supoño que despois da súa moción o normal será que, dende esta Deputación, lle fagamos chegar aos responsables da formación política municipal que o premiou o que vostede pensa dos premios; digo eu. Tamén fala do telepremio co único obxectivo de desmerecer o noso recoñecemento. Pois ben, por máis que para vostede sexa insólito, non é a primeira vez que un premio é entregado fóra do lugar e do espazo no que ten a súa orixe. Mesmo os Premios Nobel teñen viaxado nalgunhas ocasións (perdón, estou no uso da palabra), como é neste caso. Excepcionalmente vaise entregar en Arxentina e Montevideo. Pero isto non é máis que un argumento falaz e demasiado fácil de rebater; pois o premio Ourenanía, cando foi decidido, foi acordado que se entregara, como nos últimos anos, no Teatro Principal o 11 de novembro e iso a partir da petición expresa formulada por responsables, primeiro, do Centro do Partido Xudicial do Carballiño e, logo, do Centro Ourenán de Montevideo que foi decidido o desprazamento en base a un argumento utilizado por eles e ben fácil de entender, incluso por calquera criatura; isto é, que o premio non é para as xuntas directivas dos dous centros ourensáns no cono sur americano, senón para todos os emigrantes, de hoxe e de onte, que aínda permanecen alá e que non serían receptores directos de tal recoñecemento se non se fixese alá. Non é outra razón de decidir a viaxe xa que, como vostede comprende, o verdadeiramente oneroso e imposible de executar sería traer a todos

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

os emigrantes ourensáns bonaerenses e ourensáns de Montevideo ao Teatro Principal de Ourense. Fala de 41 persoas e de 70.000 € de gasto e, novamente, volve a facer trampas ao solitario, pois a gran maioría do montante económico asignado consumirao a viaxe da Real Banda de Gaitas e a Deputación Provincial vén concedéndolle, todos os anos dende hai moitos, a viaxe anual a este colectivo; polo que o montante principal deste orzamento xa está comprometido. O único que fixemos foi facer coincidir a viaxe da Real Banda co acto en si da Ourensanía, porque estamos seguros que todos aqueles emigrantes que levan décadas sen vir a Galicia e poidan escoitar ese día o son da Real Banda vivirán un día inesquecible e, loxicamente, lle da sentido a este desprazamento que noutro caso tería lugar en calquera outro lugar do mundo. Por iso non só non se produce un caso de mala xestión, senón unha pura e axustada racionalización do gasto; todo o contrario do que vostede desexa transmitirle de mala fe a sociedade ourensá. Xa para ir rematando, direille tamén que non é incompatible coa xestión doutras necesidades que teñen a poboación ourensá noutros moitos aspectos cotiáns e que, mal que lle pese, están sendo atendidas como ben reconece a gran maioría da sociedade ourensá coa que nos reunimos a diario. Por último e xa que propón de forma tallante a eliminación completa do Premio Ourensanía, pedirle finalmente que lle traslade esa mesma cuestión a todos os premiados nas anteriores edicións e, unha vez recolla as súas respostas, volva por este Pleno para transmitirnos o que opinan ao respecto. É posible que unha vez que lle falen da experiencia que tiveron a oportunidade de vivir, xa fose no Teatro Principal ou en calquera dos outros escenarios nos que tiveron lugar, poida coller unha idea moito máis aproximada do que este premio é e do que significa. Se todo isto é pouco, direille máis. Tal e como contempla un documento elaborado a partir do encontro fundacional de Celanova, repito, non no ano 14, senón no 2005 (documento que foi elaborado pensando no horizonte do 11 de novembro do 2011 que tamén xa pasou e tivo lugar a celebración da primeira edición dos premios no Centro Cultural Marcos Valcárcel e naquela ocasión cun formato de 11 recoñecementos anuais a outras tantas persoas ou colectivos representativos dos distintos sectores que conformaban a sociedade ourensá) o Premio Ourensanía forma parte dun proxecto de concienciación social moito máis amplo. Proxecto que debería consultar con calma denantes de omitir ningunha outra opinión indocumentada ao redor da ourensanía. É un proxecto que se desenvolverá, en fin, en toda a súa dimensión co transcurso do tempo e a medida que os

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

ourensáns vaiamos tomando conciencia de que o futuro desta provincia, o noso futuro, tal e como reza no seu lema electoral ve que ben encadra na ourensanía, non é nin de esquerdas nin de dereitas, é o futuro de Ourense. Un proxecto, para rematar, que quere ser inclusivo e decisivo para reivindicarnos e para facernos saber ao mundo que Ourense, como Teruel, que está seguro que é do seu agrado, tamén existe. Por todo isto debo dicirlle, finalmente, que en canto á responsabilidade institucional sexa nosa a Ourensanía non só non a suprimiremos, senón que a través dela trataremos de desenvolver todas as ideas que proveñen da sociedade ourensá, e que no seu momento foron recollidas polos que no seu día se reuniron para o manifesto e para que Ourense fose o que debe ser, que están máis actualmente no noso pensamento. Ourense é unha sociedade diversa, pero cohesionada, non só con orgullo de ser; senón con desexos de encarar ese futuro dende unha perspectiva positivista, universalista e, por suposto, galeguista. Concepto, este último, que non teño moi claro se vostede sabe moi ben o que significa. Na miña primeira intervención, xa sei que o cansei un pouco, eu espero que quen me escoitou e que interpreten o que significa eu estou seguro que non os cansou; todo o contrario, seguro que algo escoitaron que non escoitaran. Na miña segunda intervención comentarei, darei resposta aos demais grupos, ao Partido Socialista, e a vostede tamén lle darei algunha explicación máis para que lle complemente o que lle acabo de dicir. En todo caso, créame que o fago –como lle dixen antes da miña intervención– co máximo respecto e coa máxima consideración a todos; a vostede tamén.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana:** sí, gracias. Señor Doval, dijo *en mi primera intervención...* y no habló más; pensé que iba a decir: *en mi primera intervención no más folios, no leeré más folios*. Yo creo que, para aprendernos todos esos folios, podía haber traído aquí una foto suya, ponerla ahí en el *coso* y traer un magnetófono de los antiguos y darle al *play* y ya está; haría exactamente el mismo ejemplo, no. Además, podía haberlo ensayado y leerlo algo mejor. Porque me dice a mí el tema del gallego y del castellano, *eu falo o que me dá a gana*, y después usted se pone ahí a aprendernos una historia que, además, no sé, usted habla mejor que lee. Pues hombre, debería hablar. Nosotros tenemos también gente en Democracia Ourensana que se empeña en leer y le digo: *no, hombre no, si hablas mejor que lees, coño*. Pues tú igual, tú hablas mejor que lees, no leas, *coño*. Pero bueno, es un consejo que te doy fuera de este tema. Mira, me llama la atención que traiga unos folios con todos los argumentos escritos; lo triste de traer una

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

intervención escrita es que dice muchas cosas que yo ya dije antes aquí y con otra argumentación. O sea que realmente es leer estando ausente de todo lo que ya he dicho en mi primera intervención; entonces realmente no tiene mucho el hacer... porque, claro, usted al final no está haciendo una réplica; pero no está haciendo una réplica a mi intervención, está haciendo una réplica al tema de la moción escrita. Entonces, no sé. Utiliza, ha dicho que utilizó dos veces el slogan: *no somos ni de izquierdas ni de derechas, somos de Orense*. Está muy bien decir eso *no somos ni de izquierdas ni de derechas, somos de Orense*. Decirle que ese es nuestro slogan desde el año 2007 y está en todos nuestros folletos electorales. Le doy las gracias por copiarnos el slogan porque es bonito; realmente esa expresión *no soy de izquierdas ni de derechas, soy de tal...* se lleva utilizando desde hace muchos años, a veces es poligénesis –se le ocurre a varias personas a la vez- aunque en política se utiliza ya desde hace décadas y ese es nuestro slogan: *ni de izquierdas, ni de derechas; somos de Orense*. Pero eso que dice usted es todo una mentira. Decir eso, *no somos ni de izquierdas ni de derechas, somos de Orense*, solo lo puede decir Democracia Orensana; ustedes no, ustedes son de Madrid, del Partido Popular, por eso cuando ustedes están en la oposición reclaman hacer el AVE, la llegada del AVE soterrado y en el momento que el PP va para Madrid y le dice para Orense no hay dinero, ustedes dicen AVE soterrado nada. Entonces el PSOE dice que quiere la estación de Foster y no tolera que se le hagan rebajas; pero como ahora entró Pedro Sánchez los socialistas miran para otro lado y aceptan lo que dice Madrid. Es decir, el Partido Socialista y el PP no son de Orense; son de Madrid y obedecen a lo que le dice Madrid. Por eso discriminan a Orense y llevamos años discriminados, porque ustedes no hacen nada. Y el BNG es de Santiago, por eso cuando el BNG gobernó la Xunta para Orense no mandaron prácticamente nada, porque obedece a Santiago. El único partido que es de Orense y que defiende Orense es Democracia Orensana. Por eso nuestro slogan: *ni de izquierdas ni de derechas, somos de Orense*; no sólo lo hemos utilizado nosotros desde hace 10 años, es que con nosotros tiene sentido, con ustedes no. Ustedes están a lo que diga Madrid o a lo que diga Núñez Feijóo en Santiago. Tengo que decir que he tenido mala suerte porque tengo dos ordenadores pequeños, pero se estropearon los dos y tuve que traer este mamotreto. Este pesa mucho y a veces lo utilizo para entrenar, lo suelto y corro más. Decir, antes, usted dijo que me reí, cómo no me voy a reír si usted empezó su intervención diciendo estoy muy contento por hablar en esta

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

moción, hombre, me hizo gracia, y si está contento, *carallo*, déjeme reír. *¿Que quere, que chore? O sea, estou contento e téñome que pór a chorar. Terei que rir, carallo. Digo eu, non sei.* Bueno, habla del tema de Carballiño, del tema del Centro de Carballiño porque ustedes creo que van a entregar este premio en el centro de Carballiño, ¿no? No sé si el señor Baltar ha estado allí, yo estuve allí, en el año 2011, y conocí al que era entonces el presidente – hice de hecho un documental, salió en la Diputación; una persona que me llamó la atención, yo soy una persona que soy un diletante del atletismo y me llamó la atención que con 80 años me dice el tío, que era de Carballiño, *dice: toca aquí, Jácome, toca aquí.* Tenía una musculatura impresionante, una masa muscular que se pierde con la edad y me llamó la atención la fuerza que tenía aquel señor que, además, era más bajito que yo; era impresionante, ¿no? Y tenía 80 años. Era un tío muy entrañable. Nos invitaron, de hecho, nos invitaron a comer, hicimos un documental. Sé perfectamente lo que es la inmigración porque nosotros, en mi familia, casi todos los gallegos tienen personas en la inmigración y, de hecho, cuando estuve en Argentina después fui a visitar a mis familiares que tenía en Uruguay que nunca había ido; entonces conozco perfectamente el Centro de Carballiño de Buenos Aires, conozco el Centro Gallego - el Centro Gallego ya es tremendamente lujoso, el Centro de Carballiño es mucho más humilde - y sé perfectamente lo que es eso y sé perfectamente lo que es...El hecho de que esté en contra de dilapidar el dinero público con un premio absurdo, no significa que nosotros no reconozcamos la labor de los emigrantes, desde luego la reconocemos. El tema que decía antes, efectivamente del premio de Leganés. Una cosa es que estemos a favor de un reconocimiento y otra es el tema de dar premios. Es decir, lo que le estaba diciendo antes de un premio que le entregan un tema del extranjero; si a mí en Leganés me dan un premio, obviamente un reconocimiento, a quien favorece es a mí, allí nadie conoce a Gonzalo Jácome. Entonces, a quien beneficia es a Gonzalo Jácome; entonces por eso voy porque me beneficia. Si me lo dan en otro sitio, tendré que ver si me beneficia o no. Esto es siempre un rollo de intereses. Entonces, cuando le das un premio a un norteamericano, no te viene; muchos norteamericanos no te vienen, ¿me entiendes? Porque el que se beneficia es el que se lo da. Luego, donde estuve yo, en Leganés, también se lo daban a José Ramón de la Morena; entonces ahí quien se beneficia es Leganés. Es decir, yo fui a Leganés porque me beneficié yo y cuando fue José Ramón de la Morena a Leganés, quien se benefició fue el Centro de Leganés que dio el premio; no

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

José Ramón de la Morena. Bueno, hiciste falsa analogía porque dijiste ha habido ejemplos de Premios Nobel que se han entregado fuera del lugar de Origen. Hombre, claro, a Nelson Mandela *na África non lle ían dicir: deixade saír a Nelson Mandela, que está na cárcel, que veña recoller o premio. E se llo deron alguna vez, o Nobel da Paz, a xente das dictaduras de la Unión Soviética o de China pues, obviamente, non lle van dicir deixadeos saír un momento.* Entonces, ¡pues claro! Dígame usted un premio serio que se hace itinerante, dígame uno, un premio serio. Obviamente, si está en la cárcel el premiado *non lle vas dicir, non, que o deixen saír.* Respecto a lo de lo del 2013, nosotros entendemos que este premio, tal y como está configurado, es hasta el 2013; pero si es hasta el 2005, ¿qué más da? Son pequeños fallos que no tienen sentido. Nosotros creemos que como está configurado es del 2013: que es del 2005, pois veña do 2005, gana usted ahí. Punto para el señor Doval. Luego, antes, fíjense ustedes que lo dije yo que lo tenía escrito, ¡ustedes no tienen ni idea!, ustedes consiguen votos porque es aquello de cabalgar en un caballo potente. Normalmente quien gana la carrera no es el mejor jinete, es el que cabalga el mejor caballo. Entonces, ustedes son una nulidad cuando cabalgan dentro del caballo del PP que de momento da votos. Claro, ustedes se jactan cuando consiguen votos que es gracias a ustedes, ¡no, hombre no! Es gracias al caballo del PP. Y ahora que al caballo del PP se lo van a cambiar por un burro, porque va a quedar atrás, dirán: no, es culpa del PP. No, entonces antes no era mérito suyo. Total, que ustedes no se enteran de nada y son realmente profesionales de la política. ¿O sea, usted no se da cuenta que este premio, que dice, que no tiene nada que ver con las municipales, que ya no se puede votar en las municipales? Antes sí, ahora ya no se puede. Los extranjeros no pueden votar en las municipales. Los gallegos residentes en el extranjero no pueden votar en las municipales, solo pueden votar en las autonómicas y en las estatales; pero no en las municipales. Entonces no sé por qué saca ese tema ahí de que nosotros lo acusamos de municipalismo y todo eso. Nosotros decimos que ustedes, realmente, no tienen idea de ese tema. El caso es el siguiente. El día de San Martiño es el 11 de noviembre, es la festividad, y ustedes cogen y se van a entregar este premio de Ourensanía a Buenos Aires. Yo le hago la siguiente pregunta, ¿a usted le parece normal, el día del patrón, marcharse al extranjero a darse un premio? ¡joder, habrá que pasar el día del patrón aquí! Ustedes imaginen que en San Froilán la alcaldesa, el día de San Froilán, se marcha a dar un premio a Nueva York el día de San Froilán. Ustedes imaginen

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

que en los sanfermines, el día del chupinazo, los tipos se piren a Johannesburgo a entregar un premio de San Fermín. Estás demostrándome que el San Martiño é unha merda, cando no propio día do San Martiño, a propia semana píraсте fóra, joder. Se te marchas fóra, xa e estás dicindo que é unha merda. Tú mismo estás denigrando el San Martiño. ¡Más claro, agua! Me mandan aquí un tema sobre lo que es la ourensanía también y nos dicen el tema de la web ourensania.gal; costó 11.000 € no se actualiza desde hace un año y no figura toda esta información que está diciendo el señor Doval. Y fíjese señor Doval como respeto que realmente el WhatsApp dice lo siguiente: *no figura toda esa información que está diciendo ese tío*. Pues señor Doval, no figura lo que usted está diciendo y ni siquiera está aquí en la página web. Fíjense ustedes la importancia que le dan a sus palabras que ni siquiera lo tienen en la propia página web. O sea, ustedes que se inventaron el premio ni siquiera saben lo que es el tema de la ourensanía que viene en su propia página web. Decir después que el tema de la Banda es mentira que la Real Banda de Gaitas vaya todos los años a Argentina. ¿De dónde saca usted esa mentira? La Real Banda de Gaitas no va todos los años a Argentina; va de cuando en cuando. Es que usted miente, no tiene ni idea de los datos que maneja. Y repito, nosotros no tenemos por qué pagar un viaje al extranjero a unos músicos. Esas personas si tocan y se les forma a ver qué remuneración tiene o cómo; pero pocas sociedades hoy en día, no, te lo compenso con un viaje (que me perdonen los músicos, pero es así), entonces no lo entiendo. Luego, eso es mentira. El gasto de la Banda de Gaitas va a costa nuestra. Entonces claro, lo utilizan para cada pretexto, porque estoy seguro que si a la Banda de Gaitas la mandan a otro sitio, este señor se organiza un evento en otro sitio para hacerlo coincidir porque es que hace cantidad de eventos fuera cuando coincida, antes con el Real Madrid; el otro día fue a Cataluña y la familia le estaba en Port Aventura ¿qué coincidencia, no? No estamos de acuerdo con la enmienda del PSOE porque realmente, oiga, hagan ustedes otra moción porque esto no tiene nada que ver con emendar nuestra moción. Nosotros decimos que no queremos que se den estos premios absurdos y ellos dicen cómo deberían ser estos premios. Explicándonos aquí, diciendo deberían ser en el Teatro Principal que se fije, que se suprima la dotación económica y luego dicen que participen los representantes de todos los grupos. Pues no sé, haz otra moción y plantéalo, pero en cualquier caso no tiene nada que ver con la protesta de este viaje que estamos nosotros haciendo. A mí me hace gracia porque en la enmienda que hace el PSOE no están

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

diciendo para nada que agora no se haga este viaxe, ¿no? Porque es de substitución, podía ser de adición; es decir, mira, que no se haga este viaxe absurdo. Ahora sí, pero lo que está diciendo el PSOE: no, no, el viaxe este agora que se haga y luego en el futuro....¡hombre, pues no! Aún se podrá cancelar el viaxe, si respetamos las mociones. Se cancela y punto para no hacer el ridículo; sobre todo para pasar aquí el día del patrón de Orense, que deberían ser las fiestas maiores de Orense. ¿Qué más puedo decir? No estamos de acuerdo con eso. ¡Ah! Luego me dice que le preguntemos a los premiados de las pasadas ediciones a ver qué opinan. ¡carallo! Eso es como si le preguntamos a los que fueron comer gratis al Foro de *La Región* que qué opinan de la comida, que qué tal está venir cenar aquí. *¿Que che van dicir? ¿Que che van dicir? ¡De marabilla! O premiado, ¿que che vai dicir? Teraslle que preguntar aos que pagaron os cuartos que son os contribuíntes ourensáns. Teraslle que preguntar a eles. O que recibe o premio, ¿que lle vas dicir?* Pregúntale a *La Región* qué opinan de recibir dinero público, *¿Que che vai dicir a Región? De puta madre, no cambiéis chicos.* Claro, pero pregúntaselo al que paga. E di o tío, pregúntadle a los premiados a ver qué opinan, manda carallo para o tipo. Pregúntale a un drogadicto qué opina de la droga que le dimos, pregúntale qué opina del hachís, a ver que che di o drogadicto; di: trae outra raia. ¡Joder! ¿Qué más? Pues, nada más queridos telespectadores.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz del BNG:** grazas señor presidente. Simplemente dúas cousiñas, un minuto. Ao respecto dese lema do que falaba de cando di que alguén non é de esquerdas nin de dereitas, non son de esquerdas nin de dereitas, son neste caso de Ourense; voules dar unha regra de ouro. Cando alguén lles diga non son de esquerdas nin de dereitas, son de tal sitio, non falla: é de dereitas. Non se preocupen, cando alguén lles diga non son nin de esquerdas nin de dereitas, é de dereitas. Non falla. Despois, tamén, agradézolle tamén ao portavoz de Democracia Ourense que, polo menos, poña ao BNG como unha forza que ten o centro de decisión un pouco máis cerca que o resto dos partidos que puxo de exemplo. De todas maneiras tamén lle vou a dicir, o BNG non é de Santiago, nin obedece a Santiago. En primeiro lugar obedece á súa militancia; supoño que saberán que o modelo organizativo do BNG é o modelo assembleario. Alí cando organizamos asembleas para decidir a nosa liña política, as nosas propostas están abertas a todos os militantes; non sei cal é o modelo organizativo de Democracia Ourense. En todo caso nós debémonos, en primeiro lugar, aos nosos militantes e despois, dende logo,

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

traballamos e debémonos ao que é o pobo galego; sen máis ataduras fóra dos nosos límites. Despois, volvendo ao tema do que falabamos, por aclarar ou por deixalo meridianamente claro. Nós, dende logo, recoñecemos os méritos das entidades premiadas este ano, non o poñemos en dúbida para nada, para nada, en absoluto; o que si poñemos en dúbida é o concepto que vostedes teñen da Ourensanía, ou a instrumentalización que fan vostedes dese concepto e por iso, como xa dixen na miña primeira intervención, pensamos que estes premios tal e como están formulados e en base a ese concepto que teñen vostedes e ao uso que fan del, pois deberían ser eliminados. Nada máis, nós vamos a votar, como xa dixen, a favor da moción orixinal e en contra tamén da emenda do Partido Socialista porque, en función desta formulación, desde logo non vemos que organizalo dunha maneira ou doutra poida ser algo que nos encaixe no premio tal e como está agora mesmo concedido. Moitas grazas

**D. Francisco Javier Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista:** moitas grazas señor presidente. A verdade é que non tiña pensado intervir porque xa practicamente está todo dito, pero como quedaron unhas cousas por aclarar. É dicir, señor Jácome, dentro da nos liberdade como grupo, temos a liberdade para presentar as emendas que nos parezan ben; vostede tamén a súa de rexeitalas ou non e iso hai que entendela; é o xogo democrático e pouco máis. Agora, ¿por que non pedimos nós que se suprima a viaxe? Porque entendemos que a estas alturas, a case 20 días, e xa supoño que a xente receptora da viaxe en Arxentina xa avisaron aos seus e á súa xente, xa con todo lanzado, suprimir agora a viaxe sería unha vergoña maiúscula e eu creo que os acredores do premio, dende logo, non son merecentes disto; de primeiro que se lle diga que se lles vai entregar alá – a máis eles o pediron-, e agora que se lle suprima. Nós o que si cuestionamos é custe e o diñeiro que se destina a viaxe que nos parece excesivo. Aí poderíamos entrar a discutilo. Despois, eu xa dixen que nos gustaría ser prácticos e nese sentido van as emendas; é dicir, se o premio vai seguir e mentres se manteña esta maioría, entendemos que si, o que nos gustaría é que se reformulase para que sexa un premio no que todos nos poidamos sentir e formar parte del, da ourensanía. Ese é o motivo das emendas. Por certo, unha curiosidade tamén, vemos que nos orzamentos do ano que vén, para os 2019, rebaixase a contía dedicada a este premio, de 70.000 a 30.000; a pregunta é, señor Doval, ¿xa saben que non vai haber viaxe fóra? Unicamente se é a Portugal porque imaxino que será máis barato, pero esa rebaixa do

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

premio, ¿xa saben quen vai ser o destinatario para, con esa antelación, baixar dos 70.000 aos 30.000? Nada máis, do resto dicir que mantemos as nosas emendas e pouco máis que dicir.

**D. Manuel Doval Soto, do Grupo do Partido Popular:** moitas grazas. En primeiro lugar, señor Jácome, con todos os meus respectos – vólvolle dicir outra vez – lamento profundamente que vostede fixera unha referencia á persoas que están presas por una adición - dixo vostede – pénsese, son persoas que teñen un problema. Ogallá que vostede, nin ninguén da súa familia teña un problema dese tipo; é tremendamente grave. Pídlle que pida desculpas por esa expresión tan absurda, tan fóra dunha persoa como vostede. Nunca pensei que vostede faría ese *chascarrillo*, unha persoa que é adicta ao que sexa. Por favor, respecte vostede a todas as persoas que teñen unha adición, porque teñen un problema que non o elixiron. Ao mellor, vostede tivo máis sorte e non o empuxou o medio no que viviu, ou a súa realidade, non o empuxou a esa situación. En canto ao señor do Bloque, cando eu dicía ourensanía, a ourensanía é a que non é de nada. Se a maioría da xente vota como vostede cre que vota, porque pensa que é así; pero dende logo teña –vaille tamén para o señor Jácome - eles, sinceramente, iso de que *eles son non sei que*, eu creo que non o demostran, polo menos eu non llo teño demostrado. Polo tanto, así que, a ourensanía é a que non é de nada; despois, cada un somos do que somos, vostede é do que é, nós somos do que somos. Tamén dicirlle ao señor Jácome que eu nunca fun asalariado da política nin teño pensado selo. A única cousa que fixen foi estar a disposición do meu pobo e de todos os cidadáns con independencia de como pensen, de dereitas, de centro, de esquerdas, ou como sexa; iso é ser demócratas, o demais...os seus intereses, porque xa lle direi despois o que creo. En canto ao que di o portavoz do partido socialista, dicirlle que, efectivamente, este foi – e vou ler a acta, vou resumir a acta - *concedeulle o Premio Ourensanía de xeito conxunto ao Centro Partido do Carballiño en Bos Aires e ao Centro Ourensán de tal... Despois, unha vez concedido o premio, os representantes de ambas as dúas institucións solicitan que o premio fose entregado nas cidades de Bos Aires e Montevideo, o que suporía unha grande homenaxe aos galegos que alí viven, facendo extensivo, á quinta provincia galega e tamén á memoria dos que levaron á terra nai no fondo das súas entrañas e que xa non están. Atendendo á xusta demanda, na Xunta de Goberno do día 21 de agosto, pois tomouse o acordo para a cousa. Xa digo, é excepcional, sempre se entregou en Ourense e, dende logo, salvo unha excepción que si estivese xustificada, pois*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

podería ser, non sei cando; pois vai ser así. En canto ao tan manido custe da viaxe, ¿por que vai a Real Banda? A Real Banda leva ido a Bélxica, no ano 89; no ano 92, a Indonesia, Francia, República Checa, Bélxica; no ano 93, Francia, Escocia, México, Alemaña; no ano 94, varias cidades de Alemaña, Italia; no ano 96, República Checa, Xapón; ano 98, República Dominicana, Estados Unidos, Francia, República Checa, Italia, Roma, Arxentina, Uruguai; 1999, Corea do Sur, Venezuela; 2000, Estados Unidos, Alemaña, Cuba; ano 2003, Estados Unidos, Francia, Inglaterra; 2004, Italia tamén...*Bueno*, podería seguir dicíndolle. ¿Sabe unha cousa? Os alumnos da Real Banda, creo que teñen dereito a que, dalgún xeito, se lle compense o traballo de todo un ano de aprendizaxe e, despois de demostrar que a Real Banda é de todos os ourensáns, e polo tanto que se lle conceda unha vez ao ano unha viaxe que, ademais, sempre actúan e deixan o nome de Ourense e de Galicia alí por onde van; pois vostede interprete o que queira. Dende logo, a Real Banda de Gaitas da Deputación non é a Banda de Ourense á que vostede parece que tanto aprecia; vostede falou antes da Banda de Ourense, fixo referencia á Banda de Ourense. Dende logo a Banda de Gaitas seguirá sendo porque representa a todos os ourensáns, os de aquí e tamén os de acolá. Por iso o maior custe é do desprazamento de todos os instrumentos e das persoas da Real Banda e so 11 persoas que representarán institucionalmente a Ourense son as que supoñen un gasto, porque a Real Banda iría, como todos os anos, a Arxentina ou a outro país. En canto á moción do PSOE, *que se suprima.....*, xa llo expliquei. *Que, en adiante, participen os demais grupos*, home o premio son persoas con coñecemento e, dende logo, non estamos tampouco nós alí, soamente está o presidente e nada máis, nin o noso grupo; iso non quere dicir que nun futuro o presidente decidirá se, ben... Dende logo, dicirlle que o próximo ano entregarse no Teatro Principal como se vén facendo. En canto, xa, á miña segunda intervención xa máis dirixida ao autor da moción, así en específico; señor Jácome despois de avaliar as súas intervencións no Pleno, e hoxe unha vez máis tamén, veño observando que vostede interpreta a realidade en clave exclusivamente economicista; así o leva feito. É a miña única apreciación que non sei se os demais así tamén a entenden. Quérolle recordar o complexo Bamio; supoño que hoxe xa será máis ganga, igual o regalan. Ou sexa que, ao mellor, alguén ten oportunidade, así que asesóreo porque ao mellor ata merece a pena adquirilo por pouco diñeiro. A Banda Municipal de Ourense, da que vostede falou; pero eu dende logo non lle vin que fose...incluso fixo vostede aquí unha intervención e fixo unha petición de que a Banda de Ourense fose substituída pola

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

Real Banda de Gaitas. A Real Banda, dende logo, non é unha charanga para ir dando polas *calles* pasarrúas. Desde logo tamén ten unha visión de vivir na gran cidade, para vostede os que vivimos no....Demóstrao, voulle dicir máis, xa se nota co parque acuático; xa se nota co parque acuático o que pensa vostedes dos que vivimos no rural. Xa sei que a vostede a cultura e a educación lla trae ao pairo. Vostede ten unha visión raquílica. Para vostede o que non é rendible, elimínalo; rendible economicamente. A vostede a cultura e todo iso parece que non lle interesa moito. Pensa en clave de veciño de gran cidade. Para os que vivimos en concellos do rural, ten vostede outra escala de valores e tamén de respostas ás súas demandas. ¡Que máis dá! Se non lle recollen o lixo, iso non é rendible. A Deputación que non recolla o lixo no rural, é igual porque eses que viven alá, que son pouco, alá no meu pobo....Que utiliza vostede o galego, vostede só utiliza o galego cando se refire aos concellos do rural, porque como se dirixe a eles, alí si fala en galego: *alá no meu pobo en Parada do Sil...* Pois non, home, non, pode vostede utilizalo a cotío que seguro que o entende perfectamente e o sabe falar, pois utilíceo tamén para os da cidade. Vostede nos Plenos do Concello utiliza o castelán sempre; aquí tamén utiliza o castelán. Soamente cando lle convén...tal. Amósao, tamén, na moción que trae hoxe ao Pleno. Négalle vostede aos centos de miles de galegos o seu dereito. Falou vostede do Centro Galego de Bos Aires, falou vostede do Centro Galego de Montevideo, falou vostede de todo iso; pero hoxe, hoxe (quédelle claro, vostede pense o que queira, os demais e os que me escoitan e os que están presentes aquí xa interpretarán o que eles consideran oportuno que seguro que van máis ben polo que eu digo) négalle aos centos de miles de galegos e galegas o seu dereito a selo; pois pretende que non teñan oportunidade de recibir dignamente o Premio Ourensanía que levan con orgullo e fan patria en calquera lugar do mundo no que se atopan. Teña a seguridade de que así é. Estou seguro que saberán valorar o que vostede pensa deles. O Centro do Partido do Carballiño cumpre 100 anos de historia e celebra actos durante a semana que se lle entregará o premio; por iso se fai tamén nesa data e non se fai noutra. O que vostede di de que o día de San Martiño o señor presidente se marcha de Ourense, tamén é alí Ourense, tamén é alí a quinta provincia galega, tamén é alí Ourense. Ourense, a provincia de Ourense, non é os límites xeográficos; é bastante máis ca iso. Dende logo, teña a seguridade de que, cando menos os galegos que emigraron son, cando menos, e merecen o respecto e merecen estar con eles o día de San Martín - os ourensáns - que tamén é o seu patrón, merece estar con eles o día de San Martiño porque os demais días do ano xa

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

estivemos aquí. Pois ese día, o día 11 deste ano, eu congratúlome de que esteamos alí presentes con eles; merecéno. Merecen iso e bastante máis, porque eles fixeron - todos eles, os de agora e os de antes - fixeron moito por nós, seguro, porque vostede falou, tamén os seus antepasados, tamén fixeron por nós. Eu aínda os teño presentes en Arxentina. Nunca me pediron nada, todo o contrario, porque entre outras cousas demostraron sempre o cariño cara aos que estamos aquí e iso non se paga con diñeiro. Como dixo, o Centro Ourensán do Carballiño 100 anos. O Centro Ourensán de Montevideo ten 70 anos de historia e creo que tamén merece. Democracia Ourensana – vostede dixo antes, que era o único partido - amosa renegar quizais das dúas cousas, polo que veño observando, no que hoxe trae a debate; pódese afirmar, máis ben, unha vez máis, eu diríalle máis que Democracia Ourensana, e permítame a miña interpretación e con todo o respecto, máis ben eu diríalle a vostede titúlea *Demagogia Orensana* que é o que vostede soe facer aquí nos plenos: interpreta, vai falar de Estados Unidos e esas cousas. Pero, de todas formas, eu como son respectuoso, alá vostede. A ourensanía é un sentimento que reivindica aos que nacemos nesta terra, con independencia do lugar no que nos atopamos e a aqueles que emigraron e que lle transmitiron aos seus descendentes. O Premio Ourensanía do presente ano trata, nin máis nin menos, de recoñecer os esforzos das galegas e dos galegos que tanto fixeron pola nosa lingua, pola nosa cultura e tamén pola nosa riqueza e que sempre mantiveron vivo o seu orgullo de ser ourensáns. Nada máis e moitas grazas, espero, por certo voulle a pasar – por favor, acérquenlle - o Manifesto da Ourensanía, que eu creo que, se o le vostede - que sabe ler perfectamente e como presume de ser moi intelixente - seguro que, cando veña ao próximo Pleno, seguro que no seu foro interno, aínda que non o manifeste, seguro que cre máis nela. Estou seguro que así será. Aínda que non o manifeste porque vostede fala en clave de que o vexan na televisión e dende logo que escoiten o que vostede transmite como se fora un dogma de fe. Nada do que vostede di é dogma de fe, é vostede un gran negociante e empresario; eu véxoo aquí como empresario; lamento moito velo así.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana:** gracias. Bueno, *turno breve de peche*, intentaré no ocupar en las próximas intervenciones que me quedan en este pleno ser terriblemente breve para no alargar este Pleno; pero en esta tendré que contestarle a tan extensa intervención que me dio aquí el señor Doval. Primero, yo nunca dije que fuera muy inteligente, yo intento demostrar que soy inteligente; pero decirlo así,

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

jactarme yo creo que no, nunca lo he dicho. Lo de dogma de fe, bueno, pues nada. Tampoco he dicho yo que soy un gran empresario. Yo soy un emprendedor, pero no soy un gran empresario porque no le dedico mucho tiempo a la empresa, le dedico siempre muy poco tiempo a la empresa. Entonces, es verdad que soy una persona que vivo del sector privado, pero no soy un gran empresario porque nunca le he dedicado tiempo por vocación. Soy un emprendedor que lleva varios proyectos; pero realmente empresario no me caracterizo por eso. Quisiera decir que hay una frase, no sé si es de Gandhi, *primero te ignoran, luego se ríen de ti, luego se enfrentan a ti y luego pierden*. Pues yo creo que es un poco lo que está pasando un poco aquí en esta transformación del Partido Popular con Democracia Ourensana; primero nos ignoraban, luego se reían de nosotros, ahora están en el momento en que se enfrentan a nosotros por eso el señor Doval ha hecho algo que rara vez se ha hecho aquí que por primera vez se hace en este Pleno, yo se lo agradezco, que es dedicarle, en total de su intervención, unos 30 minutos de ataques - que me gustan, obviamente ataques políticos - a Democracia Orensana, con lo cual significa que nos están valorando, mucho; significa que sus encuestas ya les están diciendo qué está pasando. Entonces, nos gusta. A partir de ahora puedes seguir atacándonos o ignorándonos; pero me gusta haber llegado a esta fase a la que nunca habían llegado. El discurso del señor Doval fue constantemente contra Democracia Ourensana que nunca nos había dedicado tantos adjetivos y que tiene que ver con esa frase, creo que era, de Gandhi. Están en la fase en la que ya se están enfrentando a nosotros; ya no nos ignoran ni se ríen de nosotros. Están en la de enfrentarse. Espero que lleguen a la de eso... Hizo una falacia que se llama falacia ad *miserordiam*, o también un tipo de chantaje emocional, en el que decía que nosotros nos reíamos o era un desprecio hacia los drogadictos. Apeló a los sentimientos, falacia ad *miserordiam*, pero también es un tipo de chantaje emocional. Entonces, nosotros en ningún momento nos reímos de los drogadictos, ni despreciamos a los drogadictos y ahora le voy a decir por qué; quien los desprecia es el Partido Popular y José Manuel Baltar en concreto. Nosotros a los signos le damos muy poca importancia y usted sí. Usted me recuerda a una vez en un tema que era de una película en la que, en un internado, un profesor mataba a un niño a patadas y, al acabar de matarlo, sacaba el pañuelo y se limpiaba toda la sangre y lo doblaba con suma educación y lo volvía a meter en el bolsillo porque era un tío que, ante todo, guardaba las formas. Bueno, pues parecen ustedes una cosa similar.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

Nosotros podemos decir, lo que dije antes es como si le preguntas a un drogadicto qué tal de la droga; pues obviamente te va a decir, si está enganchado, de *puta madre*. Pero igual que el que está enganchado a gorronear comidas; porque también hay adicción a robar comidas y a vivir de la teta del estado y eso también es una adicción. También dijo usted: *el drogadicto no lo escogió*; perdona, estoy de acuerdo, no existe el libre albedrío. La gente que chupa de la teta del estado tampoco lo escogió y los que se dedican a la empresa privada tampoco; porque no existe el libre albedrío. Pero ahora te voy a decir por qué quién se ríe de los drogadictos y los despreciáis sois vosotros. Pues mira, yo puedo contar aquí una anécdota y un chascarrillo sobre el tema de las drogas, o del alcohol, o de quien dice otro tema, ¿vale?; pero cuando se trata de ayudar a los drogadictos, a la gente con ese problema, Democracia Orensana en el Concello de Orense rescata los servicios sociales y le dice al PP: *no, no, nosotros queremos que se aumente la partida de ATOX y de Proyecto Hombre en un 40%*, ¿vale? Y en Orense se aumentó la partida a ATOX (Asociación de Toxicómanos Orensanos) y a Proyecto Hombre, ya que ayudan a los toxicómanos y alcohólicos en un 40% porque lo pidió Democracia Orensana, lo exigió, para llegar a un acuerdo con el Partido Popular en agosto de 2017, ¿vale? Gracias a DO. Pero ojo, desde entonces no han cobrado porque el Partido Popular, con el alcalde que es un negligente, fue incapaz de hacer los trámites burocráticos y están sin cobrar. Eso es hacer daño a los drogadictos. Pero es que ese señor que está ahí, José Manuel Baltar, le quitó la subvención, la aportación que nosotros creemos que es buena a Proyecto Hombre. Eso es perjudicar a los drogadictos y no aprovecharse de si Gonzalo Jácome hace alguna vez un chiste y una anécdota. Lo que es joder a los drogadictos es lo que hizo ese señor que no recibe al de Proyecto Hombre en Galicia y le quitó la subvención que le daba el que le dio la herencia de esta Diputación. Nosotros estamos a favor de que se le dé dinero a Proyecto Hombre, ¡claro que sí!, y él se la quitó. Entonces, ¿qué me vienes hablando tú de los drogadictos, joder, si sois los que realmente le ponéis un pie en la cabeza? Después has dicho también lo de la Banda de Gaitas, has dicho todos los sitios en los que han estado, falacia *ad antiquitatem*, sobre la antigüedad. ¿Desde cuándo lo que se ha hecho en el pasado es bueno? Segundo, pues vaya mérito del *carallo* es haber ido a todos esos países con dinero público de Orense. Lo que sería un mérito es que la Banda de Gaitas fuera a todos esos países como va U2 porque te llaman y te pagan por verte; ahora, si lo pagas en origen tú,

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

¿dónde *carallo* está el mérito? Mañana mismo yo, Gonzalo Jácome, me comprometo a tocar el teclado, que es lo que toco, en la puerta de Johannesburgo, no, perdón, en la puerta de Brandemburgo (estaba pensando antes en Mandela, en Sudáfrica, por eso me salió eso), en la puerta de Brandemburgo me comprometo a tocarlo allí. Me pagáis el viaje, me pongo el teclado y ya no hace falta que ponga gorra para que me den pasta y os mando unas fotos. Jodes, si pagas en origen con dinero público, ¿dónde está el mérito? *¡manda carallo para o tipo!* Bueno, después me dice: *¿acaso no tienen derecho a recibir el premio?* Pero eso es como si dicen los de la comida: *¿acaso no tienen derecho a papar?* Claro que tienen derecho a papar, el mismo que tengo yo a que no se dé ese dinero público para ellos, ¡joder! Eso se llama falacia de conclusión irrelevante. Algunas las acuñé yo, otras no. Luego me dice que la Banda de Gaitas es una forma de pagarle la actividad que hagan. Perdona, eso es ilegal porque es un pago encubierto; eso tiene que estar regulado porque tendrá que salir a concurso. Eso es totalmente ilegal. Es que si fuera tan fácil ya hubieran rescatado en Orense a la Banda Municipal que no lo dan hecho. Por eso, atención a lo que voy a decir de la Banda Municipal de Orense que es fascinante, llevan tres años y medio sin ella porque es incapaz de hacer el pliego el alcalde de Orense, porque es un inútil ya sabéis (si no lo sabéis ya os lo digo yo en primicia), es un inútil y es incapaz de hacer el pliego de la Banda de Música; pero tiene más pliegos sin hacer. Fijaros hasta qué punto es una persona que gestiona mal Orense que lo va a sacar antes de que acabe el mandato; es decir, por lo que más se va a esforzar no es por tener actualizado el pliego del agua, ni de la ORA, ni de los buses, ni de los semáforos; sino de la Banda de Música, es a lo que más importancia le da. Quiere sacar ese pliego antes que todos los demás que es para alucinar, ¿no? Respecto a lo del Bamio dice: *usted sólo piensa en clave economicista*. Bueno, pregúntele aquí a la interventora, dígale usted a la interventora que no piensa en clave economicista y luego la gente ¿para qué cree que elige a los representantes? Para que administren sus recursos. Por supuesto, aquí es donde debemos establecer lo que es necesario y lo que no y nosotros consideramos que este es un viaje superfluo que no se debe hacer porque estamos pensando, obviamente, en clave economicista que luego se traslada en dinero que tienen los orensanos o no y de ahí dependen sus vidas, obviamente. Usted cree que es coger dinero...claro si el dinero lloviera del cielo, yo veía bien ir a Argentina. Ahí solamente habría que pensar en clave de sentimientos, le voy a dar una alegría a los de Argentina

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

porque el dinero viene del cielo; pero oiga que el dinero viene de los orensanos, es gente que se queda aquí sin él para que ustedes se vayan a Argentina a hacer turismo y a dar dinero allí en vez de que venga el dinero para aquí. Luego me dice que yo soy una persona que vivo en la gran ciudad, que tengo mentalidad de gran ciudad. Ojalá. La última vez que yo viví en la gran ciudad fue en el 90, estuve en Estados Unidos a finales de los 80. Ojalá nunca me hubiera venido de la gran ciudad. Pero chamarlle a Ourense unha gran ciudad, ojalá fuera una gran ciudad Ourense de verdad, pero bueno. El tema de *galego falar* pues quedará para otra ocasión para no mezclar temas. ¿Qué más? pues nada más que dice que os de alí tamén son de Ourense; co cual no día de San Martiño di que é bo ir alí porque os de alí tamén son de Ourense. No, oiga, hai moitos vascos en Madrid. O Pleno de San Fermín o próximo ano que se faga en Madrid porque alí, en Madrid, tamén hai moitos vascos entón vamos pór na Gran vía, ademáis hai que facelo sen avisar, soltar os toros sin avisar na Gran Vía e facer un encierro alí. Eso puede ser espectacular, é dicir: non é que os vascos, tamén hai vascos en Madrid. Tiene que ser un *show* aquello; además cuesta abajo por la Gran Vía es más rápido que por Estafeta. Imagina allí, la curva del Banco de España, ¿no es allí lo del Banco de España? Perdón, la Plaza de España; pues le van a llamar la *curva de la Plaza de España* los de los toros, muchos subirían por Princesa arriba. Oigan, no crean que vengo aquí a presumir de Madrid, son las únicas calles que conozco de Madrid porque yo a Madrid siempre iba a ver a la misma persona y entraba por Moncloa con el coche, iba por esas calles que eran Princesa - Gran Vía e volvía. Sólo conocía esa ruta, *non coñezo outra*. ¡No me dejes por el Bernabéu que me pierdo! ¿Qué más? Nada, que me dice que ourensanía es un sentimiento para os que nacemos aquí, Hombre, lo puedes decir de cualquier sitio; de Muíños, *muiñería* es un sentimiento de Muíños tamén. Respecto al PSOE, ya para ir acabando, eso, del mismo modo que tienen libertad para hacer enmiendas, nosotros también para rechazarlas. Eso también se llama falacia de conclusión irrelevante. Dice, tenemos derecho a hacer enmiendas, pero ¿quién niega eso? Lo que estamos diciendo es que creemos que la enmienda no procede y nada más. Decir que a vente días no se puede suprimir un viaje; perdona, ustedes en el PSOE hasta suprimieron un candidato veinte días antes de unas elecciones en el año 2007. ¡*Carallo* si se puede! No, fue en el 2003 cuando entró Paquiño Vázquez. Si se puede suprimir un candidato...el propio PP suprimió un candidato a las elecciones autonómicas del 2005, cuando llevaban a

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

aquel tipo que luego le saltaron que tenía dinero en paraísos fiscales, aquel que estuvo en Abanca. Si se puede suprimir un candidato antes de las elecciones, ¿cómo no se va a poder suprimir un viaje? Recuerdo que era cuando las papeletas que como se suprimió al candidato se decía que no se le tachara las papeletas porque no se le podía tocar a las papeletas que era voto nulo; es cuando yo le dije a Baltar padre: *entonces ¿que hai que facer, tachar as papeletas e poñer o nome do novo candidato?* y me decía Baltar padre: *¡non, eso non, que non lle toquen as papeletas!* y yo: *pero ¿hai que tachar o nome e poñer o nome? ¡Que non, que non!* Fuera muy cachondo aquello. Bueno, decir además que la gente de Argentina entendería perfectamente que se suprima el viaje porque se discutió que, para no hacer despilfarro económico, se suprimía. Le voy a decir por qué lo entenderían, porque si son empresarios gallegos que viven allí entienden perfectamente lo que es el trabajo y lo que es el dinero. Y entienden perfectamente que el dinero público no se puede despilfarrar, que lo entienden mejor los que están en el sector privado, y ¿sabe por qué se lo digo? Porque ustedes tienen la mentalidad funcionarial que la gente no lo entendería y la gente que vive del privado entendería perfectamente que se cancele un trabajo que es un gasto superfluo y digo por qué. Una vez aquí yo traje en el año 2003 a Paul Craig, que era el campeón de escaleras del Empire State Building que competí yo con él, yo sólo lo vi de lejos, lo perdí pronto de vista y como no hay contacto visual en las escaleras en seguida deixei de velo. Bueno, pues el tema es que esta persona vino aquí a Orense porque yo lo invité a pasar unos días, había entrenado en el hotel en Benidorm que competimos allí y le dije vente a Orense una semana y vino a Orense. Lo recibió el presidente de la Diputación, lo recibió alguien aquí en la Diputación y le regalaron una porcelana preciosa y un regalo precioso que le hicieron, o algo así, y el tío flipaba: *¿por qué me regalan esto a mí con dinero público?* Claro, el tío era australiano, venía con otra mentalidad y no entiende esos conceptos a los que aquí estamos acostumbrados. Ustedes creen que el utilizar el dinero público para todo es normal, no, es normal en sus cabezas; en las cabezas de los que vienen del mundo real dicen: *¿Pero esto qué es? ¿Qué carallo es esto?* Así empecé yo en la política cuando un día fui a ver a Arco da Vella (el grupo aquel de Arco da Vella de Manuel Brañas) que tenía yo varios amigos y vamos a un pueblo y estaban tocando y había cinco personas y el concierto costaba 400.000 pesetas. Dije yo, ¡ostia, 400.000 pesetas divididas entre los que estamos...esto esta fatalmente gestionado! Y así fue como empezó mi

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

vocación política. Respecto a lo que dijo el de Bloque, ya para acabar, es simplemente decir que lo que el Bloque acaba de decir que *todos los que dicen que no son ni de izquierdas ni de derechas, son de derechas*. Quien dice esa frase son los de izquierdas. Los de izquierdas dicen que los que dicen que no son ni de izquierdas ni de derechas que son de derechas. Tienen esa paranoia, esa superioridad moral. Lo he oído muchísimas veces, cuando alguien dice que no es de derechas, es de derechas. Eso lo dicen los de izquierdas porque sí, como dicen también que el voto del PP es súper fiel, que tiene un suelo y que de ahí nunca baja; pero yo he examinado los datos desde el 2005 y veo que el PP y el PSOE pierden votos por igual. Entonces, decir eso es algo gratuito: el voto del PP es más fiel. ¡El voto del PP es más fiel, igual que el del PSOE, hombre! De hecho ya se vio en Cataluña que llegaron a tener 19 diputados y quitaron 4 en las siguientes, perdón, quitaron 4 en las últimas. Y el Partido Popular que llegó a tener 29.000 votos, ahora está en 16.000; pero va a bajar a 9.000. ¿Dónde está el suelo del PP? É igual que o do Bloque, o Bloque tamén se dicía que tiña suelo e desapareceu de Ourense, na cidade. Nada más, está claro que sí le puedo garantizar que estos son los últimos premios ourensanía, frikis, que se hacen porque el próximo año ese señor, gracias a Dios, no estará ahí y ¿sabe por qué? Porque nosotros nos encargaremos de decirle a todo el mundo que votar a un alcalde del PP es votar a Baltar y hay que cortar esa conexión para que lo entiendan. Cuando no se le vote a un alcalde del PP, este cáncer desaparecerá de Orense.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 5º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 5º](#).

Non se producen máis intervencións someténdose a votación en primeiro lugar a emenda presentada polo Grupo Socialista, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8) e o voto en contra do Grupo Popular (14), de Democracia Ourense (2) e do BNG (1).

A continuación sométese a votación a moción de Democracia Ourense, que é rexeitada ao obter o voto favorable de Democracia Ourense (2) e do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (14) e a abstención do Grupo Socialista (8).

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

**6º.- MOCIÓN DO GRUPO POPULAR PARA A EQUIPARACIÓN DO NÚMERO DE EFECTIVOS QUE INTEGRAN OS GRUPOS DE EMERXENCIA SUPRAMUNICIPAIS DA PROVINCIA DE OURENSE.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Popular para que expoña o contido da moción:

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** grazas presidente. Tentarei ir rápido porque antes das 13 horas debo ausentarme por unha cuestión persoal. En todo caso, vexo que se marcha o señor Jácome. Espere un pouco, xa que vostede exhibiu un periódico, eu voulle exhibir algún máis, porque vostede solo saca periódicos cando lle interesa e os que lle interesan. Mire vostede, páxinas destes días: *los hoteles de la capital y de las principales comarcas alcanzan el lleno en el puente del Pilar. Orense provincia del interior donde más crecieron los viajeros de este siglo. La provincia completó el verano turístico de su historia.* Sen máis, aí queda iso. Logo, fala vostede de criterio economicista. Eu pediríalle que non terxiverse as miñas palabras e moito menos que as interprete á súa maneira, que está no seu dereito, pero eu estou no meu de pedirlle que non o faga. Mire, di a Real Academia que economicista é *darlle primacía aos factores económicos sobre os de calquera outra índole.* A iso referíame eu, a cultura é sempre deficitaria, señor Pérez Jácome, sempre, como outras moitas actividades, sempre. *Bueno*, xa vexo que vostede disto *capisca* pouco que non tivo nunca responsabilidades de goberno; se algún día as ten, cousa que dubido, entenderá o que lle acabo de dicir. Polo tanto, as Administracións Públicas están para iso, para potenciar determinadas actividades, entre elas a da cultura, señor Pérez Jácome. E iso non quere dicir que teñamos que equilibrar gastos e ingresos; senón ¿para que están as administracións públicas? Se o diñeiro é público, reverte na cidadanía. Pero, bueno, vexo que a súa ideoloxía e a súa maneira de ver as cousas é bastante distinta á que temos nós. Para nada falei de poñerme en nómina de Democracia Ourensana, dixen na súa canle de televisión, que non é o mesmo, pero xa vexo que a vostede traizoouno o subconsciente e para vostede é o mesmo. Entón, con todo o respecto e simpatía case lle diría que, agora que imos para una campaña electoral pronto, que cambie o de DO pois por Partido de Jácome, que podería ser PDJA que non é o mesmo que PG, nin PPdG, nada que ver. Ademais, ata soaría ben aquilo, estilo Zapatero: Vota ZP, vostede Vota J. Ata non quedaría mal, ¿verdade que non? Dito iso, ao que nos ocupa. Estou seguro, referíndome á

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

moción xa, que todos vostedes leron con atención a moción pero considero que debo darlle unha lectura, xa que é breve, á exposición de motivos desta para que a xente que nos está seguindo neste Pleno teña coñecemento do que pretendemos aquí. Di a exposición de motivos:

*O próximo 31 de decembro de 2018 finaliza o actual convenio regulador dos Grupos de Emerxencia Supramunicipais, os coñecidos como GES, vixente desde decembro de 2015: creados no ano 2003 como resultado da colaboración entre a Xunta de Galicia, a FEGAMP e as catro Deputacións galegas.*

*Os GES constituídos por toda Galicia demostraron, en todo este tempo, a súa efectividade para facer fronte a situacións de emerxencia, prevención e defensa contra incendios forestais.*

*Desde xullo do presente ano, o grupo de traballo dos GES, da FEGAMP e a comisión de seguimento de convenio dos GES –da que forma parte esta Deputación– veñen a manter diversas reunións nas que se están a estudar as modificacións necesarias cara á mellora do servizo; cambios que quedarán reflectidos no próximo convenio que, fundamentalmente, se refiren á definición das funcións e tamén ao financiamento e, como digo, á súa composición.*

*Na actualidade –dato importante– a provincia de Ourense conta con 9 GES con base en Pereiro de Aguiar, Ribadavia, Avión, Muíños, Lobios, Laza, Castro Caldelas, A Gudiña e o Barco; integrados por un total de 92 membros. Non obstante, o número de persoas que integran cada un destes grupos non é homoxéneo. Así, O Barco, Castro Caldelas, A Gudiña e Pereiro de Aguiar contan con 12 membro; mentres que Lobios e Ribadavia, 10; Avión e Muíños, 9 e Laza, 6.*

Unha vez escoitados aos alcaldes dos concellos (coa maioría deles tentei falar) nos que se ubican os GES evidentemente todos eles coinciden en sinalar que o número idóneo de persoas que deben integrar estes grupos para prestar nas mesmas condicións, os mesmos servizos os 365 días do ano e as 24 horas do día é o de 12 como teñen os catro aos que me referín. Polo tanto, o noso grupo propón, dado que consideramos que é o momento oportuno para elo: solicitar a homologación do número de integrantes dos GES na provincia de Ourense, para que todos conten con 12 persoas e, por suposto, dar traslado do presente acordo á Xunta de Galicia e á Federación Galega de Municipios e Provincias.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

Nada máis e moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG:** moitas grazas señor presidente. Nada, simplemente dicir que nós vamos a votar a favor. Vamos a apoiar a proposta do Partido Popular porque a situación foi perfectamente explicada polo portavoz. Neste caso, segundo nos din hai unanimidade na comisión de seguimento dos convenios dos GES na FEGAMP ao respecto desta exposición; entón todos coincidimos en que o lóxico é que o número de efectivos sexa o mesmo para todos os GES e nesa liña vai a proposta concreta, co cal nós, como digo, nós vamos a votar a favor. Moitas grazas.

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana:** ola, bos días a todos. Vou empezar a miña intervención un pouco respondéndolle ao comentario que fixo o portavoz do Partido Popular, aínda que llo fixo ao meu compañeiro, Plácido sacou aí uns titulares de prensa. Soamente dicirlle que o que nos interesa a nós son os datos fríos que da o Instituto Nacional de Estatística, porque os titulares de prensa cos mesmos datos poden dar a entender unha cousa ou outra segundo lle conveña ao periódico, ou segundo lle conveña a quen subvencione os periódicos. O que dicía Churchill de *só creo nas estatísticas que manipulei eu mesmo*. Entón para nós os titulares de prensa teñen pouco valor porque son perfectamente, todos o sabemos, manipulables, e os mesmos datos pódense establecer nun titular de forma que dean a entender unha cousa ou a contraria. Dito iso, vamos concretamente xa ao contido da moción. Adiantouseme o portavoz do Bloque dicindo que na exposición de motivos estaba perfectamente explicada a problemática. Tamén coincidimos en que os profesionais son os que saben do asunto e se eles din, dentro da súa experiencia, dentro da súa preparación profesional, que os grupos deben de ser de 12 persoas, nós non o imos a poñer en dúbida. Xa saben vostedes que adoitamos absternos no que son instancias, consideramos como un brinde ao sol; pero tamén saben que cando esas instancias, ou esas solicitudes (aínda que interpretemos que teñen un gran compoñente de brinde ao sol), refírense concretamente á provincia de Ourense, votámolas sistematicamente a favor. Neste caso a moción fala, precisamente, dos GES da provincia de Ourense; polo tanto é unha moción que nos atinxe directamente. Polo tanto, imos a votar a favor da moción. Grazas.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista:** grazas presidente.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

Nós tamén votaremos a favor. Estamos de acordo coa proposta que fai neste caso o grupo maioritario; é dicir que se equiparen en número todos os GES que hai na provincia. É certo que os que el comenta, no seu momento era un GES que se separou en dous, eu creo que por operatividade dos mesmos grupos e tamén, porque non dicilo, é, aínda que escasa, unha maneira pequena de asentar poboación e de asentar xente no rural. Aproveitando que o señor Plácido forma parte desa mesa de seguimento, aínda que non teña que ver coa petición en si nin co motivo da moción, pedirlle que, na medida do posible, aquilaten, determinen, iso do que tantas veces temos falado dos traballos preventivos nos diferentes concellos dos que forman parte dos GES. É unha encomenda e un labor que lle poñemos para esa mesa. Polo demais estamos de acordo coa proposta e vamos a votar a favor desta.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** grazas presidente. Moi brevemente, agradecerlle aos grupos o apoio a esta iniciativa que é unha iniciativa de provincia, non para nada ten *tintes* localistas. Simplemente dicirlle ao señor Fraga Civeira que é un tema dos que se está a falar, de todas maneiras hai discrepancias dos representantes das deputacións neste tema, vostede supoño que o sabe, e trataremos de chegar a un consenso como é mester porque o fin último do que nós facemos é atender ben aos cidadáns, sexan da provincia que sexa. Referíndome brevemente ao señor Ojea, que a verdade non sei se o traizoou o subconsciente ou realmente o que dixo pénsao. Iso de que vostedes só lle fan caso ao que di o INE espero que non sexa ao señor Tezanos no CIS, que ese ¡coidado como cociña o home! Entón vamos a supoñer que os datos do INE son certos e ben. Pero non poña vostede en dúbida o labor duns profesionais dos medios de comunicación. Vostede xa sabe que eu teño as miñas diferenzas con algúns, incluso algún anda por aquí, pero non ten nada que ver; eu penso que todo o mundo é honrado e iso de *comer no pesebre*, que vostede non dixo pero insinuouno, non creo que faga que os titulares sexan dun xeito ou doutro. De manipulación falou vostede, non eu; supoño que terá datos para defender iso. Moitas grazas.

**D. Armando Ojea Bouzo, do Grupo de Democracia Ourensana:** soamente engadir que saben que nós somos bastante críticos, críticos non, soemos mirar con lupa todo o que supón un incremento do gasto público, loxicamente o igualar o número de efectivos do GES supón un incremento do gasto público; pero tamén saben que nos pensamos que nesta clase de cousas, é nas que hai que gastar os cartos, nas cousas de necesidade indiscutible como son os

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

grupos de emerxencia. En relación ao que dixo Plácido, Plácido, ¿que lle vou dicir? Vostede sabe coma min o que hai en relación aos medios de comunicación. Nada máis. Repito que votaremos a favor da moción.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** un breve apunte sobre o incremento do financiamento. Non é así de momento, isto non está cerrado. O plan de financiamento antes era o 60-40. Aquí había un compromiso do Grupo Popular e do seu presidente de que a Deputación asumiría ese 40% que non asumía a Xunta de Galicia. Probablemente, porque está en discusión, isto será o mesmo financiamento o da Xunta que o da Deputación, pero minorará e os *ayuntamientos* teremos que achegar algo por efectos de control e, incluso, por se temos un grupo nun concello o lóxico é que o concello tamén achegue algo, por razóns obvias que non vou a discutir aquí. Polo tanto, de que incrementa o gasto, espere vostede que ao mellor non é así. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcricas anteriormente recóllese no punto 6º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 6º](#).

Non se producen máis intervencións e por unanimidade dos presentes (23), o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Solicitar a homologación do número de integrantes dos GES na provincia de Ourense, para que todos conten con 12 persoas.

2º.- Darlles traslado deste acordo á Xunta de Galicia e á FEGAMP.

O Sr. presidente anuncia que o Grupo Popular pediu unha alteración da orde do día, para tratar en primeiro lugar o punto 8º, e despois a continuación o 7º e sucesivos, someténdose a votación esta alteración, que é aceptada por unanimidade, procedéndose a continuación a tratar o punto 8º.

**8º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA PARA A EXECUCIÓN DUN ECOPARQUE NO ENCORO DE CACHAMUÍÑA.-**

O Sr. presidente anuncia que a esta moción presentou unha emenda o Grupo Popular e cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoña o contido da moción.

**D.ª Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista:** moitas grazas, presidente. moi bos días a todos e todas. Vou a dar lectura á exposición de motivos que hoxe nos leva a

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

presentar esta moción para a execución, como moi ben dixo o presidente, dun ecoparque no encoro de Cachamuíña:

*Hoxe en día os cidadáns demandan das administracións públicas unha resposta rápida e eficaz ás novas necesidades de lecer e deporte, debido a crecente importancia das prácticas físico-deportivas de atención á saúde, así como para a ocupación de tempo libre coas actividades deportivas ou culturais.*

*O aumento do tempo libre e o desexo de o ocupar en contacto coa natureza requiren de novos espazos adecuados para o desenvolvemento en contornas naturais de actividades para o lecer, o turismo e a cultura, xunto coas prácticas deportivas; e un destes lugares pode ser o encoro de Cachamuíña.*

*Dende o meu Grupo cremos necesario o impulso no municipio de Pereiro de Aguiar, pertencente á área metropolitana de Ourense que é un lugar moi próximo ao Complexo Deportivo de Monterrei e ao futuro parque acuático, é un gran espazo para o turismo ecolóxico, deportivo e cultural co fin de xerar beneficios económicos e sociais directos e indirectos; como os cales destacan incentivar a actividade empresarial e o desenvolvemento local, contribuír o uso sustentable dos recursos naturais, fomentar actividades deportivas e culturais ou mellorar o servizo de infraestruturas públicas na área metropolitana da terceira cidade de Galicia.*

*Queremos que a Deputación de Ourense, como institución provincial que entre as súas misións primordiais ten a cooperación cos municipios pequenos e con menos recursos para executar investimentos, impulse un ecoparque en Prereiro de Aguiar que permitiría a creación de novos espazos verdes sostibles integrados urbanisticamente nun espazo que actualmente ocupa o encoro de Cahamuíña, así como áreas para o descanso e a cultura - entre elas, un auditorio ao aire libre-; así como a mellora de corredores que potencien os traxectos peonís e ciclistas na contorna rural.*

*O proxecto que propoñemos debería incluír a creación dun corredor peonil seguindo o curso do río Loña que inclúa a restauración medioambiental da súa canle; a construción dun auditorio na contorna do encoro de Cachamuíña; a construción dun carril bici no perímetro do encoro conectado cos camiños xa existentes, como existen xa actualmente cara ao Pereiro, Cortiñas, Os Gozos, Santa Marta, a Derrasa, Esgos e máis a urbanización da contorna; un aparcadoiro de bicicletas a mellora e acondicionamento do*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

*camiño peonil central do encoro e a eliminación de barreiras arquitectónicas hoxe existentes; un parque infantil e un parque multiaventura e a construción dun aparcadoiro e postos de pesca; a instalación dun observatorio da biofauna con paneis informativos; a restauración ambiental da ribeira do encoro; a creación dunha zona de restauración e hostalería con aseos público e a iluminación e a instalación de fontes públicas. Polo cal, as nosas propostas de acordo que hoxe traemos a Pleno son que:*

*1.- Que a Deputación redacte os proxectos de acondicionamento e mellora do parque forestal fluvial de Cachamuña, incluíndo un auditorio ao aire libre, unha senda no curso do río Loña e as restantes actuacións detalladas na moción.*

*2.- Que a Deputación de Ourense realice as xestións e os convenios necesarios con outras administracións ou organismos públicos competentes ou afectados pola execución dos proxectos.*

*3.- Que a Deputación de Ourense financie os proxectos con recursos e fondos propios procedentes de convenios ou subvención doutras administracións.*

Moitas grazas, por agora nada máis.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG:** grazas, señor presidente. Se non me fallan os datos, o encoro de Cacahamuña foi construído no ano 54, daquela a política hidráulica – é ben coñecido – consistía en facer grandes pantanos. Xa, máis recentemente, vímonos para o ano 2006, daquela a Confederación Hidrográfica do Norte e a Deputación asinaron un convenio para mellorar o encoro de Cachamuña; esta institución achegou o 30% do investimento previsto que se cifraba en 1,8 millóns de euros, encargándose tamén esta Deputación do seu mantemento ordinario. É certo que se melloraron as ribeiras do encoro coa creación de paseos peonís, coas áreas de descanso e fixéronse labores de revexetación. Máis alá das infraestruturas que se construíron non se foi quen de darlle solución a un problema de índole sanitaria tanto das augas como o das cianobacterias que non é exclusivo deste encoro, por desgraza. Por iso, a pesares do que xa se fixo, si nos parece acaída a moción do Partido Socialista de poñer en valor este espazo; a comezar, precisamente, pola restauración da canle para evitar que, ano si e ano tamén, continúen a proliferar as cianobacterias que ademais do aspecto desagradable e do cheiro

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

que producen poden xerar graves problemas de saúde, tendo en conta sobre todo que a auga deste encoro vai destinada, principalmente, para o abastecemento das veciñas e dos veciños do concello de Ourense. En calquera caso, tamén dicir que calquera actuación que se pretenda acometer, como xa aconteceu no pasado –como digo, no ano 2006– precisa das autorizacións pertinentes do organismo de conca e, se non hai compromiso, podería actuar a Deputación asumindo integramente o monto das obras; mais o normal é que, como xa aconteceu no pasado, a Confederación colabore. A Deputación pode facer 1.000 proxectos, pero quedarían en papel mollado sen o compromiso da Confederación. En calquera caso, si nos xorde unha dúbida na proposta porque na demarcación Miño-Sil prohíbese navegar e realizar outras actividades nos encoros e masas de auga destinados ao abastecemento da poboación e o encoro de Cachamuíña está precisamente neste caso, nesta excepción. De todos os xeitos, como é unha cuestión mínima que se podería subsanar dentro do que é a proposta, nós, como creo que xa dixen, vamos a apoiala e vamos a votala favorablemente. Nada máis. moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana:** sí, hola. Nosotros en esta moción vamos a votar a favor, pero vamos a simplemente a resaltar la incoherencia del Partido Socialista porque cuando nosotros trajimos una moción, con buena intención, al Concello de Orense, el Partido Socialista – que son todo lo mismo, si no tendrían que independizarse - de mala fe dice cosas como, por ejemplo, cuando trajimos la última idea fue hacer un velódromo (un velódromo popular, no para competición), simplemente para que los ciclistas en invierno, cuando es de noche, puedan tener un sitio donde rodar porque además se protegen de la lluvia – estaría tapada lo que es la cuerda - y obviamente también tienen luz porque se podrían poner focos... pues, cuando queríamos hacer un velódromo en el Concello de Orense, hace unas semanas, ellos dijeron: *no se puede traer aquí una moción sin traer una viabilidad del proyecto.* ¿Desde cuándo en una moción, que es una idea, una propuesta, hay que traer una viabilidad del proyecto? Bueno, pues a ustedes aquí también se les puede decir lo mismo. Oigan, traigan ustedes avalado un estudio de viabilidad de todo esto. Ustedes no lo traen (hacen bien en no traerlo porque esto es una moción, una idea, una propuesta), entonces no sé porque ustedes torpedean en el Concello de Orense con esos argumentos las que traemos los demás. Nada más en la primera intervención.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** grazas. Certo, señora Rodríguez Rodríguez, como vostedes din na súa moción na sociedade actual prima, cada vez máis, a práctica de actividades recreativas e deportivas ligadas aos contornos naturais e, máis en concreto, aos ecosistemas fluviais. É obvio. De feito, este dato é importante e todos recoñecerán que así é, ata finais dos anos 80 do pasado século dabamos as costas aos ríos e aos encoros e agora non quitamos a vista deles como obxectivo de moitos proxectos recreativos e deportivos e nese camiño debemos seguir. Pois ben, no fondo da súa exposición estamos de acordo, na forma non tanto; máis ben pouco, nalgúns cousas nada. Formulan vostedes unha proposta (por seguir as ideas que vostedes nos trasladan na súa moción) para a creación dun ecoparque no contorno do encoro de Cachamuíña con distintas alternativas de lecer, algunha das cales non logramos velas, ou si, ou si, as vemos como foguetes pre - electorais que nos chegarán nos meses que faltan, ata o 26 de maio seguramente veñen moitos. E non as vemos por varias razóns, entre elas as legais e digo legais, non digo de oportunidade política e moito menos de capricho político. Por exemplo, o artigo 27.1 do Regulamento de dominio público hidráulico que afecta a Cachamuíña, impón como prioridade o abastecemento de auga e, máis en concreto, o abastecemento a núcleos urbanos. O encoro de Cachamuíña ten unha concesión demanial – xa se apuntou aquí – xunto co de Castadón para abastecer de auga á cidade de Ourense. Poderíase, e digo poderíase, formular como opción unha hipótese para que o Concello renuncie a esa concesión; pero, aínda que fóra posible e asumible economicamente (moi difícil, pero asumible), xurdirían novos problemas. Eu voulle citar un deles, e moi importante, o cambio de destino que motivou as expropiacións no seu día para facer un encoro levaría implícita, non o esquezan, con total seguridade a reclamación dos reversionistas e exemplos temos nos últimos tempos nesta provincia. Outro artigo, o 46.3, do citado Regulamento, fala da navegación nos encoros á que se referiu o portavoz do BNG. Para este caso concreto que vostedes propoñen incluso está prohibido o baño y *cualquier otro artefacto complementario*, como di a instrución ao respecto da Confederación Hidrográfica Miño-Sil que deberían ter vostedes en conta e darlle unha lectura repousada. Polo tanto, se non se poden usar embarcacións a motor, tampouco de remo, tampouco piragüismo, tampouco tablas de windsurf, ou mesmo unha ampla variedade de flotadores ¿para que queremos o embarcadoiro señora Rodríguez? ¿para que? E ¿para que queremos postos de pesca, se o

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

peixe e o ruído – como di alguén que coñezo eu - non fan boas migas? Máis ben, ningunha. Xa se nota que quen redactou a moción non é pescador nin moi afeccionado a estas cousas, non sei se foi vostede, pero *bueno*, quen sexa. Outras consideracións de tipo legal atopámolos en aspectos como a restauración ambiental da canle, competencia da Confederación Hidrográfica, non o esquezamos, que agora vostedes, señora Rodríguez, antes citaban moito á Confederación Hidrográfica, agora xa parece que esconderon tal organismo. Esperemos que deixemos de escondelo. Na ribeira do encoro si poderíamos actuar nunha hipotética restauración, pero os técnicos, e digo os técnicos, consultados non ven que estea degradada e necesite tal restauración; agás cando baixa o nivel da auga. Este é un problema común a todos os encoros (eu si sei bastante disto) porque non hai vexetación autóctona que soporte períodos largos mergullada e períodos largos de seca fóra da auga. Creo que iso é evidente. Piden vostedes ata un auditorio ligado ás actividades deportivas e recreativas no encoro e tamén ás actividades culturais; como din por aí: por pedir que non quede. ¡Que maneira, señora Rodríguez Rodríguez, de forzar unha iniciativa que na aparencia parece seria, pero logo cando se mete un nela...! xa vemos, foguetes pre - electorais. Esta infraestrutura, xunto coa zona de hostalería que propoñen, tería que ser informada – non o esqueza - urbanisticamente polo concello e máis pola Xunta de Galicia ao se tratar dunha zona de especial protección e que non deixa de ser, non deixa de ser, un asunto moi complicado, eu diría que demasiado complicado. Tampouco vemos un deterioro no camiño peonil que rodea agora mesmo o encoro. Outra cousa, certo, é a eliminación de barreiras arquitectónicas herdadas ou pasarelas de madeira que acusan as inclemencias meteorolóxicas. Falan incluso dun corredor peonil seguindo o curso do río Loña que supoño, supoño, enlazaría a senda peonil de Ourense en Mende co encoro de Cachamuña pasando por Castadón. Pois, en parte xa existe (en parte, non todo) trátase dun pequeno sendeiro entre Mende e Castadón pero cunha dificultade, só accesible a profesionais, diría eu. O nivel de dificultade é tal que a orografía do terreo ten 100 metros de desnivel nunha lonxitude de 1.200. Por certo, deberían dicirnos vostedes como conseguiríamos eses terremos para esa senda e como asumiríamos o seu custe; pois segundo vimos recentemente nalgún medio de comunicación - e non creo que manipularan tal cifra como di o señor Ojea - farían falta como dous millóns de euros para facer unha senda dun pouco máis de 5 km. Esas cousas hai que dicilas tamén, como dicía o señor Jácome non hai que vir traer unha

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

moción cun plan de viabilidade, pero ¡home!, hai que facer propostas serias e viables. E un apunte máis: na contorna do encoro de Cachamuíña xa hai un parque biosaudable e un sendeiro perimetral conectado cos outros camiños que chegan ata Santa Marta, o monte das Chairas ou Monterrei; tanto para camiñantes como para ciclistas. Teño que dicirlles tamén, e deberíano saber, que agora mesmo están en trámite dous expedientes con dúas obras importantes para a construción de dúas sendas peonís que unirían Cachamuíña coa Derrasa e o parque empresarial do Pereiro de Aguiar e o Complexo Deportivo de Monterrei co Parque Tecnolóxico no polígono de San Cibrao das Viñas. Xa por último, no tocante ás infraestruturas deportivas e recreativas, o Concello de Pereiro de Aguiar – créame, e seino de boa man – está situado entre os mellores, senón o mellor, polo propio aproveitamento do perímetro do encoro de Cahamuíña, o Complexo Deportivo de Monterrei – ao que me acabo de referir – e ás piscinas que se converterán, espero que si, no futuro parque acuático, aínda que sexa coa oposición clara e decidida do Partido do señor Jácome. Quixera pensar, señora Rodríguez, que non estamos ante unha ocorrencia e si crer que se trata dunha proposta en positivo, quixera. Pero, lidas con atención as súa propostas, non podemos pensar o mesmo; de aí que presentáramos unha emenda de substitución que paso a darlle lectura nas propostas de acordo unicamente. Propomos o seguinte:

*1º.- Rematar os proxectos técnicos que convertan áreas de titularidade provincial a carón dos ríos, sinaladamente en Cachamuíña (Concello do Pereiro de Aguiar) e Arnoia, en espazos lúdicos e de lecer para a veciñanza e visitantes, coas actuacións e actividades que permita a legalidade vixente (e digo que permita a legalidade vixente).*

*2º.- Acometer a execución dos ditos proxectos exercendo a cooperación técnica e económica con outras administracións públicas, como é característico nos plans e proxectos impulsados polo goberno provincial como por exemplo a Estratexia “Conecta Ourense”, o Plan Termal Provincial ou o recentemente aprobado que converte á provincia de Ourense en destino turístico intelixente.*

Recórdolles que algo similar xa o aprobamos no pleno do pasado mes de febreiro a raíz dunha moción que presentou Democracia Ourensana. De momento nada máis e moitas grazas pola súa atención.

**D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista:** moitas grazas. Para ir un pouco por orde, señor Jácome, eu non recordo, a verdade estivemos agora facendo

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

memoria, non recordo de presentar ningunha moción do velódromo, nin que nós presentamos ningunha emenda. Logo xa me explicará. A verdade é que non recordo se nós levamos aquí unha moción do velódromo. En relación á emenda de substitución que nos presenta o Partido Popular, en primeiro lugar fala aquí de *coas actuacións e actividades que permita a legalidade vixente*. ¡Faltaría máis! non vamos a propoñer nada que sexa ilegal. Logo, no segundo punto falan de acometer a execución de proxectos técnicos que están xa rematados; terannos que explicar un pouco a que proxectos técnicos se refiren, porque todo o que propuxemos hoxe na moción non se vai a facer nada porque non está, fíxonos un detalle, punto por punto e non se pode facer nada, todo son trabas o que está vostede a dicir. Polo cal, non podemos votar a favor deste emenda, por suposto, ou nos explica ben de que se trata este proxecto técnico e de que vai a facer, se é un pouco asumible o que nós presentamos ou senón, polo cal ten que entender, non podemos votar a favor porque o que vostede dixo non vai en nada na liña do que nós estamos a propoñer. Logo, aquí, do que estamos a falar nestes terreos, estamos a falar de terreos de titularidade provincial; de feito a Deputación, que creo que ten entre os seus cometidos de obrigado cumprimento, ineludibles, realizar labores de mantemento nestas zonas, que son da súa propiedade, neste caso son 9 hectáreas de terreo se non me equivoco mal. Logo tamén escusase se os terreos son algúns de competencia doutra administración. Como ben sabe, xa o dixemos, aquí firmáronse convenios coa Confederación Hidrográfica, senón voulle a recitar só algúns dos últimos que recorde, cos concellos de Os Blancos, A Veiga, Esgos, Vilamarín; pero tamén teño que recordarlle que esta Deputación tamén impulsa ela proxectos en ríos con dominio público hidráulico; non imos a esquecernos do convenio da piscina firmado no ano 2016, no Balneario de Laias. Soamente para rematar este punto, dicirlle que esta moción que hoxe traemos aquí foi presentada no Pleno, como ben pode saber o señor Doval, no ano xa 2009, no Concello do Pereiro de Aguiar. Esta moción, tal cal se redacta hoxe aquí, foi aprobada por unanimidade de todos os partidos da Corporación local. Tamén quero dicir, non sei, ata onde eu sei, se o goberno do Partido Popular no Pereiro de Aguiar comprometeuse a realizar as xestións e convenios. Ata agora non sabemos nada de que xestións e convenios se realizaron. Moitas grazas. Nada máis.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana:** hola. Primero replico al PSOE. Vamos a ver, nosotros llevamos esa moción al Concello de Orense y en el

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

Concello de Orense el PSOE utilizó allí una argumentación. Entonces, si ahora ellos se desmarcan del PSOE del Concello de Orense, pues hombre, no sé, ¿Qué pasa, que estén enterados de lo que hace el PSOE en Pereiro de Aguiar, pero no del PSOE del Concello de Orense, que es la capital de la provincia? Yo pienso entonces que el PSOE sólo utiliza el PSOE para aglutinarse y conseguir votos; pero luego es el ejército de Pancho Villa, cada uno lo que hace en un sitio, no tiene que ver con el otro. Entonces esto, realmente, no lo entiendo. Antes, replicando al del BNG, que me quedé sin decir, dice que ellos son asamblearios, que nosotros no sabe lo que somos. Nosotros somos una democracia totalitaria. Después, que tengo más qué decir, ah, sí, no voy a replicar hoy al señor Plácido sobre el tema de los viajes, que se ha jactado hoy aquí del turismo de Orense porque entonces estaría desvelando las cartas maestras de ese gran esperado debate, que es el del estado de la provincia, que será aquí el 6 de noviembre. Entonces hablaremos de eso ahora porque igual me viene con los folios escritos el señor Baltar como hizo antes el señor Doval. ¿Entiendes? Entonces, de hecho, no hay mayor mentira que una verdad a medias. Después me dice que la cultura es deficitaria. Acaba de decir ahora al PSOE, el señor Plácido, que aquí hay que venir con los deberes un poco hechos y, hombre, no hacer un estudio de viabilidad totalmente económico, pero sí hablar del tema económico, algo de cifras económicas. Pero, ¿cómo puede decir eso Plácido si acabas de decir que hay cosas que tienen que ser totalmente deficitarias como la cultura? ¿Qué pasa que el deporte no tiene que ser deficitario, o el ocio, o el salir a pasear al campo? La cultura es la única que tiene bula. Pues vaya concepto que tienes tú del gestionar. A parte, tú confundes cultura con el *show business*, con el espectáculo, que no tiene nada que ver; porque la formación de los individuos ya la hace la Xunta de Galicia. La educación es obligatoria y gratuita hasta los 16 años, después a la gente no la tienes que formar porque la gente no es imbécil. Deja que cada uno coja la cultura que quiera. No se la des tú. Luego decir, dices tú: *es que la cultura es siempre deficitaria*. Perdona, en el mundo de las subvenciones de Galicia sí. En Londres la cultura da pasta ¿por qué? Porque ingresan miles de millones de euros en divisas exportando su cultura. ¿Cómo que la cultura es deficitaria? Es deficitaria la mierda que subvencionáis aquí. ¿Por qué digo que es mierda? Porque la tenéis que dejar morir. La cultura que no arranca, el *show business*, el espectáculo que no arranca; no puedes quitar dinero de lo que no funciona y dárselo a lo que funciona y mantenerlo en la UVI. Entonces,

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

¿qué propone Democracia Orensana? Propone que te adaptes al mercado porque el mercado es la democracia máxima de la libertad del pueblo. En Orense, cuando gobierne Democracia Orensana, habrá un renacer cultural; morirá la cultura subvencionada, que nos tiene secuestrados, y empezará a florecer la cultura que de verdad quiere el pueblo, la que consume de verdad, la que está consumiendo en YouTube, por ejemplo. Déjala que florezca también en Orense. Deja que el pueblo haga lo que le dé la gana. No le digas tú lo que tiene que hacer. Otra cosa es que no tenga dinero para gastar, ahí es donde hay que ayudar. El que no tiene dinero para ir a pagar un concierto, el problema no es pagar el concierto, el problema es solventar esa situación. Pero la gente tiene que tener dinero para pagar el concierto que quiera. Sobre el parque acuático, ¿cómo tienes cojones de sacar lo del parque acuático aquí, carallo? Estuvisteis hablando del parque acuático que lo vais a hacer y la Xunta presentó los presupuestos el otro día y le dedica al parque acuático 0 € ¡Hombre! Os habéis reído de todos los orensanos. Veo bien que os riais de nosotros, no pasa nada; pero no os riais de todos los orensanos, 0 € al parque acuático en el 2019. ¿Cómo tienes el valor de decir que vais a hacer el parque acuático? Simplemente os habéis apropiado de una idea y punto. Hablando de apropiarse de ideas, nosotros no queremos hacer lo que hace el alcalde de Orense que se apropia de ideas, como por ejemplo decir que la pista cubierta de atletismo, ahora que es un éxito, dice: no, se me ocurrió a mí. Pero cuando la gente me daba críticas a mí porque decía que aquello era Expourense y no se podía mezclar; ahí no decía que la idea era de él. Cuando es un éxito, ¡ey, qué esto es mío! O también lo del parque acuático, que nos lo copiasteis. Bueno, pues ¿qué tengo que decir con todo esto? Nosotros teníamos una moción similar a la que tenía aquí planteada el PSOE, pero ellos lo sacaron antes en la prensa y nosotros respetamos eso. El primero que lo puede acreditar, lo siento, se lleva el gato al agua. Entonces, nosotros vamos a apoyar ese proyecto porque creemos que es interesante, a ver si va adelante o no. Nosotros tenemos un concepto de proyecto más interesante aún en el que, a diferencia del PSOE, no se puede hacer compatible que sea un embalse que abastezca a Orense, con lo que pretenden hacer ellos; es realmente difícil. Bueno, vamos a apoyar, pero nuestro proyecto iría mucho más allá. Nada más en esta segunda intervención.

**D. Plácido Álvarez Dobaño, portavoz do Grupo Popular:** grazas, señor presidente. Señora Rodríguez, para empezar por orde, di vostede que *non vamos a*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

*presentar nada que non sexa legal*, home, eu creo que lle detallei incluso preceptos legais, co artigo e apartado, onde di que non é viable todo iso, e o señor Jácome acaba de referirse ao mesmo. Xa digo, aquí non hai que traer un estudo de custes, etc, etc... pero, polo menos, a viabilidade legal dalgunha proposta deberíase estudar un pouquiño máis. Dígollo con todo o respecto que sabe que eu non son estridente nesas cousas. Están vostedes gobernando, agora a Confederación Hidrográfica é un organismo de vostedes e xa se nota, xa se nota que é de vostedes, xa se nota. En pouco tempo notouse enseguida, son un pouco máis espabilados ca nós, nese aspecto. Digo que se esas normativas non lle parecen ben, vamos, ¡*manos a la obra!*, a propoñer e modificalas que, ao mellor estamos nós de acordo, porque algunha delas, dou fe disto, porque me toca, son bastante duras. Entón, eu serei un dos que os aplauda se as abrandan nalgunha medida. Señor Pérez Jácome, outra vez. Vostede ten unha idea do que é o economicismo que non teño eu; é o seu problema e o meu. Eu penso dunha maneira e vostede doutra. Respecto mutuo. Mire vostede, a Administración non pode ter ánimo de lucro porque é unha ilegalidade manifesta. Vostede debería saber, que quere ser alcalde, que cando, vamos a aprobar un estudo económico e se tramita un expediente dunha taxa para un determinado servizo; en ningún caso se pode recadar máis do custe efectivo do servizo do mesmo. Vostede di que gañan cuartos, pois, non sei como é. Non sei, vostede igual, cando sexa alcalde, cambia a Lei de facendas locais e o monta á súa maneira que supoño que sería así e digo: sería. O parque acuático. Eu referinme ao parque acuático como un desexo que teño profundo (non sei onde está o chiste), pero o desexo é esta moción que acaban de presentar e as que presenta vostede tamén; mire se viven do *cuento* porque presentan vostedes máis mocións un pouquiño máis alá que aquí entón a xente vive do *cuento* porque vostedes fan moitas propostas, algunhas inviáveis; entón segundo vostede iso é *cuento*. *Bueno*, home, non terxiverse as miñas palabras, se é o que sabe facer cando no lle vai a auga polo seu rego, como din no meu pobo, entón xa se altera. Dito iso, dito iso, eu propuxen, ou dixen máis ben, que era un desexo formal que tiñamos nós porque *iso espero*, textualmente. Logo, o dato que deu é mentira; si hai unha consignación nos orzamentos da Xunta para o ano 19. Míreos vostede; pequena, iso si, pero *bueno*...(hoxe vén vostede moi *risueño*, non sei por que), de nada a pequena hai un treito. Se non sabe o que é, podemosllo dicir; pero para que traballe un pouco, búsquea. Debía saber tamén que se está facendo un estudo de viabilidade diso, debería sabelo, debería sabelo que se está facendo

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

nestes momentos; o que pasa é que vostede como agora vive nunha contradición, que si alí, que si aquí; que logo os seus compañeiros de Pereiro que este meteunos nun *lío* de coidado, etc, etc.. Entón, cando se anda bailando, a cousa vai mal. Dito isto e, rematando, con relación ao punto que nos ocupa. Só recordarlles que todos, todos – e neste caso tamén é un desexo, señor Pérez Jácome – deberíamos traballar en potenciar as actividades relacionadas co uso recreativo e deportivo dos contornos fluviaais; pero, en ningún caso, dende a ocorrencia pre - electoral, senón dende a planificación previa e, por suposto, analizando en profundidade a relación de custe e beneficio social. Digo beneficio social, señor Pérez Jácome, que vostede parece que non sabe que é iso. Miren vostedes, se alguén está a loitar polas actividades deportivas e recreativas vencelladas á auga, e máis á natureza, ese é este goberno provincial (recoñézano ou non, xa sei que en particular o recoñecen) e os concellos que teñen a fortuna de dispoñer de encoros así o sabemos, e eu represento a un deles. Só teñen que botar vostedes unha ollada a cantas actividades organizan e apoia a Deputación nos contornos fluviaais. Polo tanto, non podemos apoiar esta moción e si a nosa emenda de substitución tal como lle din lectura anteriormente. Nada máis e moitas grazas.

**D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista:** grazas. Nada, eu moitas veces...é que ao final, neste último, falouse de moitas cousas, pero ao final non se falou do que se tiña que falar, a verdade. Decepcionoume un pouco Plácido. Eu pensei que ía a explicar o que era isto de rematar o proxecto técnico, porque ao final non me explicou a que se refire este proxecto técnico que xa creo que comezaron, porque poñen *rematar*; co cal xa teñen algo feito do proxecto técnico. Dime que todo son trabas. Outra cousa tamén para dicirlle, que tamén dixo que a administración é sen ánimo de lucro; co cal a cultura en todo tipo de administracións vai a ser totalmente deficitaria. Todos os que aquí gobernamos no rural sabemos como é isto, a administración ten que facer moitas veces tipo de actuación, tipo de actividades e non temos un beneficio económico porque senón sería imposible facelas. Algúns casos, algúns concellos temos moita poboación, outros teñen menos; polo cal senón non se podería facer ningún tipo de actividade. E como aquí, os que gobernamos e temos algún tipo de responsabilidade municipal sabemos do que estamos a falar; senón non fariamos nada, repito. A cultura que me está proponendo o señor Jácome, ¿a cultura de *youtubers*? Eu a verdade discrepo nese tipo de cultura, nalgunha parte da que hai. Non vou a entrar na cultura de *youtubers* pero discrepo co que hai moitas veces por aí nas redes. Vou

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

ao tema da moción porque é o que nos trae. Nós vamos a seguir apostando por este proxecto. Non é unha ocorrencia, é un proxecto que, como digo eu, xa dixen antes, estaba no Concello do Pereiro de Aguiar dende o ano 2009; nada se fixo e, polo que vostedes me din, nada se vai a facer porque non vexo outro sentido, senón a emenda que nos presenta de substitución. Eu creo que non se vai a facer nada, é unha pena a verdade, pero nós vamos a seguir apostando por este proxecto de acondicionamento do contorno do encoro de Cachamuíña o cal só pretende unha cousa de mellorar as zonas verdes, de deseñar instalacións que favorezan a xerar efecto de desenvolvemento local; así como a cuestionar o territorio do que estamos a falar. Falamos de intercomunicación na área urbana de Ourense, por certo, este é un dos obxectivos do Plan Conecta Ourense, elaborado e defendido reiteradamente por esta casa como un dos seus proxectos clave. Para rematar vou a falar da Estratexia Conecta Ourense. Nesta estratexia abordábanse os problemas de maneira conxunta con oito concellos que formamos a área urbana e apostaba por crear e reforzar vínculos entre a capital e os municipios que a rodean, co fin de articular un espazo metropolitano máis dinámico e mellor articulado que impulse o crecemento social e económico. Quedan impresionantes todas estas palabras; pero hoxe en día a realidade é ben distinta. Dende o ano 2016 non mudou nada da análise feita. Seguimos cos mesmos problemas, sen busca de solucións. Seguimos sen contar coa figura da Deputación; polo cal emprázoos a comezar a traballar. Moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 8º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 8º](#).

Non se producen máis intervencións someténdose a votación en primeiro lugar a emenda do Grupo Popular, que é aprobada co voto favorable do Grupo Popular (14), e o voto en contra do Grupo Socialista (7), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1).

A continuación sométese a votación a moción do Grupo Socialista, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (7), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (14).

Como consecuencia da votación anterior o Pleno adopta o seguinte acordo:

1º.- Rematar os proxectos técnicos que convertan áreas de titularidade provincial a carón dos ríos, sinaladamente en Cachamuíña (Concello do Pereiro de Aguiar) e Arnoia, en

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

espazos lúdicos e de lecer para a veciñanza e visitantes, coas actuacións e actividades que permita a legalidade vixente.

2º.- Acometer a execución dos ditos proxectos exercendo a cooperación técnica e económica con outras administracións públicas, como é característicos nos plans e proxectos impulsados polo goberno provincial como por exemplo a Estratexia “Conecta Ourense”, o Plan Termal Provincial ou o recentemente aprobado, que converte á provincia de Ourense en destino turístico intelixente.

**7º.- MOCIÓN DO GRUPO SOCIALISTA SOBRE A CONSERVACIÓN E MANTEMENTO DAS VÍAS DE TITULARIDADE PROVINCIAL.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo Socialista para que expoñan o contido da moción.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista:** moitas grazas señor presidente. Xa sei que teñen vostedes todos a moción e que a leron, pero como queira que hai xente, espectadores e público que nos poida ver a través das redes, vouna ler para que teñan coñecemento dela. A moción, na exposición de motivos, o que a motiva é o seguinte:

*Ourense dispón de máis de 1.800 km de estradas –xa ben se dixo antes, no catálogo de estradas, o número de estradas que había e os quilómetros desta, pero, bueno, máis de 1.800km de estradas, para resumir - que son titularidade da Deputación Provincial. Unhas vías estas que son de vital importancia xa que supoñen o eixo vertebrador máis básico da vida e da economía dos 92 municipios da provincia.*

*O papel do goberno provincial na mobilidade e na seguridade dos ourensán é, pois, nuclear; posto que a meirande parte das vías polas que transita a veciñanza son de exclusiva responsabilidade desta Deputación. Por comparar, a Administración xeral do Estado é responsable só de 354km na provincia.*

*Os socialistas consideramos fundamental unha adecuada planificación e un axeitado investimento anual suficiente par as necesidades específicas de conservación e mantemento ordinarios da rede. Unha viaxe por estas vías, que son responsabilidade da Deputación, permiten observar en moitos casos un cúmulo de eivas e importantes deficiencias no estado do firme, debido ao intenso tránsito nuns casos, inclemencias meteorolóxicas noutros, a existencia de fochancas de gran tamaño, falta de limpeza nas*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

*marxes, deficiente estado da pintura, das marcas viarias no asfalto, ou mal estado da sinalización en vertical, entre outros. Algunhas, incluso, precisan urxente de importantes obras de melloras que eviten o perigo vital que supón transitar por elas.*

*É fundamental que estas vías polas que transitan, como xa dixen, a diario decenas de veciños e veciñas estean en correctas condicións de seguridade, comodidade e funcionalidade; xa que exercen un papel clave para atender as necesidades sociais destas persoas, facilitan o acceso aos servizos máis básicos, como pode ser a asistencia médica, ou permiten desenvolver actividades de empresas e autónomos, fomentan a vertebración territorial e, incluso, impulsan o turismo, xa que moitas delas permiten o acceso aos principais monumentos e atraccións turísticas da provincia.*

*Durante anos a Área de Infraestruturas e o Servizo de Vías e Obras foi emblemático e moi efectivo, xa que incluso contaba con brigadas especiais que realizaban un importante traballo de cooperación no mantemento das vías de titularidade municipal en convenios de colaboración cos Concellos. Os técnicos consultados explican que a dotación orzamentaria e persoal do actual servizo é manifestamente insuficiente e durante os últimos anos sufriu unha constante e progresiva minoración que deixou moitas brigadas case desmanteladas, persoal baixo mínimo, maquinaria obsoleta, que é insuficiente para atender todo elo para atender as demandas máis básicas.*

*De feito, entre os orzamentos do ano 2018 e os que vimos de aprobar para o ano que vén, os do 2019, o investimento para vías e obras da Deputación perdeu medio millón de euros e xa se sitúa nos escasos millón e medio. Entendemos, hai unha obra a parte que poderíamos incluír aquí que vén individualizada, pero en todo caso o orzamento descendeu.*

*O PSdG de Ourense considera que o goberno provincial debería incrementar considerablemente a cantidade dedicada a estas infraestruturas vitais para solucionar, dunha vez por todas, as reiteradas carencias nas estradas da súa titularidade, das que se queixa a veciñanza. Así mesmo, defendemos que o persoal dedicado na actualidade aos traballos de conservación e mantemento é manifestamente insuficiente e debería ser incrementado.*

Esta exposición de motivos lévanos a propor os seguintes acordos:

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

1.- *Que a Deputación Provincial de Ourense reforce o seu servizo de vías e obras cubrindo as prazas de persoal que estean vacantes, convocando as de nova creación que sexan necesarias, para un óptimo funcionamento do servizo.*

2.- *Que a Deputación Provincial de Ourense incremente os fondos públicos dos seus orzamentos adicados á conservación e mantemento das estradas da súa titularidade ata alcanzar os seis millóns de euros anuais, como mínimo.*

Estas dúas propostas son as que sometemos a consideración deste Pleno para a súa votación e posterior acordo se é posible. Moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** Grazas señor presidente. Estamos diante doutros dos debates que son recorrentes, ano si e ano tamén, nesta institución. En realidade é un tema importante porque non ten só que ver con como se planifica, como se xestiona por parte desta Deputación; senón tamén coa seguridade viaria. No pasado pleno do debate do estado da provincia, nós propuxemos – sen moito éxito – elaborar un plan da rede viaria provincial incardinado coa rede estatal e galega e a fronteira portuguesa, dotándolle de maior orzamento que permitira dedicar os recursos ás vías que prioritariamente o precisaran en función de criterios estritamente técnicos. Resulta evidente que a vostedes isto, como moitas outras cousas, non lles interesa o máis mínimo. Prefiren ir tapando *baches*, arranxando *trozos* de estrada aquí e alá onde gobernan os seus, a acometer un plan da rede viaria que se fixera atendendo ao tipo de vía, ao estado destas e sempre por criterios estritamente técnicos. Nós falabamos do tema da seguridade viaria porque é evidente que, co paso dos anos, o estado das estradas é peor e, pola contra, os investimentos que se dedican son os mesmos, ou menos. En todo caso, para a resolución, nun ou noutro sentido, desta moción nós si pensamos que conviría aclarar, en primeiro lugar, un punto importante que é ¿que vai pasar co Servizo de Vías e Obras? vostedes falaban no Plan 15-19 de revisar o modelo das brigadas, ¿que van a facer ao final? ¿van a privatizalo, non o van a privatizar? ¿vai a seguir como está? En todo caso, a resposta a esta pregunta debería ser previa á aprobación de calquera iniciativa porque non tería sentido contratar máis persoal para un servizo que, se se vai a privatizar, deixaría de ter a actual carga de traballo e, pola contra, se seguir mantendo un servizo 100% público, entón, si podería resultar

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

apropiada a proposta que nos expón o Partido Socialista. Nós, como temos todas estas dúbidas, aínda que esperamos que nolas aclaren, en principio o noso posicionamento vai ser absternos nesta proposta. De momento nada máis, moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana:** hola. Marchó Plácido que iba a hablar con él, después hablo con él. A mí me extraña, en este tema me hace gracia porque ustedes no cumplen lo básico en materia de carreteras - el Partido Popular- porque se están gastando en torno a 1.000 €por kilómetro de carretera ourensana en mantenimiento, 1.000 € por cada kilómetro. Las recomendaciones que vienen estatales dicen que para las carreteras secundarias se gasten en torno a 6.000 € en lo que es el mantenimiento anual, 6.000€/km, y más para las que no son secundarias, para las nacionales más. Las que están a cargo de la Diputación, que suelen ser las secundarias y otras vías, mínimo 6.000€/ km y se está gastando en torno a 1.000. ¿Qué significa esto? Significa que no estamos gastando el dinero en lo realmente importante. Esto tiene que ver con lo de antes. Nos mandan aquí una nota diciendo que el tema que sacó la ayuda a la gente que tiene problemas de drogadicción y de alcoholismo; pues aquí nos acaban de decir un dato que a ATOX aquí le dan lo mínimo posible, lo mínimo posible, lo mínimo y a Proyecto Hombre ni lo reciben, le volvieron a negar la última. Y luego el señor Doval me echa en cara lo del tema de si yo me río de los drogadictos; ¡hombre! Quien se ríe es esta Administración, esta, que no le da nada de ayuda. Nos gastamos el dinero en ir a Argentina, en hacer el tonto; nos gastamos dinero, varios millones de euros, para pagarle al periódico *La Región* y no nos gastamos dinero en hacer lo fundamental que es el mantenimiento de carreteras. Es el mundo al revés. En otras palabras, en vez de gastarse dinero en arreglar las carreteras, nos gastamos dinero en la prensa para que digan que las carreteras están bien. Esto es lo que resume todo. Así que, nada más en la primera intervención.

**D. Pablo Pérez Pérez, portavoz do Grupo Popular:** moitas grazas, señor presidente. Señores do Partido Socialista, estamos totalmente de acordo, totalmente de acordo en que a rede viaria provincial ten un papel principal na vertebración do territorio e no desenvolvemento do rural, facilitando a vida cotiá e máis a resolución das necesidades sociais dos nosos veciños; por non falar do desenvolvemento de actividades empresariais e económicas en xeral. Aínda máis, tamén estamos totalmente de acordo en que esas vías deben estar correctamente mantidas para garantir a súa funcionalidade e, sobre todo, a

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

seguridade de todos os ourensáns que transitan por elas. Pero ata aquí as coincidencias, porque nin podemos nin imos aceptar o que se di no resto da súa moción. Non podemos aceptar, por exemplo, que traten de debuxar un estado de deterioro e de abandono da nosa rede viaria porque non é certo. Haberá estradas que nalgún treito presenten deficiencias no seu firme - o das fochancas custaríame crelo -, ou desgaste da sinalización horizontal ou algún desperfecto na sinalización vertical. Eivas hainas en calquera estrada de calquera administración, pois estas vías están suxeitas ao desgaste propio da multitude de factores, sexan polo elevado número de vehículos que transitan por elas, a chuvía, o xeo, a neve e mesmo o vandalismo nos sinais. Pero, en liñas xerais, podó afirmar que o estado de conservación da rede viaria provincial é máis que razoable e tratamos de responder, no menor tempo posible, ante calquera advertencia de problemas nalgunha vía; como tamén tratamos de atender a demanda de novas infraestruturas, sexan estradas, enlaces, ou calquera outro tipo de obra. Proba disto, que lles digo, é que no último informe do Servizo dínos que non temos tramos de concentracións de accidentes, os coñecidos como puntos negros, e que a causa máis frecuente de accidentes e o atropello de animais, co 35% deles; cousa non achacable ao estado da rede. Falan vostedes dos técnicos consultados. Miren, máis aló dos criterios estritamente técnicos – para iso tamén estamos aquí os políticos e para iso nos poñen aquí - tamén atendemos as necesidades que se nos formulan polo beneficio que poden ter para a conexión dos municipios ou para a comunicación dunha comarca. Que quero dicir con isto, que, ás veces, os técnicos non ven cousas que o resto si vemos. Voulle poñer un exemplo moi claro. Ao mellor, por tráfico, a autovía a Celanova non existiría e hoxe é un eixe de vertebración territorial da miña comarca e da comarca da Baixa Limia. En breve, coa construción da vía rápida Rante - Polígono de San Cibrao, sen dúbida estas comarcas van a ter unha oportunidade histórica de desenvolvemento que nunca se daría se nos fiáranos só polos criterios técnicos de tráfico de vehículos. Pódenllo dicir aquí ao meu compañeiro Plácido que, hoxe, coa *carretera* que rematou a Deputación, de Bande - Barxés que leva a Muíños, máis a autovía, co breve paso da nacional, leva dende Muíños e vai levar ao Polígono de San Cibrao, ao mellor, media hora. Fíxense vostedes nas facilidades que iso abrirá para que a xente se poida instalar no rural e facer o seu proxecto de vida alí. Esquécense vostedes, por exemplo, do plan de vialidade invernal, do plan de limpeza de marxes, ou do mantemento que facemos con medios propios, na valoración que

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

fan vostedes da rede viaria provincial. Tampouco podo aceptar que sigan a insistir na redución do investimento nos orzamentos do ano 2019. Tal e como xa explicamos no pasado Pleno e nas comisións, o plan da rede viaria provincial é dun millón de euros; o plan, só esa parte. Pero tamén temos outros 376.000 € como ben vostede dicía, que se destinarán ao acondicionamento e mellora integral da estrada OU-1006 - ou ¿non lle gusta que cumpramos ese compromiso?- que une Vilardevós coa localidade de Vilarello da Cota que vai noutra partida para que se vexa, sen ningún xénero de dúbida, o compromiso da Deputación Provincial e do seu presidente co Concello de Vilardevós e cos seus veciños. Un compromiso que aceptamos no seu momento e que agora estamos en disposición de cumprir co investimento deste ano e tamén do ano 19. Tamén se lles dixo na comisión do mes pasado que, con cargo ao remanente, se empregaría este orzamento facendo do ano 2019 un dos que máis se vai investir no plan de rede viaria provincial. Pídenos seis millóns de euros, como mínimo (*bueno*, o señor Jácome acaba de pedir 11), pídenos 6 millóns de euros, como mínimo, para a rede viaria provincial. Gustaríame saber que cálculos fixeron para chegar a esa cifra e non a 5, 8 ou 12. ¿Reducimos o plan de empregabilidade? ¿Reducimos o plan de mocidade? ¿Eliminamos o plan de obras e servizos? Díganme de onde sacamos os recursos para aumentar o orzamento tanto porque, tamén debo dicir, a cada moción que traen vostedes aquí, seis por Pleno, cada unha delas supón, case sempre, un millón de euros ou máis e non chegaría o orzamento desta, e das outras tres deputacións xuntas, para facer o que vostedes piden. Ademais, entendo que deberían ter máis claridade de ideas. Por unha banda están a criticar o aumento en gastos de persoal, como ben dixeron aquí no pleno dos orzamentos; e logo veñen pedindo que se incremente o capítulo 1 dos orzamentos para contratar máis traballadores, sexa para cubrir vacantes ou, incluso, as que fosen necesarias. Sen máis, por agora nada. moitas grazas.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista:** moitas grazas presidente. A ver se dou contestado a todo este *batiburrillo* que nos formulan, si, digo *batiburrillo* non en sentido despectivo; senón porque son un montón de cousa un pouco confusas todas. Vamos a ver. Evidentemente que hai que diferenciar entre os informes técnicos e as decisións políticas. Non necesito irme a Celanova, eu vivino no meu propio concello; se non fose por unha decisión política, Piñor en vez de ter un enlace completo na AG-53 como ten hoxe ne día, tería un medio enlace e teríamos que pagar, cunha cabina de

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

peaxe, en vez de termos unha peaxe en sombra como temos hoxe en día. Por certo, peaxe en sombra, que me lembro ben, foi criticada por xentes da franxa atlántica dicindo – que é o que nos pasa moitas veces no rural- que non se xustificaba por razóns económicas; esquecendo algo do que temos falado moitas veces aquí, do necesario reequilibrio co interior. Eu, esa diferenza entre os criterios técnicos e as decisión políticas, enténdoa perfectamente; agora ben, unha cousa é iso e outra cousa son os informes técnicos que existen sobre o estado da vía. Entendo que os técnicos, baixo o seu entender e baixo os seus coñecementos que para iso son técnicos, expoñen as necesidades. Outra cuestión, despois, outros técnicos, que hai tamén económicos, din ata onde se pode chegar ou non e despois queda a decisión política de como prioriza eses recursos e como considera máis importante ou menos importante, como ben lle explicaba noutras palabras o señor Jácome. ¿Que é o que priorizamos? E sen dúbida, para nós, as infraestruturas, estas vías de comunicación de titularidade provincial son básicas polo que xa expuxemos e polo que vostede está de acordo - dixo que no único - pola súa vertebración desta provincia. ¿Por que esta cantidade? ¿por que 6 millóns? Seguindo os parámetros (xa llo dixemos no debate do estado da provincia, que propuxemos unha cantidade similar, do ano pasado) seguindo os parámetros fixados en canto a gasto por número de km, tanto do Banco Mundial como da OCDE, vennos saíndo esta cifra. Se seguimos os informes da Xunta, sairíanos máis, sairíanos en torno a 9 millóns de euros. A Xunta vén estimando en torno a uns 5.000€/ km por ano. ¿Os 6 millóns? Sáennos de aí que nos parece o mínimo para manter, xa non digo óptimas, pero nunhas condicións mínimas as vías provinciais; sae de aí esa cifra. Non é unha cifra caprichosa. Xa digo, xa llo dixemos no debate do estado da provincia. Por certo, como xa ben dixo o voceiro do BNG, aprobouse aquí por unanimidade unha proposta deles que dicía o que di: *elaborar un plan da rede viaria provincial incardinado coas redes estatal, galega e fronteira portuguesa; dotándoo de maior orzamento que permita dedicar os recursos ás vías que prioritariamente o precisen, tatá, tatá, en función de criterios estritamente técnicos*. Isto hai un ano que votamos todos a favor. ¿Nos orzamentos? Non tivo o seu traslado. Aínda sumándolle a obra que di vostede, Vilarello da Cota, quedámonos por baixo deses dous millóns de euros que lle viñamos dedicando. ¿Como non imos estar nós de acordo con que se arranxe esa *carretera*, se aquí o deputado noso desa comarca, Vicente, preguntou por ela e o expuxo aquí en varias ocasións? ¿Como non imos estar nós de

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

acordo? Esa pregunta sobra. Claro que estamos de acordo en que se arranxe esa, pero tamén nos gustaría que na estrada que asumimos neste inventario, neste catálogo que acabamos de aprobar, a de Xinzo – Vilar de Barrio, se empezaran coas obras necesarias porque é unha *carretera*, alertámolo aquí, respecto da que había informes da DGT da súa perigosidade e do seu elevado número de accidentes con mortalidade. É dicir, non vemos nada aí tampouco e hai un compromiso tamén. ¿Que máis me queda? Por iso dicía que era un pouco de *batiburrillo*. Mire, gastos de persoal. Hai un mes falamos aquí dos orzamentos desta institución e a min escoitaríame vostede que nos parecería excesivo o capítulo 1 e 2 para un modelo que tiña esta Deputación; se fose outro modelo de deputación, cooperadora cos concellos, como son outras... Por exemplo, mire vostede o capítulo de persoal – e non me compare cifras absolutas porque non falamos diso, porque obviamente é un orzamento máis elevado - pero miremos en porcentaxe canto dedica, por exemplo, a Deputación de Barcelona en persoal e canto en inversión. Verá que as cifras de persoal son moi elevadas. Eu non lle discuto a esta Deputación que gaste en persoal que poña a disposición dos concellos, que lle presten auxilio e axuda aos concellos; aforraríamos moito e aforraríamolle moito aos concellos. Iso díxeno no debate dos orzamentos do mes pasado. Polo tanto, non terxiverse, está aí e está na acta. Agora, home, tamén lle digo, as vacantes están orzadas, hai que cubrilas. Non estamos pedindo un aumento, neste caso, coa cubrición de vacantes; depende do orzamento, están orzadas. Por certo, novembro de 2016, vai facer agora dous anos, Vicente Gómez García preguntáballe das vacantes nas brigadas ao presidente e o presidente dicía: *está prevista a incorporación de persoal a partir do 1 de decembro, segundo o procedemento tal. As baixas sempre se están cubrindo dentro das limitacións orzamentarias cun total de 35 vacantes e a concurso saen 25*. Entendemos que hai que cubrir, e canto antes, esas vacantes. Con respecto ao que di vostede das fochancas e do estado de tal; mire, o que se ve, non se esconde. Non son necesarios informes técnicos, basta ver. Sabemos que vai haber fochancas, sabemos que as pistas se deterioran, as inclemencias do tempo, as árbores, todo iso, as raíces; iso sabémolo e iso vaise a seguir producindo. O que nós poñemos aquí, encima da mesa, é a necesidade de que existan medios suficientes para, cando iso suceda, mantelo a xeito. E é iso. Moitas grazas.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana:** el tema de que nosotros decimos esa cantidad de 6.000 €, no nos la sacamos nosotros de la manga.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

Realmente está aquí, es de los técnicos (¿dónde está?, un segundo, aquí está) son 6.000€/km una carretera secundaria; 9.000€ una carretera de red primaria; 18.000€ una de alta capacidad y 42.000 € una autovía. Es el mantenimiento que hay que hacer. Nosotros tenemos que centrarnos en los 6.000 € de una carretera, sobre todo, de una carretera secundaria. Entonces, esos datos no los sacamos nosotros. Nosotros preferimos que haya personal que sobre arreglando carreteras, a que sobre personal, como porteros, en el Teatro Principal o en el edificio cultural Marcos Valcárcel, porque esto realmente es lo importante. ¿De dónde saca el dinero? De cantidad de gastos superfluos que tiene esta diputación que es un auténtica salvajada, porque realmente tiene en torno a 40 millones de euros casi de libre disposición. Si empezamos a sumar, no ya los 70.000 € que es *peccata minuta* de los presupuestos de lo que es este viaje absurdo a Argentina; pero ya súmale los 200.000 del tema de darle dinero a Abanca y ahora súmenle los 2.700.000 del archivo de *La Región*; empiecen a sumar, sumar, sumar y nos ponemos, obviamente, en que se tira el dinero en esta Diputación en torno a unos 30 millones de euros, cada año, dinero totalmente cuestionable. Lo primero tiene que ser las primeras necesidades, que no se están cubriendo. Estamos a favor de esta moción del PSOE.

**D. Pablo Pérez Pérez, portavoz do Grupo Popular:** moitas grazas, señor presidente. Estaba esperando a ver se vostedes, algún de vostedes, era capaz de dicirme a cantidade destinada nos orzamentos desta Deputación para o ano 2019 a vías provinciais. Xa llo recalquei hai un pouco e vostede insistiu no millón e medio do plan de rede viaria provincial, máis nos 376.000 € da *carretera* de Vilardevós. Insistinlle que me dixera a cantidade, se sabían vostedes cal é a cantidade destinada por esta Deputación ao mantemento das vías provinciais.

**D. Gonzalo Pérez Jácome,** portavoz do Grupo de DO, di dende o seu escano que son 1.000 euros por kilómetro.

**D. Pablo Pérez Pérez, portavoz do Grupo Popular:** mentes, esa cantidade é totalmente incerta. Quieto. Vouche a explicar. Saca a calculadora que che gusta moito andar co móbil. O capítulo completo dos investimentos reais por parte desta Deputación dende o Servizo de Vías e Obras á rede viaria provincial é de 4,5 millóns - concretamente 4.514.000€ para ser máis exactos- e así se reflicte nos orzamentos. Outra cousa é que vostedes non o leran, ou non o saiban ler, o cal dubido, eu sei que vostedes son bastante

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018**

hábiles; polo que eu non sei de onde veñen esas cifras que barallan vostedes. E volvo a insistirlles, ampliarase co remanente de tesourería. O criterio deste goberno provincial no tocante ao Servizo de Vías e Obras, no vindeiro plan de mandato, vai a ser primar a presenza de técnicos cualificados e facer a conservación e mantemento das estradas de xeito que o veñen facendo as outras deputacións e administracións de Galicia. ¿Sabían vostedes que se restamos o capítulo 1 asignado a Vías e Obras e ao lixo estaríamos por debaixo do custe de persoal por habitante das catro deputacións galegas? De sobra saben que, facer esta comparativa con outras deputacións, é manipular números; xa que unha deputación, como pode ser a de Coruña, non ten nin parque de maquinaria, nin fai conservación directa das vías provinciais. Desta forma, poderemos destinar persoal do Servizo de Vías e Obras a cooperación cos concellos, algo moi demandado. Hai alcaldes na bancada, na súa bancada e aquí na miña tamén evidentemente, que poden dicir que están bastante contentos co traballo e cooperación que se está facendo. Porque vostede, señor Fraga Civeira, deu a entender que neste momento non se estaba facendo traballo de cooperación nos concellos por medio das brigadas de Vías e Obras, e é totalmente incerto. Vale, acláremolo, porque é totalmente incerto. Hai alcalde por aí que non só demandan ese traballo; senón que están realmente satisfeitos con ese traballo e así mo manifestan. Por exemplo, estoulle a falar das brigadas de regas que serán potenciadas, ou por exemplo, destinadas a *desbrozadoras*, maiormente a apoio a concellos que seguro que o agradecen e demandan debido ás novas esixencias da lei con respecto das franxas de seguridade dos núcleos urbanos, xa que como todos sabemos o convenio Xunta - FEGAMP, a pesar de ser unha boa ferramenta, vai a necesitar, sen dúbida, a axuda doutras institucións. En definitiva, o Servizo de Vías e Obras é moito máis que o plan de rede viaria do que vostedes falan. Non respondemos en exclusiva a criterios técnicos, senón tamén a criterios de beneficio social e económico e a un plan ordenado e ben estruturado deste goberno provincial que para iso somos elixidos. Na rede viaria provincial tamén temos que ter en conta outras actuacións como a limpeza das marxes ou a vialidade invernal e a brigada de emerxencias 24 horas. Seguimos asumindo a titularidade de novas vías ata atender na actualidade 1.855km en 264 vías e temos en tramitación a cesión doutra *carretera*. O orzamento dedicado á rede viaria provincial no orzamento do ano 2019 é de 4.514.000 €e verase ampliado co remanente de tesouraría. Nesa valoración non vai valorado o traballo que fan as propias brigadas nos labores de mantemento que

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

tamén se podería valorar cuantitativamente. Con todo, señores da oposición temos unhas estradas tan, o máis dignas, que as de calquera deputación de España; pero non renunciámos a melloralas. Dito o cal anunciámoslle que imos a votar en contra da súa proposta. Moitas grazas.

**D. Francisco José Fraga Civeira, portavoz do Grupo Socialista:** moitas grazas señor presidente. Eu agradecería que nos desglosara, máis que nada para que nos aforrar o traballo, os 4.514.000 € que nos desglose para atopar e ver de onde realmente...non vai a ser que nos meta aí parte de custe de persoal. Nós falamos dos materiais e do tal... Cooperación cos concellos, fálame vostede; evidentemente e eu cando fun alcalde recorrín a este servizo, moi bo por certo, e en condicións vantaxosas para os concellos porque temos que pagar o material e o aluguer da maquinaria da que no se dispón. Aforrámonos un custe importante en man de obra. Por certo, ningunha queixa de cando foron asfaltar aí, o persoal ben e capacitado. Pero a pregunta non é esa, a pregunta é ¿canto teñen que agardar os alcaldes para que lles vaia este servizo pola falta, precisamente, de persoal? Si, eu agardei. Non vaia ser que fose como era doutro partido político e tivera que esperar máis tempo, non quero pensar iso; porque tamén sei que hai alcaldes do seu mesmo grupo político que tamén esperan moito. Enténdoo porque o persoal é o que é e é un servizo bo e ben valorado polos concellos. ¿Que cooperan? Si, recentemente estiveron en Castrelo do Val. Pero o tema é canto teñen que agardar. Porque é o que hai e vostede sabe que hai brigadas que están en mínimos, en mínimos. Entón, quédome, aínda que voten en contra, que é habitual que vostedes voten en contra, quédome co que di vostede de que van potenciar o servizo. Alédome, aínda que voten en contra da moción; é bo que potencien o servizo. ¿Por que é bo? Porque, mire, é un servizo fundamental e básico como xa dixemos. Coiden as *carreteras*, préstennos servizo a todos, coiden este servizo que xa digo, é básico e fundamental. Moitas grazas. Lamento que voten en contra.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 7º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 7º](#).

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8) e de Democracia Ourensana (2), a abstención do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (13).

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

**9º.- MOCIÓN DO BNG RESPECTO DAS BASES DE SUBVENCÍONS PARA DEPORTE.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao Grupo do BNG para que expoña o contido da moción.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** moitas grazas señor presidente. Vou primeiro á exposición de motivos. A diario, as mulleres viven múltiples situacións de desigualdade en diferentes ámbitos que é necesario facer públicas para que a sociedade tome conciencia das mesmas e, deste xeito, poder eliminalas para lograr o obxectivo de conseguir unha sociedade igualitaria na cuestión do xénero. No ámbito do deporte tense constatado moitas veces que se da dun xeito flagrante a distintos niveis. Neste días pasados púxose de manifesto nunha disciplina deportiva, o tenis, nun torneo financiado con diñeiro público que patrocina a Deputación Provincial de Ourense e na que se estableceron diferentes premios que supuxeron, na práctica, que o campión e o subcampión masculino tivesen uns premios máis elevados que a campioa e subcampioa femininas. Aínda que defendamos que o incentivo económico non debe ser o que mova a práctica deportiva, e menos nestas idades de alevíns e infantís; estes premios son un xeito de empezar a marcar diferenzas no prestixio social o que incide, claramente, na discriminación do deporte feminino e no círculo perverso de que se desactive a práctica do mesmo e que cada vez haxa menos nenas practicando esas modalidades deportivas. No caso do tenis constatamos que non se trataba dun problema derivado de recursos económicos, xa que a Deputación financiaba os premios ate 1.200 € dos que só se chegaron a gastar 995. Por tanto, consideramos que a Deputación Provincial deberá establecer criterios mínimos á hora de prestar o seu patrocinio ás distintas modalidades deportivas que garantan que as diferentes federacións teñan un trato equitativo, non discriminatorio e igualitario entre as competicións masculinas e as femininas. Entón o noso acordo é moi sinxelo: instar ao goberno provincial a que introduza, nos seus criterios para os patrocinios deportivos, cláusulas que impidan a discriminación do deporte feminino á hora de outorgar os premios; de forma que se garanta que os premios finais sexan idénticos no caso do deporte feminino e masculino. Teño aquí as bases deste torneo de tenis e, en concreto, para explicar cal foi a orixe do problema ou a problemática fala no apartado 9, premios e regalos, que se repartirán 1.200 € en vales de material deportivo para campión ou campións nas categorías

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

de absoluto coa seguinte fórmula: o gañador obterá un premio consistente en 25€ por partido disputado gañado; o subcampión 20€ por partido disputado gañado e no caso da categoría feminina entregaranse 30 por partido disputado gañado e a subcampioa 25 por partido disputado e gañado. Esta fórmula que en principio parecería favorecer á categoría feminina, porque os premios eran 5€ máis caros en cada unha das categorías, ao final converteuse na discriminación que denunciámos porque, como se xogan menos partidos na categoría feminina que na categoría masculina, ao final as nenas recibiron premios inferiores - como denunciámos - aos nenos. Entón, nós o que pedimos e que se cambie para que isto non volva a acontecer. De momento nada máis. Moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana:** sí, como no intervendré máis en este Pleno, simplemente rescatar unas palabras, del tema antes de las obras. Es un dato sesgado el que ha dado aquí el concejal Pablo, porque obviamente la forma de gastar el dinero, como dijo ya el del PSOE, no es específicamente en eso, sino es más temas; por eso le sale esa cifra. Pero, aun así, le estaría saliendo una cifra, según sus cálculos, de 2.500 € por km que sigue estando lejos de los 6.000. Es decir, no se está gastando dinero en lo fundamental. Respecto a lo otro que me decía también la diputada socialista de que yo defiende la cultura de los *youtubers*. Yo no defiende la cultura de los *youtubers* – no ponga en mis palabras lo que no he dicho, que eso sería, creo, falacia del hombre de paja – nosotros lo que defendemos es que la libertad de *YouTube* (por poner un ejemplo de *YouTube* o de quien sea) es que una persona enciende *YouTube*, o lo que sea, y ve la cultura que le apetece, lo que le da la gana, sin tener un político que le coja la cabeza, o un dedo, y le diga *pulse ahí*. Es lo que quiero decir. Lo mismo de la televisión. Nosotros defendemos esa libertad. Vosotros en el PSOE, también en el PP y en el Bloque, consideráis que el pueblo es imbécil y, como el pueblo es imbécil, le tenéis que decir que cultura, que música tiene que escuchar porque el pueblo es tonto y no sabe escoger. Democracia Orensana cree al revés que el pueblo es libre y déjalo en paz. Mucha gente dice *es que el pueblo no sabe escoger*; pues, desde luego, no lo va a saber escoger menos contigo si le dices lo que tiene que escuchar. Respecto lo de la cultura, beneficios, creo que ya lo dije. Antes dijo también Plácido que la cultura no puede tener beneficios. Vamos

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

a ver, la pública no, pero la privada sí. En Londres la cultura es privada, exporta y tiene beneficios. Eso también dijo algo que no tiene nada que ver. Bueno, respecto a este grano ya, perdón, yendo al grano. Tenemos una moción muy interesante, desde el punto de vista ideológico, del Bloque Nacionalista Gallego en la que pide lo siguiente, literalmente, voy a repetir: *instar ao goberno provincial a que introduza, nos seus criterios para os patrocinios deportivos, cláusulas que impidan a discriminación do deporte feminino á hora de outorgar os premios; de forma que se garanta que os premios finais sexan idénticos no caso do deporte feminino e masculino*. Nosotros creemos que, ante una propuesta así, solo se puede votar a favor. Sin embargo hay que hacer aquí varios matices. Nosotros tuvimos, hablando antes del Hotel Bali y de la carrera, yo organicé (la verdad es que mérito, no es ninguno; porque cuando uno tiene una idea original, simplemente es una idea original. Cuando simplemente se trata de exportar lo que ya existe e implantarlo aquí, tampoco tiene mucho mérito), yo organicé la primera carrera de escaleras que se hizo en Europa, ¿por qué? Porque fui a competir al Empire State Building, en el año 2002; aquí en Europa no había ninguna y cuando se hizo el rascacielos del Hotel Bali, en Benidorm, hice esa propuesta y la admitieron. Durante 10 años organicé esa carrera, después ya se hizo otra en Suiza, fue la segunda, y ahora ya hay muchísimas en Europa. Pero digo, mérito no tiene ninguno. Cuando hicimos aquella carrera, recuerdo que los primeros beneficios por organizar aquella carrera los gasté en los folletos electorales de las municipales del año 2003, en las que tuvimos solamente 284 votos. Al grano. Allí hacíamos una carrera y dábamos unos premios económicos a los participantes masculinos y femeninos. Entonces, ocurrió un suceso que venían unos 100 participantes masculinos y venían 4 o 5 femeninos. Entonces había una gran competencia en el tema masculino y muy poca en el femenino; con lo cual, cuando se daban los premios ocurrió que vinieron – creo - tres personas de una misma familia que vivían allí al lado, porque prácticamente no había competencia, y se llevó los primeros premios la familia aquella; pero, además eran de una calidad atlética tremendamente mediocre, cualquiera le podría haber ganado. En el pabellón de los Remedios, si yo llego a llevar unas atletas femeninas, hubieran ganado en el hotel Bali y se hubieran llevado el premio. Entonces, claro, los masculinos decían: *joder, es tremendamente difícil ganar la prueba masculina y, aquí, cualquier persona del femenino, con la poca competencia que hay, se lleva el mismo premio*. Con lo cual dicen ellos:

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018**

*hubiera llevado a mi madre, o a mi hermana, que se hubiera llevado el premio de los 500 € o de los 600, porque esto es un chollo venir aquí.* Entonces, claro, aquí está pasando algo y podríamos estar hablando de discriminar, de que los premios masculinos fueran de mayor cuantía. Pero, claro, se montaría un pollo tremendo, si pones unas bases en las que pones que a los masculinos se les paga más y a los femeninos, menos. Por otro lado, también hay otra lectura que es decir: oiga usted, esas mujeres a las que le parece muy fácil ganar y que han ganado en el Hotel Bali, parece muy fácil, pero es que, ojo, si hay muy poca participación femenina es porque, tal y como están diseñadas las circunstancias mundiales, a la mujer le cuesta más hacer deporte. O sea que también hay otra lectura, porque se puede entender que, debido a la discriminación de la mujer tal y como está la sociedad, realmente que esas mujeres lleguen ahí también tiene mérito; porque, a lo mejor, en los años 50 no llegaba ninguna. En el Hotel Bali, las cuatro o cinco que participaron, es también debido a la discriminación que hay de la mujer y ellas no son culpables. Con lo cual, si solo hay cuatro o cinco, oiga usted... Porque no hay más mujeres aquí es por la discriminación que hay; por eso todavía hoy tiene sentido el feminismo que lucha por la igualdad. Con lo cual esas dos lecturas pueden ser interesantes. El caso es que lo resolvimos de una forma un poco, ¿cómo se suele decir? salomónica, por utilizar un adjetivo, y lo utilizamos con el siguiente concepto que fue muy fácil. Calculamos, conociendo a varios expertos mundiales masculinos y femeninos, cuales eran unas marcas de calidad; con lo cual pusimos lo siguiente, se le daba el mismo premio – decidimos, este fue un diseño que hice yo- a los hombres que a las mujeres, pero había que hacer una marca mínima para tener esa cuantía. Por ejemplo, en subir el Hotel Bali creo que el corte estaba en 00:05:40 y la mujer en 00:06:40. Traducido a 100m lisos, imagínense ustedes que hacemos una competición de 100 m lisos y decimos: los premios son de 1.000€, 500€y 300€para los tres primeros, pero solo se dará cuantía económica si los hombres corren por debajo de 00:00:11 y las mujeres por debajo de 00:00:12. Con lo cual, ahí se estarían dando los mismos premios, pero al mismo tiempo haciendo un estándar universal de calidad, ¿vale? Entonces, los dos serían válidos; utilizar este tema o no. Por otro lado, no hay que olvidar que el Hotel Bali era tremendamente competitivo, con lo cual eso lo hacíamos porque era competición y ahí está justificado hacerlo. Por otro lado, la Diputación no siempre tiene que utilizar ese criterio, de marcas mínimas, porque aquí estamos fomentando la participación y teniendo en cuenta

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

que la mujer practica menos deporte - no porque no le apetezca, por las causas que hemos dicho de discriminación mundial que todavía favorecen a los hombres - entonces razón de más, aun, para que haya que no poner a lo mejor esas barreras técnicas porque aquí la Diputación no debe buscar la competitividad, sino fomentar la participación. En ese sentido votamos a favor y nada más. Por otro lado, también es muy difícil utilizar ese criterio técnico que nosotros usamos en el Hotel Bali y que en 100 metros lisos es muy fácil usar, es muy difícil de hacer en el tenis porque en estos temas que nosotros organizábamos uno se basa en el cronómetro; pero en el tenis es difícil basarse en el cronómetro. Te puedes basar en la clasificación ATP y en la femenina - que no sé si tiene el mismo nombre o no -, te puedes basar en ciertos criterios, pero en temas subjetivos, como el fútbol, no hay, a lo mejor, ese baremo para establecerlo. Nada más.

**D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista:** moitas grazas presidente. Eu vou ir á moción. En relación á moción que hoxe nos presenta aquí o BNG, totalmente de acordo nas propostas de acordo que hoxe nos trae aquí. Hoxe en día a desigualdade no ámbito deportivo maniféstase en distintas formas, na brecha salarial, cosificación da muller, cláusulas anti-embarazo en contratos de mulleres deportistas, menor difusión de eventos deportivos femininos, escasa presenza de mulleres en órganos de dirección; é, como non, nos atopamos coas contías de premios a xogadores e xogadoras; nalgúns deportes, ata particularmente ofensivo. Os poderes públicos temos a obriga de velar porque non se produza discriminación de xénero. Segundo di a Lei 3/2007, do 22 de marzo, para a igualdade efectiva de homes e mulleres, ningunha administración pública pode organizar, financiar, subvencionar ou patrocinar unha competición ou evento deportivo cuxos premios sexan distintos para os homes e para as mulleres, cando se trate da mesma disciplina, modalidade e categoría deportiva. Como ben dixo e explicou o compañeiro do BNG, no feito que se detallaba, si é verdade, no feito que se detallaba na exposición de motivos nós non atopabamos esa... porque no punto 9 é totalmente distinto, non atopabamos ese tipo de diferenza á que facía referencia. Pero do que veu a detallar si que é necesario incentivar a participación das mulleres nos deportes. É necesario aplicar políticas de igualdade. É necesario impulsar e apoiar formación específica de adestradoras, árbitras e deportistas femininas. É necesario desenvolver programas específicos para o fomento da participación da muller na actividade física e deporte. É necesario patrocinio de equipos femininos. Estes

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

son só uns exemplos de medidas moi faciliñas que podería poñer en marcha esta Deputación. Moitas grazas.

**D. Juan Anta Rodríguez, do Grupo Popular:** bos días a todos, compañeiros, compañeiras, a todas as persoas que hoxe nos seguen aquí, aos ilustres notarios da actualidade que diría o ilustre vicepresidente. Sobre isto. A min gústame, como Jácome expresa un exemplo, trasladado aquí e eu voulo copiar. Isto foi o que sucedeu aquí. Tiñamos 58 participantes masculinos e 3 mulleres. Tivemos que convencer a unha cuarta para que participara. Para gañar (hai que, evidentemente, só saber sumar, restar) un tiña que xogar 5-6 partidos para chegar á final e outro, un. Un tiña que facer 5, 6, 7 desprazamentos para chegar á final e o outro só tiña que xogar un partido, etc, etc... O exemplo púño antes Jácome, exactamente foi o que aquí aconteceu. ¿Como nós incentivamos e apoiamos esa igualdade? Pondo un premio maior a toda persoa, neste caso muller, que ganara, que ao home. Esa foi a única maneira. ¿É xusto que unha persoa que xogue sete partidos teña que desprazarse sete veces a xogar alí? porque a parte non é unha contía económica, non se dá diñeiro, tal e como dicía, dáse material deportivo; repito: ¿é xusto que unha persoa que se teña que desprazar sete veces a xogar un partido, para chegar a unha final, se lle dea o mesmo premio que a unha persoa que só ten que xogar unha vez? ¿É xusto? Ou chegamos aquí, soltamos o slogan pre-campaña absoluta e total sen ter, nin ler, as bases sequera e todos a dicir *amén*? Explíquenme como xustificamos que unha persoa que ten que incorrer en sete veces os gastos para poder participar, tratámolo sete veces peor para darlle un premio aínda inferior que, neste caso, á muller. Non é cuestión de muller ou home neste caso; é cuestión de organización e de que, entendemos que se debe incentivar a participación da muller en deportes que o fan en menor cantidade e por iso aumentamos o prezo. Pero, a partir de aí, se saímos do caso, o resto chámase demagogia. É moi fácil, que alguén me explique como lle teño que explicar eu ao gañador - que foi sete veces a xogar, que tivo que desprazarse sete veces, que tivo que estar sete, catro, tres días xogando - que lle teño que dar un premio igual a unha persoa que xoga só un partido. E non hai máis. Grazas.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** grazas señor presidente. Logo das explicacións do señor Anta, a verdade é que as bases eran as que eran, pero sigo sen entendela. En primeiro lugar non entendo que só participen 3 mulleres; aí, ao mellor, é por onde habería que empezar, por fomentar esa participación. E desde logo, non me parece

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

tampouco a solución que, para compensar esa diferenza da que vostede fala, de que un teña que desprazarse ou teña que xogar máis partidos nunha categoría que na outra, pois que se compense nos premios. Haberá outras fórmulas, digo eu; partindo xa da base de que seguramente ningún dos que compite, compite para gañar, pero compite polo simple feito de competir, non é a súa actividade principal, non viven disto. Entón, en todo caso, se vostede detecta esa problemática e, neste caso, esa problemática lévanos ás consecuencias que nos levou, o que terá que buscar é algunha forma de que os que participan e teñen que facelo en tres días e desprazarse sete veces, non lles supoña, persoalmente, un gasto inasumible e que os leve a non poder participar. Pola contra, se só temos tres mulleres, aí hai un problema. Haberá que intentar, dende logo, incentivar a participación das mulleres. E, dende logo, tamén teño claro que non se incentiva a participación das mulleres con resultados como os que estivemos denunciando agora que é que, ao final, uns levan máis premios que outros; é dicir, haberá que atacar as causas dos problemas, haberá que buscarlle solución para esa problemática. Pero dende logo, en teoría, o que se intentou facer neste caso, que eu xa o expliquei cando falaba do punto no que se falaba, onde se establecía cales eran os premios a repartir, aí vese que houbo un intento de compensar esa diferenza; pero dende logo non foi nin de lonxe o necesario para acadar esa igualdade. Entón, pensamos que se lle debe dar unha volta coa mellor intención que estou seguro, despois de escoitalos, todos temos por buscarlles solucións á problemática e, dende logo, que non volva pasar isto. Non vemos que o premio sexa ao final o que compense ou o incentivo fundamental para que a participación sexa a que é; e, sobre todo, no caso das mulleres, co cal non debería existir esa discriminación que nós denunciemos e debería terse en conta para futuras edicións e para outras competicións.

**D. Gonzalo Pérez Jácome, portavoz de Democracia Ourensana:** hola. La verdad que este es un tema, ideológicamente, súper fascinante porque es un tema que reta a la mente a buscar soluciones. Lo acaba de decir aquí ahora el diputado provincial del Partido Popular, cómo solucionas esto y cómo lo explicas a las personas esas. Hombre, a mí se me ocurre muy fácil, tendrás que tirar de imaginación para solucionar y pagar por viajes; con lo cual, ahí ya no estás discriminando. Oiga, cuando se haga un viaje, nosotros te pagamos y luego el premio está unificado. En cualquier caso, la pregunta anterior y tiene que ver con algo mucho más profundo del tema, que es lo siguiente. Nosotros, a los americanos, no

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

podemos decir que sean el ejemplo de cómo podría ser el país donde tuvieran la mejor Seguridad Social de mundo (seguramente Estados Unidos no es el mejor ejemplo, a lo mejor Alemania, Inglaterra son muchísimo mejor ejemplo de cómo funciona la Seguridad Social que en Estados Unidos); sin embargo, a los americanos sí les podemos decir que nos den clase en deportes. Entonces, a veces no hay que tirar de imaginación, simplemente hay que copiar; lo que decía un gurú: no creéis, copiad. Entonces a veces hay que copiar. Yo recuerdo que los americanos enseñan mucho y nos lo enseñaron en el mundial de 1994. Cuando había partidos en el mundial de 1994, había partidos de segunda fila y había 90.000 espectadores en el campo, o sea, que aquello metía miedo, ¡cómo lo hacen estos tíos! O en las Olimpiadas que, en las sesiones matinales, de Atlanta 936 estaban a tope, las de la tarde y las de la mañana. Decía, haciendo espectáculo, son un show. Pues, en Estados Unidos el deporte es fascinante en el High School, o ya en la Universidad, la Universidad es ya impresionante, pero en el High School también, en el instituto y los deportes del fútbol, que le llaman del viernes a la noche, a lo mejor van 30.000 personas a un partido. Ustedes imagínense un partido Maristas – Salesianos que tuviera 30.000 espectadores; pues allí ocurre. Un partido del colegio más importante de una ciudad a lo mejor van 30.000 personas al campo, un viernes, ¡eso es impresionante! Bueno, ¿sabe qué cuantía económica, cuánto le pagan a los niños que generan 30.000 espectadores, sabe cuánto le pagan? Le pagan cero, cero. Entonces, lo que es una aberración es que la Diputación (y en la Universidad, ¿sabes cuánto cobran? en la Universidad, no solo cobran cero los deportistas de élite que se ve por millones en la televisión, le pagan los estudios en la Universidad, pero cobran cero y pobre del que se entere que te pagan algo, que te expulsan), entonces la pregunta es ¿por qué la Diputación tiene que dar dinero económico a los niños que compiten? Y dice, no, es que es material deportivo. Chámalle X, é o mesmo. Lo que hay que hacer es cambiar esa historia. Vamos a fomentar el deporte, ¿no decimos siempre que lo importante es participar? Entonces, ¿para qué *carallo* le damos premio económico al que queda primero? ¿para qué le damos premio al que queda primero? Bastante suerte tienes con ser el mejor. Si después tú eres capaz de generar un espectáculo como Rafael Nadal, ¡bueno, hombre, pues suerte que tienes tú, suerte que tienes! Pero, ¿por qué le hay que pagar dinero a un estricto, no ya amateur, sino a un infante, *carallo*, casi? Pues yo creo que de ahí parte la aberración. Yo creo que ese es el tema. Si se trata de lo que decía el diputado

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

del Partido Popular, Juan, pagar, es muy fácil, se paga por desplazamiento, si le puedes pagar los gastos, y luego yo creo que es bastante fácil ser ecuánime en que los premios, masculinos y femeninos, sean los mismos; yo creo que es bastante fácil técnicamente. Para cada problema siempre hay una solución.

**D.<sup>a</sup> Susana Rodríguez Rodríguez, do Grupo Socialista:** eu non dixen para nada que estiveran mal as bases. Parécenme unhas bases tal cal, o punto nove paréceme correcto. O que si que é verdade é que, de todo o argumentario que vostede nos deu, a realidade é moi distinta e a verdade é que é moi triste, o que nos vén a dicir que son necesarias moitas políticas de igualdade por parte de esta Deputación. É necesario incrementar a participación da muller porque a realidade díxoa vostede, nós non dixemos para nada cantos participantes masculinos e femininos; díxoo vostede: había catro, polo cal hai que empezar a traballar niso. Grazas.

**D. Juan Anta Rodríguez, do Grupo Popular:** moitas grazas. Se eu estou de acordo e todos estamos de acordo. Eu creo que ninguén dos que estamos aquí vai dicir que non está de acordo con que hai que aplicar, incentivar moitas políticas desa índole; seguro, todos. Ben, e todos os que están aí mirándonos tamén e os que están mirándonos polos medios audiovisuais, case todos seguro que están de acordo. Pero aínda non me contestou ningún de vostedes, ningún me contestou a pregunta de como resolvemos isto. E non o resolvemos... porque non, non vale facer trampas, non, explícollo, vostede non se preocupe que eu explícollo, non vale facer trampas. Mire, cando eu lle leo a cláusula 9 é intentar minorar un problema, incentivando cunha contía maior aquilo. Vale. E ¿a iso como lle chamamos? Políticas sociais ou como lle chamamos a isto. É dicir, nós, o que hai que propor é, nesta liña, máis medidas semellantes para poder dinamizar. ¡Home, non nos pedirán a nós que, de repente, convenzamos a todo o mundo para facer un deporte ou outro! Senón teño que poñerme esta tarde con todas as compañeiras a obrígalas a facer tiro con arco, ou que sei, a ver o que poden facer. Sexamos sensatos, ou vamos a convencer a todos os rapaces tamén para que fagan ximnasia rítmica, non. Eu estou encantado con que todo o mundo participe, con que todo o mundo participe e hai que facer políticas nesa índole e todos estamos de acordo. Estimado Ramiro, eu creo que debería retirar a moción porque se deu conta de que era un erro, sinceramente o penso, sabe que o teño en estima e creo que non se deu conta de que metera a pata e que, *bueno*, algo lle comentarían aí, neses *pasillos* tan grandes nos que están ás veces todos, alguén lle comentaría

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

algo e presentou con algún dato porque por aí escoitou así de lado e, no, aquí vou facer unha moción que estamos xusto a seis meses – aparte felicítoos, porque esta semana confirmou que vai vostede de candidato do Bloque en Xinzo - e ao mellor isto nalgunha *calle* me pode facer algún voto, vamos a intentalo. Evidentemente eu creo que debe retirala porque sabe vostede que non ten xustificación posible, salvo que o tema da campaña si que inflúa que eu aí sabe que en Xinzo non participo, non o sei, pero *bueno* en calquera caso... Porque vostede dime, si, é que hai que incentivalo pero, ¿que solución lle damos? É que se votamos a favor da moción, estamos contradicindo a discriminación que, neste caso é o incentivo que facemos doutra maneira. Nós vamos moito máis alá do que propón a moción, moito máis alá. E aínda non me contestaron... si, o único que me contestou é Jácome que agora lle direi o que creo. O portavoz, concelleiro en Ourense, dicíame, non, paguémoslle o gasoil. Pero, vamos a ver, ¿que diferenza hai entre pagarlle o gasoil e darlle maior contía en...? pero é exactamente igual, facemos unha discriminación positiva. A ver, facemos unha discriminación exactamente igual, cuantitativamente falando seguimos facendo unha discriminación; entón estás dicindo que realmente, ben, as bases están correctas. Ben, en relación co que me referías. Púñasme un exemplo, é que en Estados Unidos non se lle paga nada. Mira, é que se invita a participar por razóns deportivas, eu que sigo bastante a NBA e algún deporte como o baloncesto, auténticas barbaridades, pónenselle unha vida de luxo a rapaces de 13 anos, aos que non se lle cobra nada na Universidade e fanlle unha vida de auténtica barbaridade. Como exemplo non é o mellor porque, se ti, onde vas a pagar 5.000 €, non pagas nada é unha compensación económica ¿ou non? Ou a iso ¿como lle chamamos? Dicías que era o X o I, ¿como lle chamamos a iso? Dalgunha maneira están compensando, están facendo o mesmo; é máis, están facendo contratos, despois apalabran contratos a posteriori millónarios, non de 960 € que se gastaron neste torneo, non desa contía, moito maior. En definitiva, cremos que as bases estaban correctas, sempre estanos abertos a mellorar, sempre estamos – máis neste campo – a que todo o mundo faga achegas, pero non demagogia con frases baratas para que a xente compre. Moitas grazas.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do Grupo do BNG:** grazas, señor presidente. O aprecio é mutuo, iso xa de entrada, co señor portavoz que neste caso defende a postura do grupo de goberno; en todo caso eu vólvo a repetir. A verdade é que cando consideramos presentar esta moción, non pensei que fora a dar tanto xogo. Dixen, neste

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

imos estar todos de acordo porque é que, dende logo... Tamén me alegro de que vostedes sigan mantendo esa capacidade de sorpresa intacta para poder, a estes plenos, chegar e encontrarse un que teña un pouco de aliciente, de acicate pois vir aquí. Eu volvo dicir, seguramente que ningún dos que participou nesta Copa Deputación o seu incentivo fundamental era os premios, dende logo, estou absolutamente de acordo; nin a súa preocupación fundamental era se se tiñan que desprazar tres veces ou se tiñan que desprazar seis. Seguramente dixeron: oxalá teña que ir seis ou sete veces alí a xogar, oxalá teña que ir seis ou sete veces porque significará que vou gañando partidos, vou eliminando contrincantes e me achego á final. Non entendo, porque ao final a conclusión que me queda é que vostedes están de acordo, independentemente de todo o discurso que fixeron, en que os premios ás categorías masculinas e femininas sexan distintos. Porque, ¿cal é o argumento para mantelos distintos? ¿Que hai que compensarlle a esta xente que foi xogar máis partidos ou non? Para iso haberá outros medios, aquí xa se explicou algún. Se hai que compensar iso ou iso é un problema, haberá que recollelo nas bases. Tamén xa o dixen antes, non advirto mala intención por quen redactou estas bases; de feito vese que tiña algunha preocupación polo tema porque intentou compensalo con esa diferenza que son os temas; pero o resultado foi o que foi: as campioas e subcampioas femininas recibiron un premio inferior ao masculino. Non entro en que fora máis ou menos, ese é outro problema, do que parte todo isto, pero que é un problema que vai por outra vía, fomentar a participación, o que vostede sinalaba. Eu non vexo ningún problema técnico, nin ningunha dificultade insalvable en aprobar ou instar ao goberno – que vostede parece ser que non están de acordo - en que introduza nos seus criterios para que os patrocinios impidan a discriminación do deporte feminino á hora de outorgar os premios e que garanta que os casos masculino e feminino leven o mesmo premio. !De verdade que non o entendo! ¡non o entendo! Nada máis. moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 9º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 9º](#).

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (13).

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

**10º.- MOCIÓN DE DEMOCRACIA OURENSANA RELATIVA Á CONCESIÓN DA MEDALLA DE OURO DA PROVINCIA AO LEXICÓGRAFO OURENSÁN ISAAC ALONSO ESTRAVIZ.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra a Democracia Ourensana para que expoña o contido da moción.

**D. Armando Ojea Bouzo, de Democracia Ourensana:** ola de novo. Cando comentei, fai algunhas semanas, a diferentes persoas que presentabamos esta moción na Deputación para recoñecer a labor de Isaac Alonso Estraviz, unha altísima proporción de xente preguntoume, incluso xente relacionada coa cultura, preguntábame ¿e ese quen é? Eu quedaba sorprendido porque parecíame realmente increíble que, sendo o que é –agora detallaremos un pouco o que significa Isaac Estraviz para a lingua galega, para a cultura galega-, que fora tan perfectamente descoñecido. Logo, máis ou menos, falando con algunha xente explicábanme a razón de ser, que esta persoa nunca tiña recibido ningún recoñecemento por parte de ningunha institución pública e que, aínda por riba, estaba un pouco mal visto, digamos, polo *establishment* político que vela pola lingua galega e pola cultura galega. Falarei un pouco do que propoñemos como principal receptor desta importante medalla da provincia xa que Alonso Estraviz, como di a moción, é un importante lexicógrafo galego nado en 1935 en Vilaseca, licenciouse en Filoloxía Románica en 1977 e doutorouse en Filoloxía Galega no 99. O feito de que sexa un Doutor en Filoloxía Románica e logo en Filoloxía Galega xa ten un certo mérito. Pero case, máis alá destes títulos académicos e dos seus traballos, importantísimos, no ámbito do estudo científico do galego, podemos resaltar a súa vinculación persoal coa defensa da nosa lingua, poñendo como exemplo que el foi monxe cisterciense en Oseira e que tiña que confesar o pecado de falar galego nos anos do franquismo. Parece ser que nos anos do franquismo, nos anos 40 e 50, a efectos do dereito canónico – non sei se se chama así - vamos, dentro do mundo relixioso, era pecado falar galego. Non sei se ese era un pecado contra os *mandamientos* da lei de Deus, ou un pecado contra os *mandamientos* da Santa Nai Igrexa; o cao é que el confesaba sistematicamente ese pecado. El falaba galego e..., bueno non sei se lle valería de moito a absolución porque dise que ten que haber propósito da emenda e el, polo visto, non tiña moito propósito da emenda e seguía falando galego e seguía confesando o pecado de falar galego. Total, que tivo mesmo que deixar a Orde; primeiro

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

adscribirse a mosteiros do estranxeiro, mesmo de Francia, e posteriormente abandonar a Orde polo pecado de falar galego. Este é só un exemplo da vinculación que tivo dende sempre esta persoa co galego. Despois xa, a partir de aí, a moción fala das moitísimas achegas que ten feito á cultura e lingua galega, participacións en revistas como *Ensino, Nós, Caderno do Pobo, A Galia*; mesmo tivo algún premio como escritor de contos... Unha obra fundamental é *Estudos filolóxicos galego-portugueses* e, dende logo, un dicionario que hoxe se atopa na rede, que sufriu diferentes actualizacións e melloras, un dicionario galego que é unha referencia mundial na área lusófona e da área da Filoloxía Románica tamén, saben que todas as lingua derivadas do latín os filólogos consideran este material como importantísimo para analizar étimos, etc... Total, que nós estimamos que Isaac Alonso Estraviz merece un recoñecemento por parte das institucións públicas que xa tería que ter recibido. Outras institucións, mesmo do estranxeiro, levan recoñecido o labor deste home; universidades e academias estranxeiras. A Deputación ten hoxe unha oportunidade de ouro para romper – poderíamos dicir metaforicamente - con esa maldición de que unha persoa, que tanto ten achegado á lingua e á cultura galega, nunca tivera recibido un recoñecemento oficial. Este é o momento por fin de poñer, ao noso entender, as cousas no seu sitio, darlle un mérito a quen o ten e por iso vou, sinxelamente, a ler a proposta: que a Deputación de Ourense lle conceda a Medalla de Ouro da provincia ao lexicógrafo ourensán Isaac Alonso Estraviz nado en 1935 en Vilaseca, Trasmiras. Aínda que o seu labor transcende con moito os intereses da provincia de Ourense é un recoñecemento a nivel do galego e a nivel da filoloxía latina mundial; non esquezamos que é ourensán e por iso estimamos que merece a Medalla de Ouro. De momento nada máis. Grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** moitas grazas señor presidente. Nós xa o dixemos na comisión informativa, repetímolo aquí, parécenos moi atinada a proposta de Democracia Ourensana. Poucas persoas hai na Galicia, e en concreto na provincia de Ourense, que teñan atesourado máis méritos ao longo da súa vida. Falar de Estraviz e falar de compromiso co país e coa lingua. A súa formación permitiulle reflexionar sobre a esencia, as propiedades, as causas, os efectos das cousas naturais e, especialmente, sobre o home e o universo. Non vou a entrar na súa biografía, no seu

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

extenso catálogo de publicacións -xa explicou algo o autor da moción-, porque Estraviz ten unha extensísima obra formada por libros propios, colaboracións en libros colectivos, traducións, colaboracións en revistas divulgativas, científicas, etc... Seguramente unha das obras máis coñecidas, precisamente, é o *Dicionario Estraviz* que ten a súa versión on line; mais ten outras, como por exemplo os *Falares de Trasmiras e Cualedro* nos que eu si vou a ler unhas palabras literais del ao respecto de como e cal é a súa motivación e como desenvolveu estes traballos. Entón, el di que nun primeiro momento decidiu percorrer cada un dos lugares falando coa xente – en grupos ou illadamente - e gravar parte do que lles ouvía, sempre pedíndolles permiso, sen marcar tema algún. *Deixaba que falasen do que quixesen, como quixesen, ás veces suxeríalles que me falasen da vida de antes, como vivían, como se divertían, que comían, traballos que realizaban, etc...Interesábame sobre todo a espontaneidade. Gravei un pouco de todo, recollía os xogos que practicaban cando miúdos e maiores, entroidos, fiadeiros, festas, romances, lendas, etc... Notei dende o principio unha grande desconfianza por parte das persoas coas que quería falar. Nunhas aldeas sospeitaban que era un enviado do goberno ou un inspector de calquera cousa; noutras, unha persoa que traballaba no emparcelamento, un avogado que ía defender a un veciño cando andaba en litixios con outro. Moitas veces vían en min un membro dunha secta relixiosa, testemuña de Xehová, etc... e optei por seguir un traballo moito máis sistemático, organizado e sobre cousas concretas. Agora levaba inquéritos concretizados sobre determinados temas para reunir canto máis material puidese. Entraba aquí un recurso polas denominacións de cada unha das partes da casa, dos apeiros da laboura, das pezas do carro, do forno, do viño, dende a sementeira ata o tear, da matanza do porco, dos traballos comunais, das festas, dos enterros, etc... complementado o que xa tiña recollido de certos oficios e acrecentado aquilo sobre o que aínda non tiña falado; presentando fotos de plantas que nin sempre eran suficientes e requirían ir ao terreo e levarlles un pedazo del. No traballo da fotografía colaborou comigo a miña compañeira Manuela especialista no oficio.* Estas son palabras do propio Isaac Alonso Estraviz, é un reflexo de como levou a cabo unha grande parte dos eu labor e nós, dende logo, pesamos que debe ser tido en conta, que reúne todos os méritos para recibir esta Medalla de Ouro e agardamos, para iso solicitamos e pedimos votos, para que dende aquí saia unha moción apoiada maioritariamente para que isto sexa así. De momento nada máis, moitas grazas.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista:** grazas presidente. Bos días a todos e a todas. Bos días aos que nos ven polas canles de televisión. A primeira consideración que queremos facer dende o noso grupo é a de abrir un debate sobre a maneira de promover e decidir este tipo de outorgamentos que rematan, como neste caso sería desexable, na máis alta distinción de honras da nosa provincia. Coidamos que é hora de cuestionar que sexa só mediante a incoación dun expediente cun instructor, normalmente o encargado é o deputado encargado de cultura –con todos os respectos– e un secretario do mesmo, normalmente o asesor de política cultural; conforme ao disposto no Capítulo 3º do Regulamento de honras e distincións desta Deputación. Tampouco nos parece o máis axeitado que sexa a proposta dun único grupo político - neste caso que nos ocupa, a proposta de Democracia Ourenzana - segundo as preferencias e subxectividades de cada quen. Non estamos cuestionando a proposta en si mesma; senón que cremos firmemente que é conveniente que este tipo de concesións se fagan máis participativas - ao igual que propuxemos no caso da medalla da ourensanía- que a parte das aperturas das adhesións, si cremos que garanten o prestixio e o respaldo do/a homenaxeado/a, se conforme un xurado similar composto por representantes de todos os grupos políticos desta Corporación e así se garanta o pluralismo nas propostas e tamén no apoio unánime na toma de decisións. Á parte, cómpre mencionar que este tipo de distincións, que se nos acumulan non últimos tempos, son algo bastante distintivo desta nosa provincia; sendo menos habitual noutras. Con isto quero dicir que temos que ter mesura na concesión destas honras para non quitarlle prestixio á propia distinción en si. Por outra banda, quero incidir no pluralismo das propostas posto que, se ben nos últimos tempos se concederon a persoeiros relacionados fundamentalmente coa cultura, non sería cousa tan rara abrir o campo de recoñecemento destes méritos. En Lugo, por exemplo, concedéuselle esta mesma distinción a Darío Rivas, fillo do alcalde de Castro de Rei asasinado polo franquismo e iniciador da causa arxentina contra estes crimes; é dicir, estes recoñecementos tamén poden valer para honrar á memoria colectiva e á historia da nosa provincia. Os méritos non só se exercen á hora de contribuír á escritura, á arte, á música, etc...; senón tamén á hora de defender causas loables que nos dignifican como pobo. A segunda consideración vai dirixida á entrar de cheo na figura que nos atinxe no día de hoxe. Se ben o meu partido, na liña que eu tamén defendo, sempre se distinguiu pola defensa do galego e da súa normativa; o caso é que sempre nos posicionamos na liña oficialista, como é de todos sabido. Estamos cómodos coa normativa vixente, por

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

suposto sempre mellorable; pero sobre todo estamos máis polo labor de defender máis normalización. O galego é unha lingua minorizada e debe ser defendida dende unha posición de discriminación positiva, posto que estamos socializados cada día máis a través do cine, a televisión, as redes sociais, etc... polo castelán. Ata o de agora podíamos dicir que o galego era unha lingua minorizada, que non minoritaria; pero, por desgraza, imos camiño de selo mal que lle pese a algún deputado da cor laranxa, de cuxo nome non quero acordarme ou lembrarme, pero que me consta que canta bastante. O galego só se fala de xeito maioritario no entorno do rural en determinadas comarcas de Galicia e tamén ten falantes cunha media de idade bastante alta. Por iso, pese a non compartir a súa querencia pola normativa lusista –non aceptada pola oficialidade–, Isaac Estraviz, a quen se propón para a medalla de ouro desta provincia representa un traballo arduo, diario, de anos a prol do galego; sexa este denominado como galego portugués ou como galego a secas. Non vou a entrar, non quixera ser eu quen entrara, nun eterno debate que nos levaría por eternos derroteiros. Son a primeira que recoñece a potencialidade enorme que supón ter a mesma orixe que unha área lingüística que abrangue a 280 millóns de falantes no mundo e que representa a quinta lingua do planeta; de feito, considero que é un factor enorme de oportunidades pola que pode pasar o noso futuro lingüístico. Non vou a entrar en se estamos ante dúas variantes dunha mesma lingua, se unha deriva da outra ou se a norma se castelanizou por razóns políticas; posiblemente nese debate uns e outros teñan acertos e erros. O caso é que as achegas de Isaac Estraviz transcenden todo isto; só o seu extraordinario traballo como lexicógrafo, baste como exemplo o seu dicionario como foi nomeado -o Dicionario Estraviz - chega para recoñecerlle os seus méritos e concederlle varias distincións. O seu traballo filolóxico serve para que non perdamos as orixes de quen somos e de onde vivimos. Somos humanos grazas á linguaxe e á capacidade de crear palabras para nomear o que vemos, pero tamén o que sentimos. A construción da linguaxe ten moito que ver coa construción de quen somos como pobo e tamén como cultura. De momento nada máis e moitas grazas.

**D. Manuel Doval Soto, do Grupo Popular:** moi ben. En primeiro lugar quero facer referencia a algo que escoitei antes por parte do señor Jácome. Ten vostede unha visión da educación, xa vin, limitada no tempo, a educación obrigatoria. Debo dicirlle que a educación, a cultura, debe acompañar ás persoas durante o ciclo vital. Non entendo a súa formulación, polo tanto esta é a nosa postura e a que vai seguir. Tamén teño que dicirlle que vostede falou

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

aquí, agora na moción anterior, dos Estados Unidos, falou vostedes dos deportistas que estaba alí e *tal e cual*. Vostede sabe, así llo dixo o meu compañeiro, que perciben cantidades porque a súa manutención, as becas que alí reciben dende logo están moi por encima. Vostede dicía, chegou vostede a dicir, que case estabamos cometendo un delito porque os alumnos e as alumnas da Escola de Gaitas da Deputación que participan, van alí, pagan a súa matrícula e, se unha vez ao ano se lle financie unha viaxe, que recorreron o mundo enteiro. Recorreron o mundo enteiro levando o galego, levando a nosa historia, a nosa cultura polo mundo enteiro; pero posiblemente vostede iso non o entenda. Agora vamos ao que nos ten. Como dixen na comisión, non serei eu –así llo manifestei ao autor da moción–, non serei eu quen poña en dúbida a valía e o traballo de Isaac Estraviz ao cal, xa o comentei, en moitas ocasións, ou en bastantes ocasións, tiven oportunidade de escoitalo e atender ás súas explicacións tan completas e tan importantes. Tamén falei, e deixo a pregunta, porque aquí tamén se falou de moitas outras cousas, de que si Antón Fidalgo Santamariña, Ben-Cho-Shei e outros moitos, vivos e mortos, non serían dignos merecentes desa condecoración. O número de medallas da provincia está limitado e, polo tanto, todo haberao que ponderar. A filosofía da portavoz do Partido Socialista nalgúns temas sóame ben; noutras lamentablemente non. Entón, polo tanto, xa digo, volvo a repetir que non serei eu quen poña, nin nós quen poñamos en dúbida ao señor Estraviz, porque senón estaríamos copiando un pouco do que din vostedes as veces. Pero o Regulamento de honras desta Excelentísima Deputación é o que é e , polo tanto, establece cómo se inician os expedientes. Polo tanto, lamento dicirlle que as normas son para cumprilas e, senón haberá que antes estudalas e poñelas en cousa. Esa é a razón pola que vamos a votar en contra da concesión e non por poñer en dúbida, nin poñernos a negar a valía do que vostedes pretenden hoxe que se lle conceda a Medalla. Nada máis de momento.

**D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** empezando polo final, xa vexo que o Partido Popular desta Deputación prolonga no tempo ese esquecemento da figura de Estraviz, porque claro que os regulamentos hai que seguiilos, iso desde logo, pero as mocións teñen a súa raíz etimolóxica precisamente niso, en moción, movemento. Dende aquí é dende onde se pode poñer en marcha unha iniciativa a cal, despois, se lle daría *cauce* mediante as canles regulamentarias. A portavoz do PSOE tamén fixo referencia a cal sería a maneira que se podería cambiar a maneira de outorgar estes nomeamentos, dicindo que deberíamos participar todos os grupos políticos. Aquí estamos

**Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018**

representados todos os grupos políticos; o votar a favor ou en contra desta moción xa é unha maneira de participar todos neste recoñecemento. Tiveron tempo suficiente, estimo suficiente, para debater entre vostedes e a proposta está aí e, dende logo, se votan a favor terán participado na elección deste destinatario da medalla de ouro, para esta persoa. Entendemos que o Bloque Nacionalista Galego soubo valorar exactamente a figura de Estraviz na achega á cultura e á lingua galega. Eu non me estendín moito na miña primeira intervención poñendo exemplos das súas obras e das súas achegas. O portavoz do BNG, ao mellor, estendeuse un pouquiño máis; puxo algúns exemplos, non só o seu traballo no ámbito da lexicografía, recuperou todo o que podía: cancioneros, nomes botánicos, zoolóxicos, costumes, etc... Iso vámolos a dar xa por suposto. A portavoz do PSOE fixo referencia tamén ás diferentes correntes que hai no ámbito da filoloxía galega e da súa oficialización; pero tamén me quedo co que dixo ao final, a figura de Estraviz transcende todo iso. Esa é unha dialéctica que debe resolverse no interior das universidades e no interior das competencias dos estudosos, porque a figura de Estraviz transcende todo iso. Eu vou poñer algún exemplo. Hai moitas disciplinas científicas, máis ou menos científicas, xa sabemos que non todas as ciencias teñen o grao de precisión e de rigor que teñen as matemáticas, ou a física. Pero, por exemplo, no ámbito da psicoloxía hai psicólogos que teñen levado á psicoloxía, teñen feito unhas achegas enormes e que chega ás veces a conclusións, digamos, incluso distantes: Romanovich Luria que orientaba todo cara ao campo da neuroloxía, ou Pávlov que quería reducir todos os reflexos condicionados, Skinner co seu condutismo, cada un tiña a súa idea; sen embargo a obra que achegaron transcendía tanto a súas preferencias persoais que son estudados en todas as universidades do mundo e todo o mundo coincide en que fixeron unhas achegas enormes á psicoloxía e que a psicoloxía actual non se entendería sen ningún deles. No campo da economía un ano recibe un Premio Nobel un economista que di unha cousa e ao ano seguinte, ao mellor, recibe un Nobel un que di o contrario. ¿Por que? Porque, á marxe de certas conclusións coxunturais dentro da dialéctica, recoñécese unha achega enorme o mesmo en Keynes que en Hayek, cando se entenden contraditorios, pero os dous estúdanse nas universidades, os dous fixeron grandes achegas. No ámbito da filoloxía galega o mesmo. Xa sabemos que dentro do ámbito científico da Filoloxía as conclusións de Estraviz non coinciden coas conclusións doutros; pero iso, á hora da valía das achegas desta persoa, debe transcender

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

iso, tal e como xa apuntou a portavoz do Partido Socialista. Entón, nós recalcamos que á marxe de aspectos coxunturais, que si é lusista, que si é reintegracionista, que si o galego é o galego, que se o galaico, que se tanto o portugués como o galego non son dialectos dun idioma único como o galaico-portugués, como dicía Otero Pedrayo; iso son cuestións que xa resolverán eles nas Universidades. A achega que fixo e que sigue facendo, e que siga facendo a pesar da súa idade, Estraviz, soamente ese dicionario –eu compararía ao María Moliner no castelán, ou aos famosos dicionarios ingleses- só por iso merecería xa un recoñecemento para o futuro, para que o galego non se perda na noite dos tempos e que dentro de 200 anos ese material vai ser valorado na súa verdadeira dimensión. Nada máis, soamente me gustaría que o señor Doval, que coñeceu persoalmente e estou seguro de que a nivel persoal valora o traballo do señor Estraviz, teñen a oportunidade de variar aínda o sentido do voto. Fíxese referencia tamén a outras persoas que tamén merecen os premios; si, claro que si, pero iso non ten nada que ver, iso é unha –como lle chamaría o meu compañeiro- falacia de conclusión irrelevante. Entón non é relevante pensar que Fidalgo Santamariña tamén o mereza, si, estou tamén de acordo; pero iso non é relevante aos efectos da moción. En principio nada máis, grazas.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** grazas señor presidente, moi brevemente, simplemente algunha nota que tomei aquí sobre algunha cousa das que se dixo. Desde logo nós tamén estamos de acordo en que se debe abrir o perfil dos premiados. O perfil de candidato relacionado co mundo da cultura non debería ser exclusivo, senón que iso, deberíase abrir o perfil e valorar premiar outro tipo de xente que tamén contribuíron. Despois, tamén se fixo referencia e hai un debate moi grande que, realmente, non tería que ver en si coa proposta porque o feito de que Estraviz sexa un firme defensor do reintegracionismo e todos os seus traballos vaian nesa dirección, non lle quita nin *pizca* de mérito ao seu traballo e á súa laboura. En todo caso, aí, o debate debería ser máis amplo porque agora mesmo hai dúas correntes; temos a norma oficial, na norma oficial, e está o que promoven, o que defenden os partidarios do reintegracionismo. Nós si que seguimos e entendemos, e iso si que quedou claro na intervención da portavoz do Partido Socialista, que o galego é un idioma internacional, un idioma que nos permite comunicarnos moito máis alá das nosa fronteiras. Desde logo, nesa liña vai, precisamente, o traballo de Estraviz. En todo caso, a norma que temos agora, da que algúns son tan defensores, tamén

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

poderíamos expormos como chegamos a ela; como quen decidiu que a norma era a que agora é como normativa oficial. En todo caso, insisto, é un debate que está aberto e que por as dúas partes hai razoamentos que, eu escoitados, parécenme absolutamente lóxicos e defendibles. Desde logo, non creo que supoña isto ningún tipo de problema, nin ningún tipo de *handicap*; non vaia ser que nos pase como no caso de Carballo Calero que é o eterno candidato a ser homenaxeado no día da letras galegas e que sempre se queda ás portas, precisamente, entendemos sobre todo, pola súa firme defensa do reintegracionismo. Despois, en canto á forma, pois parécenos máis unha escusa que outra cousa porque se estamos de acordo en que a figura de Isaac Alonso Estraviz merecería este recoñecemento, pois con seguir, a partir de aí, unha vez tomada conciencia disto, os trámites regulamentarios que están previstos á hora de conceder a Medalla, é máis que suficiente. Nós, por exemplo, no Concello de Xinzo solicitámoslle a Real Academia, reiteradas veces, en reiteradas mocións, que lle dedicara o día das Letras Galegas a Carlos Casares, ata que por fin o fixo. Iso non significou, entendo eu, ningún tipo de presión, nin supoño que os académicos da Real Academia Galega non se sentirían coaccionados de ningunha maneira, obrigados a tomar iso en consideración, se non vían que a figura que nós propoñiamos cumpría os requisitos para recibir ese recoñecemento. En base a isto, nós seguimos dicindo que se debería ter en conta, que se sigan as canles establecidas, pero que a figura de Isaac Alonso Estraviz é absolutamente merecente deste recoñecemento. Nada máis. Moitas grazas.

**D.<sup>a</sup> Elvira Lama Fernández, do Grupo Socialista:** si, grazas señor presidente. Un par de consideracións. Señor Doval, as normas hai que cumprilas, efectivamente, pero tamén se poden cambiar. Pódense cambiar. Nós aquí fixemos un par de consideracións como poderían ser as honras e as distincións desta casa. Con respecto á figura do profesor Estraviz, dicir que neste caso contribúe co seu labor a recuperación da palabra; pois é o mesmo dicir amordiscar en Viana que amotexar no Carballiño para referirse a estonar as castañas, agora que estamos no tempo. E como ademais eu son dunha zona na que tivemos unha especial relación cos pobos da fronteira, asidua que son a eventos tradicionais do país veciño, sei recoñecer que as fronteiras, as máis das veces son ilusorias e só existen no noso pensamento e que é complicado distinguir cando estamos nun magosto ou nun *magusto*.vCon isto quero dicir que o profesor Estraviz, veciño e nado –ou *nascido* como diría el- en Trasmiras, merece

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

todo o nos respecto; máis alá das consideracións do noso idioma porque el. Señor Doval e señores do deputados e deputadas, xa fixo máis pola nosa lingua, moito máis do que a grande maioría dos que estamos aquí, por suposto, e dos que están fóra tamén, xa que cos seus estudos e achegas axúdanos a redescubrir a nosa propia lingua, a nosa forma de falar e a nosa forma de nomear as cousas. Polo tanto, esta é unha cuestión de vontades e a medalla de ouro o que lle fastidia, ao mellor, ao grupo maioritario neste salón de plenos é non ser eles os proponentes desa distinción. De momento nada máis e anunciar o noso voto a favor.

**D. Manuel Doval Soto, portavoz do Grupo Popular:** creo que fun claro, fun claro na comisión, volvo ser claro outra vez aquí no pleno. Dixen que non, vostedes xa o valoraron, eu dixen que non puxen en dúbida, en ningún momento, a valía do señor Estraviz; todo o contrario. Todo o que escoitei hoxe aquí non me serviu, nin máis nin menos, que para escoitar cousas novas que seguro algunhas non sabía. De todas formas, non é iso o que estamos avaliando aquí. Tamén señora Lama pediríalle que non interprete vostede, vostede pode supoñer, pero non interprete vostede, porque xa o dixen na miña primeira intervención que as normas (nós polo menos e seguro que vostedes tamén) hai que seguias, porque senón estaríamos, iso que fixeron unha proposta dicía o señor don Ramiro, dicía que fixeran unha proposta para que lle concederan o premio a non sei quen, iso non contradicía ningunha norma. Aquí está un Regulamento de honores que mentres non se cambie, o día que se cambie como vostede ben di, o día que se cambie será outra cousa; cando sexa así, así se fará ou tamén haberá outras formas de chegar a propostas. Polo tanto, nós non estivemos, nin en ningún momento dixemos que non, sinxelamente dixemos que hai que respectar o que está establecido porque iso é a base da democracia e dende logo, seguro, que todos os que estamos aquí cremos nela. Polo tanto, nada máis e moitas grazas.

**D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** ola de novo. Soamente unha cousas máis. Eu dáme a impresión que a figura de Alonso Estraviz foi suficientemente recoñecida neste pleno por parte dos grupos da oposición; aínda que seguramente poderíamos estar falando moitísimo máis tempo. Facer tres apuntes. Eu penso que a medalla de ouro a Estraviz daríalle prestixio á propia medalla, ao propio premio. Falouse nunha moción anterior, con motivo do tema da ourensanía, que había premios que lle daban prestixio ao premiado e había premios nos que o premiado dáballo prestixio ao premio; este sería un destes casos. A medalla de ouro da Deputación veríase revalorizada

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

como premio; o seu valor simbólico, honorífico, veríase aumentado dándollo a Isaac Estraviz. Polo que vexo, o Partido Popular ampárase en algo que realmente non se sostén, no Regulamento, porque basta con que se aprobase esa iniciativa. Todas as iniciativas nacen espontaneamente dalgunha maneira, aínda que despois encaucen segundo un regulamento. Eu xa tiña pensado apuntar, e pasouseme nas intervencións anteriores, a idea que apuntou a portavoz do PSOE, dáme a impresión que lles fastidia non teren sido vostedes aos que se lle ocorrera isto; entón deixarán pasar un tempo e logo proporano vostedes como idea súa dándolle, ao mellor, outro enfoque para que non se lembre ninguén de que foi Democracia Ourensana quen fixo en primeiro lugar esta proposta. Nada máis. grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 10º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 10º](#).

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8), de Democracia Ourensana (2) e do BNG (1) e o voto en contra do Grupo Popular (13).

### **11º.- MOCIÓN DO BNG PARA A DIGNIFICACIÓN E DIVULGACIÓN DA OBRA DE CASTELAO.-**

O Sr. presidente cédelle a palabra ao BNG para que expoña o contido da moción:

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** grazas señor presidente. O pasado 3 de outubro deste ano producíase a chegada á cidade da cultura de Compostela do cadro *A derradeira lección do mestre*, chegado desde Bos Aires. Alí, diante dunha comitiva de representantes de organismos públicos, foron realizadas as primeiras comprobacións técnicas sobre este óleo de 2 metros de alto pintado por Afonso Daniel Rodríguez Castelao, en 1945, na Arxentina. O espello da barbarie franquista na Galiza pintado polo político e artista de Rianxo vía por primeira vez luz en Galicia. No cadro de Castelao, baseado na estampa nº. 6 do seu álbum Galiza mártir, dous nenos choran diante do cadáver do seu mestre asasinado polos golpistas. A cara do profesor non é anónima é a de Alexandre Bóveda a quen os golpistas sublevados asasinaron o 17 de agosto de 1936 tras un simulacro de xuízo como vinganza pola súa activa participación política e social. Bóveda fora peza

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

clave no Partido Galeguista e un dos intelectuais de referencia en procesos políticos como a elaboración do plebiscito do primeiro Estatuto Galego. O cadro personifica as persoas perseguidas, reprimidas e asasinadas naqueles anos polo seu compromiso político e social, é por iso que en ocasións fora comparado co *Guernica* de Picasso, chegando a definirse como o *Guernica* galego. Non foron poucas as ocasións, nos nove anos que Feijóo acumula como presidente da Xunta, nas que as súas mencións á traxectoria política e artística de Castelao –tamén ministro da II República no exilio- acaban en polémica e a chegada da *Derradeira lección do mestre*, para ser exposto por primeira vez fóra de Bos Aires, non foi unha excepción. O presidente do executivo galego pronunciou un discurso que, ademais, de insultar á intelixencia; manipula de xeito intencionado e perverso a historia do noso país. Feijóo non mencionou a Bóveda, non falou do seu asasinato e nin sequera concretou o contexto de exilio e represión en Galicia que dá sentido á obra. Como noutras ocasións, o presidente da Xunta tamén se apropiou dunha descarada e *burda* manipulación da imaxe de Castelao, chegando a afirmar que a Galicia de 2018 é, en gran medida, a desexada por el. Resulta increíble que, a estas alturas, teñamos que recordarlle aos presidentes de Xunta e do Partido Popular que Castelao foi un nacionalista galego e tamén que a súa obra ten que ser exposta sen censuras. Este cadro denuncia o asasinato de Bóveda e o intento de aniquilación do nacionalismo galego por parte do fascismo. Non facer un recoñecemento á realidade e ao protagonista deste cadro resulta ofensivo; tendo en conta que Castelao con esta obra e as estampas de *Galicia mártir* foi tamén o primeiro cronista do que hoxe chamamos, ou chamaríamos, memoria histórica. Nós o que solicitamos é que:

1.- O Pleno da Deputación inste ao goberno da Xunta a emprender todas as xestións oportunas para emprender a compra do cadro *A derradeira lección do mestre*; así como a súa casa natal no concello de Rianxo.

2.- Que o Pleno da Deputación inste ao goberno galego a divulgar o coñecemento da multifacética obra de Castelao e o seu pensamento a través do sistema educativo, dos medios de comunicación públicos e plataformas dixitais sen censura, ocultación nin manipulación.

De momento nada máis. Moitas grazas.

A continuación prodúcense as seguintes intervencións:

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

**D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** ola de novo. Eu penso que facer unha lembranza e unha valoración da figura de Castelao é innecesario neste pleno. Ao contrario do caso anterior, esta persoa si é, o debería ser, suficientemente coñecida por todos e todas; toda o labor que fixo, o labor político, o labor artístico, o labor nacionalista, esa especie de Biblia do nacionalismo e do galeguismo que é *Sempre en Galiza*. Xa sabemos que tamén foi un deses exiliados, falabamos nunha moción anterior de Bos Aires, da quinta provincia galega, onde el tivo que exiliarse e terminar morrendo como todo o mundo sabe e dende o cal se trouxo fai pouco ese cadro. Nós coincidimos na valoración que se fai na moción da figura de Castelao. Parécenos que sería redundante exaltar a súa figura aquí e agora. E indo un pouco concretamente máis aos puntos da moción, di: *que o Pleno da Deputación inste ao goberno da Xunta a emprender todas as xestións oportunas para emprender a compra do cadro A derradeira lección do mestre; así como a súa casa natal no concello de Rianxo*. Bueno, o portavoz do BNG fixo unha valoración, unha estimación, do significado que tiña, polo menos para o seu partido, este cadro; nós non imos a meternos na valoración ideolóxica, ou sociolóxica. Moita xente di, efectivamente, que representa a morte de Bóveda; outros expertos, ou pretendidos expertos, din que non, que é unha homenaxe aos mestres en xeral. Nós non imos entrar nesa dinámica porque tampouco procede. Estimamos que, efectivamente, podería ser bastante lóxico que a Xunta adquirise, non soamente ese cadro de Castelao, senón moitos máis. sabemos que Castelao tivo unha serie de cadros e de debuxos que forman xa parte da cultura colectiva dos galegos. Eu estou seguro que todos vostedes coñecen a inmensa maioría das súas viñetas e dos seus debuxos, cada un dos cales é un auténtico tratado sociolóxico do que era a Galiza de entón. Non vamos a entrar se ese é o cadro que ten que comprar a Xunta, se debería compralos todos, se ao mellor habería que comprar outros....Ese, concretamente, estimamos que si que debería ser comprado pola Xunta. Tamén se fala de comprar a casa natal. Tamén é unha cousa que se pode discutir, en todo caso sempre é unha decisión que corresponde á Xunta de Galicia; pero *bueno*, aínda que sexa discutible, a verdade é que pensando nos millóns e millóns de euros que se levan tirado nunha ocorrencia como é a Cidade da Cultura do Gaiás en Santiago de Compostela; pois pensando nesa cantidade de millóns tirados sen sentido, tería moito máis sentido comprar efectivamente a casa de Castelao, así como as vivendas doutros insignes escritores, intelectuais ou políticos galegos

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

para destinalos a espazos culturais. Tamén vemos que iso tería certa lóxica, sobre todo establecendo esa comparación. Logo, tamén a moción do Bloque fala de instar ao goberno galego a divulgar o coñecemento da multifacética obra de Castelao. Efectivamente, el era médico, debuxante, escritor, mesmo músico (saben que ata fixo pezas coñecidas musicais). De todas formas, nós ímonos abster seguindo o noso criterio habitual de absternos naquelas cousas que, sendo meras instancias, digamos non involucren de xeito específico e concreto á provincia de Ourense. Esta é unha cuestión que debe ser resolta -abrange ao país galego en xeral-, debe ser resolta na Xunta de Galicia. Non é unha cousa, como digo que involucre a Ourense ou a súa provincia, en sentido estrito, entón seguindo o noso criterio, que xa temos anunciado repetidamente, ímonos abster; deixando constancia de que si nós tivéssemos representación na Xunta, que é onde finalmente se terá que dirimir esta clase de cousas, votariamos totalmente a favor destas cousas. Nada máis de momento.

**D.<sup>a</sup> Isabel Gil Álvarez, do Grupo Socialista:** moitas grazas señor presidente. Bos días señores e señoras deputados e demais persoas que nos acompañan. En primeiro lugar cabe dicir que esta moción ten mellor encaixe no Parlamento de Galicia que aquí; toda vez que se refire a unha cuestión que excede os límites da nosa provincia e atinxe ao noso país. Sen embargo, dende o Grupo Socialista comprendemos a necesidade de defender a figura de Alexandre Bóveda en tanto que ourensán e deputado por esta provincia, pola Fronte Popular Galega; aínda que a súa obra e actividades estean relacionadas co conxunto de Galicia. Tal é o caso de Castelao, pero, ao contraio, o rianxeiro de pro mantivo unha especial relación coa nosa provincia; sendo unha das persoas que colaborou no primeiro número da revista *Nós*. A vangarda do galeguismo e do nacionalismo non se entenden sen Ourense, concretamente sen esta cidade. Indo ao miolo da cuestión, falemos da necesidade de defender a obra dunha das persoas que máis achegou política, artística e literalmente ao noso país, Afonso Daniel Rodríguez Castelao. Como defendeu a prestixiosa e coñecida sociolingüista, ademais de escritora, política e investigadora, Pilar García Negro non podemos patrimonializar a Castelao, non podemos apropiarnos da súa figura nin da súa obra, non podemos facer del unha vítima das súas caricaturas. O noso deber, para unha das figuras do galeguismo, é dar a coñecer e divulgar a súa obra, pero iso si, sen censuras; suxeita á subxectividade de quen está a valorar pero sen mentiras. A obra escrita, artística, e mesmo o seu legado político, axúdanos a comprendernos como pobo, como identidade e suxeito histórico. *A derradeira lección do*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

*mestre* fala de quen fomos durante a ditadura, durante a Guerra Civil. Fala de tres anos terribles de conflito e de 40 anos posteriores de escuridade e de terror. A obra de Castelao ten dúas vertentes, e as dúas vertentes foron obviadas polo presidente da Xunta, quen di representar a todos os galegos e galegas. Ten unha vertente colectiva marcada pola simboloxía que representa a todos aqueles mestres –como ben retratou Cuerda no seu filme *A lingua das bolboretas*- que practicaban e defendían una ensinanza libe, laica e democrática que abría os ollos dos nenos e das nenas da aldea que enchían o espírito coas súas ensinanzas e que lles facían crer aos cativos que era mellor ler que non só ir ao monte coas vacas. Castelao expresa o dor pola perda da ilustración do saber que supón a chegada dun réxime fascista e totalitario. Sen dubidar da capacidade do presidente, onde todos e todas nós vemos unha defensa dunha ensinanza libre, crítica e democrática, el simplifica e di que é unha defensa da ensinanza sen máis cal for. A outra vertente de Castelao fala dun caso concreto, pero non por iso menor. Fala dun ourensán, de Alexandre Bóveda, a quen asasinaron despois dunha fraude de xuízo para calar a súa voz, pero non o seu legado. Iso é o que intentou facer o presidente, obviar que se trata dunha figura imprescindible do nacionalismo galego. Eu tampouco milito na nacionalismo, sen embargo non podo censurar, e ao mesmo tempo crer, o feito de que persoas como Bóveda e Castelao achegaron grandeza ao noso patrimonio cultural, identitario e político. Retomo á profesora García Negro que defendeu, no 2015, unha iniciativa legislativa popular no Parlamento de Galicia sobre o dereito ao coñecemento e á contemplación de Castelao polo pobo galego - que o Partido Popular votou en contra - para sinalar que nunca é demasiado tarde para aceptar que Castelao ten moito que nos amosar, ten moito que nos ensinar e ten moito que nos ilustrar. Por agora nada máis.

**D. Manuel Doval Soto, do Grupo Popular:** moitas grazas señor presidente de novo. A chegada á nosa terra da obra *A derradeira lección do mestre* foi sen dúbida unha gran noticia para os galegos e para as galegas. Como dixen, para aqueles que estiveron antes aló que agora xa están entre nós; pois os que estiveron aló tiveron a oportunidade de *disfrutar* del durante moitos anos. Manifestar, sobre todo, o noso agradecemento por ter permitido que a obra se expoña na terra nai. Os lexítimos propietarios da obra son os únicos que poderán tomar decisións libremente e seguro que así o farán, tendo en conta quen llo doou e o que representa e, como non, o sentir do centos de miles de galegos da diáspora. Se vostedes pretenden facerse co cadro a calquera prezo, por suposto, non conten con nós. Expropiación, non.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

Tiveron vostedes a oportunidade cando gobernaban na Xunta, ademais tiñan a responsabilidade de cultura de preocuparse por todo o que agora propoñen. Lembro, preferían ir vostedes xunto a un goberno amigo, a Cuba, e gastar 200.000 € en libros, non sei, pois mire vostede como poderían ser dedicados a temas destes. Somos respectuosos coas institucións e co que lexitimamente lles pertence; sexa materia e, como no caso agora de Castelao, tamén o sentimental de todos os galegos e galegas da Arxentina e todos os espallados polo mundo que está moi por riba do material. No referente a outras consideracións que recollen no texto, non entraremos nun debate que nada ten que ver coa obra concreta á que nos estamos a referir. Vostedes son moi dados a mesturalo todo. Xa lle dixemos na comisión que vostedes teñen representación no Parlamento, pero parece que se esquecen ou ¿é que teñen medo de debater alí? ou ¿teñen discursos diferentes alí e aquí? Volven a falar do señor Feijóo do que di e do que pensa; incluso do que vostedes cren que pensa. Repito, díganllo alí, non pretendan que nós lle levamos recados. Voulles a facer unha petición, non pretendan apropiarse da figura de Castelao. A súa figura abrangue máis sensibilidades que a de vostedes e todas lexítimas. No referente a esta institución, que é na que estamos, que é na que podemos falar sobre Castelao, voume referir a elo. O presidente da Deputación ten feito, xa, todo o posible – e estou seguro que o logrará - para que o cadro se expoña en Ourense. Temos a certeza de que Castelao estaría moi ledo e a acollida que o centro ourensán lle prestou sempre llela agradeceu e, como non, o máis incondicional apoio de Rodolfo Prada Chamochín. Permítanme que lea un parágrafo, precisamente, dun discurso de Castelao; unha parte do parágrafo, non vou a lelo todo: *Equí en Bos Aires os ourensanos levantaron este centro que, dende o primeiro día, converteuse nun niño quente onde a galegitude se agochou e cobrou pulos de proselitismo e senso para levar a cabo unha laboura patriótica de grande alento. Os seus catro anos de vida están acogulados de feitos transcendentales, de feitos que, para decote, ficarán rexistrados na historia do noso pobo. Dun pulo o centro ourensano púxose á cabeza da colectividade galega, non soi da Prata; senón de toda América. A irmandade galega viviu no seu seo, os centros provinciais xurdiron ao seu exemplo, os grandes actos patrióticos saíron da súa iniciativa e contaron coa súa enteira colaboración; isto cando non foron obra e exclusiva dela. Pero hai feitos que eu sinto a obriga de poñer de vulto dun xeito especial, a gratitude mándame facelo así. Eu fun nesta casa, non soio cos abrazos abertos, senón con honores de persoeiros da patria galega. Honróuseme cun título de socio honorario e o Centro adicou o meu libro*

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

*Sempre en Galiza que é o meirande servizo que puidera facerme nestes intres tan únicos na vida e para o porvir da terra. O Centro Galego é certamente pola súa institucionalización política, polo seu fino tacto social e pola súa fondura patriótica un fidel trasunto do novo pobo de Ourense. Esta mesma celebración pon á vista de todos de que a laboura dos ourensáns transcende o marco provincial e aínda vai máis aló dos lindeiros de Galiza e de toda a península. Hoxe celebramos o cuarto aniversario do Centro Ourensán, pero a colectividade galega está aquí representada na totalidade dos centros.*

Non sigo lendo, pero creo que con isto é suficiente. Na miña primeira intervención nada máis e moitas grazas.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** grazas señor presidente. Vou a intentar contestar a unhas cousas. Home, dende logo, xa me maliciaba que seguramente non estarían moi de acordo coa exposición de motivos. Con iso xa contaba. De todas maneiras tamén dicirlle que ao mellor chegamos tarde, por moito que aquí quixeramos apoiar isto e saír adiante a iniciativa porque xa foi, a quen preguntaba se este non era o ámbito, que tiña que darse o debate no Parlamento; pois dicirlle que xa se deu. Xa se presentou a iniciativa a través dunha proposta de resolución e por desgraza foi rexeitada. Estamos de acordo en que non se debe patrimonializar a obra nin a figura de Castelao, é que de aí partimos. Pero o que tampouco se pode é esconder, agochar, cambiarlle o sentido ou intentar terxiversar o seu pensamento e a súa obra. De aí vén o que pedíamos de que se divulgue sen censuras. ¡Home! volvemos caer nalgún dos tópicos habituais. Desde logo non pedimos aquí que se lle expropie o cadro aos seus lexítimos propietarios; pedimos que se fagan xestións oportunas para adquirilo, dende logo, seguindo todos as canles legais, oportunas, de negociación, etc..., sempre contando coa súa colaboración. Vostedes tamén nos reprochaban o habitual, por que isto non se fixo no bipartito, porque non se fixo; home, ao mellor daquelas a situación do Centro do Galego era a que é hoxe e sobre o cadro non hai as incertezas que hai hoxe. Entón, eu creo, da igual que na anterior moción, eu penso que isto é algo totalmente asumible. Non vemos ningún problema, se estamos de acordo, en que *A derradeira lección do mestre* é unha obra de referencia para entender a obra recente do noso país, non vemos ningún problema (aínda que *bueno*, vostedes si que o ven, polo que se ve) en que se fixeran xestións para poder adquirir esa obra. Igual que a casa, do concello de Rianxo, de Castelao que sería, loxicamente, dedicada a centro de interpretación ou á

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

exposición ou a figura permanente de Castelao. Desde logo tampouco lle vemos ningún pero a que se lle pida ao goberno galego que divulgue a obra de Castelao e dos eu pensamento a través do seus medios ao seu alcance, na súa xusta medida e reflectindo exactamente o que hoxe nos quedou de Castelo que non son outra cousa que as súas obras, as súas pinturas e o seu pensamento. De momento nesta segunda interpretación nada máis. Moitas grazas.

**D. Armando Ojea Bouzo, portavoz do Grupo de Democracia Ourensana:** algo no que tamén estamos de acordo é que a figura de Castelao transcende as diferenzas ideolóxicas que puideran estar asociadas á cuestión. Antes dicía, na moción anterior dicíamos que transcendían as liortas de ámbito filolóxico que puidera haber e aquí pasa algo parecido. Castelao é un cohesor da identidade galega, un dese elementos, un deses símbolos masa que chamaba Elías Canetti no seu famoso libro. Simboliza na súa propia persoa, na súa propia figura histórica ao pobo galego, ao pobo con maiúsculas. O cadro, efectivamente ten un alto valor simbólico, xa deixando á marxe o debate que se produce en certos ámbitos de se representa exactamente a Bóveda, de se é unha homenaxe a todos os mestres que, polo mero feito de selo, eran xa sospeitosos. Vostedes saben que despois do golpe de Franco, ser mestre xa era ser sospeitoso por defecto. Entón, ese cadro si sería unha homenaxe a todos os mestres. Ou se sería unha homenaxe en xeral a todas as persoas que sufriron, dunha maneira ou outra, ben coa morte inxusta, ben co exilio como foi o seu caso -ou doutras maneiras- a persecución que se deu en Galicia dende logo; porque saben que o golpe triunfou desde o primeiro momento en toda esta zona noroeste da Península. Efectivamente, pensamos que o cadro e o seu valor simbólico merecería que pasase a ser de titularidade pública; ao mellor non só ese cadro, ao mellor outra moitas cousas del, pois todos saben que o Museo de Pontevedra ten unha sala específica con todas as cousas de debuxos, as súas gafas, a súa maleta, etc...que están no Museo. O ámbito público, ao mellor, debería facerse con máis cousas del por ese valor que ten de cohesión da identidade dos galegos. Tamén xa dixen que a casa natal, aínda que sexa unha cousa a discutir, pois comparando cos cartos que se tiran, puxen o exemplo concreto do Gaiás, pero non sería o único exemplo. Dende logo o de divulgar e dar coñecemento á multifacética obra de Castelao a través do sistema educativo, pois, iso dende logo porque se se potencia a figura de Cervantes, ou de Góngora, ou de Pérez Galdós, ou de quen sexa; pois a obra de Castelao loxicamente con moito máis motivo na nosa comunidade,

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

no noso país, entendendo nese sentido como país galego. Sen embargo, repetir que por ser coherentes coa nosa postura habitual de absternos naquelas cuestións que consistan en meras instancias a outras administracións e que non involucren especificamente á provincia de Ourense; absterémonos e recordando, como xa dixen na miña primeira intervención, que se tiveramos representación no Parlamento de Galicia que é onde, en última instancia, terán que dirimirse estas cousas, votaríamos a favor porque estamos completamente, como acaba de dicir, a favor da moción. Sen embargo, absterémonos por esa coherencia da que falaba antes.

**D.<sup>a</sup> Isabel Gil Álvarez, portavoz do Grupo Socialista:** si, moitas grazas. Abandonemos a superficialidade e os actos rimbombantes para recoñecer que, tanto Castela como Bóveda, alumearon o camiño dos noso sentir como galegos e galegas. Esta obra merecía ser recibida como unha contribución impagable á nosa memoria histórica. O mestre Castelo ensina, a través doutro mestre, quen fomos e onde nunca debemos volver. Por suposto que vamos a apoiar a moción, como non podería ser doutra maneira. Moitas grazas.

**D. Manuel Doval Soto, portavoz do Grupo Popular:** moitas grazas señor presidente. Eu creo que é un fito histórico que (ao goberno galego vostedes poden criticalo, evidentemente ;como non o van a criticar!, é o goberno do señor Feijóo e hai que criticar todo o que di, todo o que fai e todo o que pensa., paréceme ben, vostedes son oposición e así o fan; entón cando aquí din, alí o fan... bueno, eu quero velos cando vostedes gobernen) chegue a Galicia, que teñamos oportunidade os que non fomos alá de gozar do cadro, que consigamos que veña a Ourense. Pois eu creo que é moi importante. Vólvolle a repetir, durante o goberno bipartito, a pesares de que vostedes tiñan (utilizaron a retórica nacionalista sobre a figura de Castela) non se preocuparon de traer nin de iniciar ningún tipo de xestión para mostrar aquí a obra mestra de Castela. Agora si o din. Nestes momentos estamos ante unha cesión temporal do Centro de Galicia de Bos Aires que é o seu lexítimo propietario. O cadro non está en venda, esta obra forma parte do Centro de Galicia, polo tanto non podemos expropiar aos galegos de Bos Aires; senón amosar o noso máximo respecto e a vontade do Centro é cumprir o acordo que asinou a Xunta co Centro para a súa cesión. Por certo, vostede fala incluso da expropiación se podería ser legar; pero, dende logo, nunca lexítima. A Xunta de Galicia trouxo *A derradeira lección do mestre* a Santiago de Compostela; pero antes de chegar aquí, xa estaba en Galicia. Porque a Galicia universal enténdese máis alá da Galicia xeográfica; incluso as colectividades galegas do exterior, xa sexa a de Bos Aires, a de Montevideo, ou a de Caracas, ou a de calquera lugar

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

do mundo. Debemos de ser respectuosos coa vontade dos galegos de Bos Aires que son parte do noso país e un capítulo fundamental da historia do noso pobo. En relación á casa museo de Castelao, en Rianxo, actualmente atópase en mans privadas. A Xunta de Galicia non ten indicios de que estea á venda; no caso de que estivera, valoraríanse –segundo a información que temos– as diferentes vías de actuacións. En canto a difundir a obra de Castelao, desde logo –de Castelao e doutros ilustres galegos– nunca estará de máis que a súa obra se espalle pola nosa terra e por alí onde estea un galego. Non obstante, existen iniciativas públicas e privadas de asociacións que lévano facendo. Castelao está presente nos currículos educativos; existe una fundación que leva o nome do rianxeiro coa que a Xunta de Galicia colabora economicamente e institucionalmente; a Xunta de Galicia mantén a entrega anual das medallas Castelao; editoriais privadas publican as obras de Castelao e sobre Castelao de maneira regular. No ano 2014, a conmemoración da publicación da emblemática obra *Sempre en Galiza* foi obxecto de atención destacada por parte da Xunta, o Parlamento de Galicia e o Consello da Cultura Galega. Na páxina web da Corporación Radio Televisión de Galicia pódense consultar os numerosos espazos dedicados, ata o momento, á figura de Castelao; programas especiais, entrevistas, noticias, etc... Iso non quere dicir que iso pare aí, senón que merece a pena seguilo espallando e potenciando; non soamente o de Castelao, senón o de todos os galegos e galegas, os de aquí e acolá, que tanto fixeron, como vostedes saben pola nosa cultura e pola nosa edificación como pobo. Voulles a ler aquí tamén, don José María Vila Alén manifesta, que é o presidente do Centro Galego, di: *o cadro de Castelao non está á venda* –dígoo en galego- *como no lo está la Catedral de Santiago*. Iso é o que hai, polo tanto primeiro haberá que esperar que a vontade dos propietarios, os lexítimos propietarios do cadro, decidan se o queren vender. Tamén despois, en caso de que se venda, efectivamente, terá que ser propiedade de todos os galegos e de todas as galegas; por suposto de ninguén en particular. Nada máis e moitas grazas.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** grazas señor presidente. Si, moi brevemente. Eu tamén lle vou a pedir, igual que vostede facía antes noutro punto da orde do día, que non reinterprete o meu discurso. Entón volvemos ao argumento manido do bipartito. O bipartito estivo no poder, estivo no goberno da Xunta, tres anos e pico; antes do bipartito, ¿cantos anos estivo o señor Fraga? Despois do bipartito o señor Feijóo leva 10 anos. Tamén, vostedes, ¿que querían que en tres anos fixeramos todo o que vostedes non

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

fixeron en toda a vida? Entón tamén me parece o argumento habitual que utilizan vostedes nestes casos. Despois, simplemente como resumo, nós o que pedimos é que, dende logo, non se reescriba a historia como pretendeu facer o señor Feijóo, que non se reescriba a historia, que non se reinterprete a historia; senón que se transmita sen censuras e divulgar a obra de Castelao sen deturpala. A obra, o pensamento de Castelao eu creo que o temos todos clarísimo cal é; pois que non se intente reescribir ou reinterpretar ao gusto, á conveniencia de quen o fai. Nada máis, lamentamos, ao igual que lamentamos que no Parlamento de Galicia non saíra adiante a iniciativa, pois lamentamos tamén que vostedes aquí non presten apoio a esta petición, nada máis e moitas grazas.

O contido íntegro das intervencións transcritas anteriormente recóllese no punto 11º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 11º](#).

Non se producen máis intervencións someténdose a votación a moción, que é rexeitada ao obter o voto favorable do Grupo Socialista (8) e do BNG (1), o voto en contra do Grupo Popular (13) e a abstención de Democracia Ourensana (2).

**12º.- MOCIÓN DE URXENCIA.-** Non se presentan.

**13º.- DACIÓN DE CONTA DAS SEGUINTE RELACIÓNS DE DECRETOS:**

Para cumprir co establecido no artigo 62 do vixente Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Entidades Locais (aprobado por Real Decreto 2568/1986 do 28 de novembro, e publicado no BOE do 22 de decembro), dáselle conta ao pleno das seguintes relacións de decretos:

- Presidencia: mes de setembro de 2018.
- Deputado delegado de Facenda: mes de setembro de 2018 e dos seguintes adicionais: 3º de maio, 2º de xuño, 1º de xullo e 1º de agosto de 2018.
- Deputado delegado de Administración Provincial: mes de setembro de 2018 e do 1º adicional de agosto de 2018
- Deputado delegado de Cooperación e Seguimento do Mandato 2015-2019: mes de setembro de 2018.

Os membros da Corporación quedan informados.

**14º.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Nesta quenda prodúcese as seguintes intervencións:

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

**Sr. presidente:** consta a presentación, en primeiro lugar, dun escrito do voceiro do Grupo Socialista, para formular e respostar oralmente neste pleno do 26 de outubro de 2018. A primeira delas por parte do deputado Vicente Gómez, ten a palabra.

**D. Vicente Gómez García, do Grupo Socialista:** bos días a todas e a todos. A pregunta é a seguinte: o ano pasado, o presidente desta Deputación comprometeuse a conceder unha subvención ao Festival Internacional de Curtas que se celebra en Verín. A día de hoxe nada se sabe desta axuda. ¿Ten pensado realizar esta achega? Tamén sobre isto mesmo, este ano tamén se vai realizar este mesmo evento cultural, aló polo mes de decembro, polo que a cuestión é ¿van destinar unha subvención para axudar no financiamento deste festival en 2018?

**Sr. presidente:** moitas grazas. A resposta, tal e como sinaléi diante deste Pleno, é que é vontade desta Deputación apoiar este festival de curtas. Daquela estabamos esperando unha memoria do Concello de Verín en relación co orzamento estimado e o que si lle temos que dicir é que está previsto concederlle unha axuda importante, mediante unha subvención nominativa que comprenda todas as edicións que celebraron ata o momento. Tamén lle digo que entra dentro da estratexia cultura, na nova etapa que comeza en 2018 coa organización do Festival de Cine Independente de Ourense o establecer canles de colaboración, tamén económica, con toda aquel festival, como este e como o de Verín, como noutros puntos da provincia onde tamén acontecen eventos de similares características. A seguinte pregunta correspóndelle ao deputado Miguel Bautista, ten a palabra.

**D. Miguel Bautista Carballo, do Grupo Socialista:** bos días señoras e señores deputados. En vista de que pasou un mes desde que formulei unha cuestión relacionada co arranxo da estrada de San Agustín (perdón, ía dicir San Vicente) en Viana do Bolo, e unha vez recibida a súa resposta sinalando que na Área de Infraestruturas desta Deputación se estaba a traballar na revisión da valoración do acondicionamento desta estrada para a súa cesión ao Concello e posteriormente acordar as achegas económicas que corresponderían a cada parte integrante do futuro convenio ¿pode informarme do estado das xestións realizadas ata ese momento e en que sentido se avanzou nesta cuestión?

**Sr. presidente:** moitas grazas. Vou dar lectura ao informe da directora da Área de Infraestruturas desta Deputación, dona Marta Docampo González, en relación coa solicitude que formula e en relación coas xestións realizadas ata este momento para a cesión da estrada

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

de San Agustín ao Concello. Dicirille que con data 10 de outubro de 2018 (hai uns días) o director xeral territorial da zona noroeste da empresa Endesa SA, envioulle ao deputado de Cooperación copia dun borrador de convenio para asinar entre as partes. Este borrador estaba pendente da valoración económica do proxecto para poder fixar as achegas económicas por cada unha das partes. A revisión da valoración para o acondicionamento dos camiños foi rematada pola Área de Infraestruturas o 22 de outubro de 2018 (hai uns días) e nos próximos días terá lugar a convocatoria dunha nova reunión entre as partes, para falar do borrador e das achegas económicas que achegará cada unha das partes asinantes ¿algunha cuestión máis?.

**D. Miguel Bautista Carballo, do Grupo Socialista:** quería lle facer un rogo en relación a esa resposta. E para ver se entón recibía á comisión esa que representa a todos os grupos políticos e lle comentara esta situación, se é posible.

**Sr. presidente:** por suposto, está previsto. Hai uns días que se fixo a valoración pola Área de Infraestruturas, nos próximos días así contaremos con eles e están convocados a esa xuntanza. ¿Algunha outra pregunta ou cuestión? BNG.

**D. Ramiro Rodríguez Suárez, portavoz do BNG:** grazas. Si Sr. presidente, eu teño unha cuestión que vén a consecuencia dunha pregunta, rogo, denuncia ... que fixen, se non lembro mal, no pleno de xuño e era a respecto do catálogo *In Tempore Sueborum*, no que nos preguntabamos e denunciabamos a situación dalgúns que colaboraron, algúns profesionais que colaboraron na elaboración do catálogo e que non cobraran. Ben, pois a setembro deste ano aínda non cobraron e están xa pensando en levar o tema á vía xudicial. Entón quero pedir ou reiterar porque nin se solucionou o tema nin a nós se nos fixo chegar a información que solicitamos naquela pregunta naquel pleno. Entón rogaría que nos fixeran chegar a información que solicitamos e que, en todo caso, lle dean saída a esta situación e a arranxen o antes posible.

**Sr. presidente:** moitas grazas. Tomo nota dese rogo ¿algunha pregunta máis? Si.

**D. Miguel Bautista Carballo, do Grupo Socialista:** grazas. Un ano e un mes despois, foi en setembro de 2017 que o Grupo Socialista presentou unha moción en defensa da área sanitaria de Valdeorras, e que o Grupo Popular votou en contra posto que defendía (xa non sei se hoxe o defende) que a eliminación da área sanitaria de Valdeorras ía supoñer melloras na asistencia sanitaria, observamos que estes días como ata a xustiza desautoriza ao propio SERGAS. Na sentenza do Xulgado do Contencioso-Administrativo n.º 1 de Ourense, indícalle

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

claramente ao SERGAS que non pode esixir que se presten gardas localizadas no Hospital Comarcal de Valdeorras a profesionais médicos do Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (por certo, algún deputado aquí díxome: non agora van os médicos de Ourense para o Barco). O xulgado dille ao SERGAS que as gardas localizadas levan consigo a esixencia de presentarse no hospital nun prazo máximo de 15 ou 20 minutos, e o hospital do Barco está a 115 quilómetros. É moi difícil que se poida chegar ao Barco en 15 minutos. Entón, en relación con isto, a pregunta é ¿vostedes hoxe en día están de acordo en que a nova creación do EOXI foi algo importante para a Comarca de Valdeorras? Non se ría porque vostede foi un dos que o dixo, Sr. Rosendo, vostede dixo que grazas ao EOXI.

**Sr. presidente:** faga a pregunta en relación co EOXI.

**D. Miguel Bautista Carballo, do Grupo Socialista:** digo se o Partido Popular aínda está a favor da creación do EOXI e do maltrato que lle están dando á Comarca de Valdeorras. A outra é tamén en relación cos médicos de Valdeorras. Mire, en Vilamartín xubilouse un médico, e grazas á presión do alcalde e dos veciños houbo un novo médico. Está a pasar en Rubiá, un sitio onde goberna o Partido Popular, acábase de xubilar o médico e seica o SERGAS non di nada. No só isto, senón que está a desmantelar nos concellos do rural o servizo de medicina, o médico de familia. Entón volvemos insistir ¿o Partido Popular vai defender ante o SERGAS que non se desmantele nos concellos do rural os médicos de familia? E a última, máis que unha pregunta é sobre o tema do lixo. Os concellos que temos na Deputación o servizo do lixo, a Deputación ten unha taxa, e polo que me din o único concello que a está a cobrar é o Concello de Petín, e teño rebotado ao cura e a algún máis, e ao Bispado de Astorga, porque eu debo ser o único que cumpre coa normativa. A taxa da Deputación di que hai que cobrar por cemiterios. Entón a miña pregunta é a ver se eu podo facer unha excepción para non cobrar esa taxa que me di o cura que lla cobro. Hai que facer unha excepción. Entón señores, fagan vostedes a excepción, para non lla cobrar, porque senón os legais somos nós e os ilegais son todos os demais. Grazas.

**Sr. presidente:** en relación coas súas dúas primeiras preguntas ou demandas darémoslle traslado desde a Deputación Provincial a administración sanitaria. E con respecto a terceira, pediráselle un informe á Área de Medio Ambiente e lle será oportunamente remitido por escrito ¿algunha outra cuestión? Se non hai levántase a sesión. Moitas grazas e boas tardes.

<b>Acta da sesión ordinaria do Pleno do día 26 de outubro de 2018</b>
---

O contido íntegro das intervencións transcrictas anteriormente recóllese no punto 14º da vídeo acta da sesión, dispoñible no seguinte enlace: [ver punto 14º](#).

E, ás 14.50 horas do día 26 de outubro de 2018, o Sr. presidente deu por rematada a devandita sesión ordinaria do Pleno da Deputación de Ourense, da que se redacta a presente acta, que se asinará segundo o legalmente establecido. Dou fe.

**O PRESIDENTE,**

**O SECRETARIO,**